

burela

O Concello amplía o estacionamento cun novo aparcadoiro municipal. **Páx. 11**

trabada

As obras na escola de Valboa e na área recreativa da Chozas reforzan o compromiso municipal. **Páx. 13**

a pontenova

Tres días de feira, motores e memoria colectiva converterán á vila nun punto de encontro. **Páx. 15**

cervo

O Goberno local impulsa un amplo plan de obras para modernizar o municipio. **Páx. 23**

mar

As Xornadas Técnicas de Ceileiro reunirán ao sector pesqueiro estatal. **Páx. 26**

Nova EDAR de Forxán

O proxecto, financiado con fondos europeos e de Augas de Galicia, mellorará a calidade da ría e completará o saneamento antes de 2026



Forus Foz retoma o debate sobre a vila

O colectivo retoma a súa actividade para analizar os principais retos do municipio. **Páx. 7**

Novo ciclo de entrevistas: A voz dos alcaldes

O rexedor de Ourel inaugura un ciclo de entrevistas previas á cita electoral de 2027. **Páx. 24**

Asfanemor



A nova asociación busca visibilizar, apoiar e crear espazos inclusivos. **Páx. 4**

David Catá



O creador viveirense une música, corpo e memoria nunha obra íntima. **Páx. 12**

Xulio Villarino



O presidente do Club Parapente Ferrol fala sobre paixón e disciplina no aire. **Páx. 29**

A Deputación presenta os Orzamentos

As contas provinciais soben un 3,5 % e reforzan o apoio ao rural e aos concellos. **Páx. 27**

AGENDA CULTURAL DE GALICIA


Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA

www.ocioengalicia.com

A comarca consolídase como motor da acuicultura galega



Aba Taano levará o seu góspel africano por toda a provincia

horas na Sala Bahía, com entradas a 12 euros disponíveis em gíglon. com ou na billeteira. Unha oportunidade para sentir a forza e a espiritualidade do auténtico góspel africano.

As oficinas de turismo da Mariña estean imaxe renovada

ca A Mariña Lucense 2022-2024, centrado na mellora da imaxe e na transformación dixital. López lembrou que xa se avanzara neste camiño coa ferramenta Infotourist Net, o uso de tabletas e a formación en marketing dixital. O plan, cofinanciado pola Secretaría de Estado de Turismo, Turismo de Galicia e a Mancomunidade, busca consolidar a Mariña como un destino sostible, moderno e conectado, baseado na calidade e na cooperación institucional.



**INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA**

**EXTENDEDOR
DE SILO
MODELO
VIMIANZO
CON BOMBOS
GALVANIZADOS**



**CUIDAMOS EL
BIENESTAR
ANIMAL**



**ENCAMADORA DE CUBÍCULOS
DE 0,7m³, 1m³, 1,7 m³ Y 2.1m³**



**ENCHILLA
MAÍZ
MODELO CORISTANCO**



**ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO
DE RECAMBIO AGRÍCOLA**



**TRITURADORAS SERRAT AGRÍCOLAS,
FORESTALES, BIOMASA...**



**MAQUINAS Y
RECAMBIOS
LEMKEN**



**¡CONSÚLTANOS SIN
COMPROMISO!**

**RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS
AUTONIVELANTES
DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR.
TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.**



www.corbarsll.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Poligono Ind. 0 Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com

Tomé inicia o ciclo de reunións comarcais para coñecer as necesidades



O PSdeG da provincia de Lugo iniciou no Valadouro un ciclo de reunións comarcais coa participación do secretario xeral, José Tomé Roca, e da vicesecretaría xeral, Pilar García Porto. No encontro, no que tamén estivo a coordinadora comarcal María Loureiro, abordáronse cuestións clave para a Mariña como a situación industrial, a sanidade, o transporte público e o mantemento dos servizos básicos, ámbitos nos que os socialistas reclaman á Xunta “unha resposta seria e planificada”. Tomé Roca explicou que estas reunións permitirán “escoitar á veciñanza e ás agrupacións locais para elaborar programas realistas e útiles”, avanzando que o partido

xa traballa na preparación do próximo ciclo electoral. O líder socialista afirmou que un dos obxectivos é “recuperar Viveiro”, tras o que cualificou de “fiasco” a moción de censura do PP, e reforzar o número de alcaldías na Mariña.

Os representantes socialistas denunciaron o deterioro do Hospital da Mariña e a falta de médicos nos concellos, así como a inacción da Xunta ante os problemas económicos e de infraestrutura da comarca. Tomé Roca reclamou “impulsar a vía de alta capacidade que conecte toda a Mariña con Ortegá e Ferrolterra” e destacou a vontade de “fortalecer o partido dende abaixo”.

Xove, Ribadeo e Trabada, en alerta pola expansión da gripe aviar

A Consellería do Medio Rural vén de anunciar a aplicación de novas medidas preventivas fronte á influenza aviaria, que entrarán en vigor o luns 10 de novembro, en coordinación co Ministerio de Agricultura e coas comunidades autónomas. O obxectivo é reforzar a protección das explotacións avícolas galegas ante o aumento de focos do virus H5N1 detectados nas últimas semanas en distintas zonas do Estado.

As actuacións afectarán especialmente aos concellos incluídos nas Zonas de Especial Risco (ZER) e Zonas de Especial Vixilancia (ZEV), entre os que destacan Xove, Ribadeo e Trabada, na provincia de Lugo.

En Xove, único municipio lucense declarado Zona de Especial Risco, aplicaranse restricións máis estritas: prohibese criar aves ao aire libre, salvo en instalacións con medidas de bioseguridade que eviten o contacto coas aves silvestres; non se poderán celebrar feiras, mercados nin concentracións avícolas, e tamén se impide o uso de aves acuáticas como reclamo de caza. Ademais, a auga empregada nas granxas deberá proceder de fontes



protexidas ou tratadas, e reforzase a protección dos depósitos exteriores para evitar contaxios.

Nos concellos de Ribadeo e Trabada, incluídos nas Zonas de Especial Vixilancia, implantarase un control adicional sobre o movemento e a limpeza das explotacións, así como a obrigatoriedade de comunicar de inmediato calquera sospeita de enfermidade aos Servizos Veterinarios Oficiais.

A Xunta lembra que en Galicia se detectaron nove focos en aves silvestres desde xullo, e insiste en manter a vixilancia e a colaboración cidadá para evitar a expansión desta enfermidade que ameaza o sector avícola.

A Deputación inviste 750.000 euros en melloras de servizos en Foz e Burela

A Deputación de Lugo destinará 750.000 euros a melloras nas comarcas da Mariña e da Montaña, dentro do seu plan de cooperación cos 67 concellos da provincia. A voceira socialista Pilar García Porto salientou que son actuacións “que repercuten directamente na calidade de vida da veciñanza”.

Na Mariña, aprobáronse dous convenios cos concellos de Foz e Burela, con 250.000 euros para cada municipio. En Foz, o investimento servirá para renovar o céspede artificial do campo de fútbol de Malates, moi usado por clubs locais e categorías base. O novo material será de última xeración e incluírá un sistema de rego renovado. O orzamento total ascende a 315.071 euros, dos cales o Concello achegará 65.071. En Burela, a achega provincial permitirá cubrir a Praza da Mariña cunha estrutura de madeira e metal de 400 metros cadrados, con lucernarios e protección fronte á choiva e o vento. O investimento total ascende a 372.670 euros, con 122.670 de achega municipal. García Porto destacou que estas obras “impulsan a cohesión social, a economía local e a sustentabilidade”.

Cervo e Ribadeo reforzan o seu compromiso co medio ambiente

Os concellos de Cervo e Ribadeo veñen de ser distinguidos coa Bandeira Verde de Galicia, un galardón outorgado pola Xunta que recoñece aos municipios máis comprometidos coa sostiñabilidade e a protección do medio ambiente.

A alcaldesa de Cervo, Dolores García Caramés, e o concelleiro de Medio Ambiente de Ribadeo, Diego Dos Santos, recolleron os distintivos nun acto celebrado no Pazo de Mos, presidido polo

titular da Xunta, Alfonso Rueda, e pola conselleira de Medio Ambiente, Ánxeles Vázquez.

En Cervo, o premio distingue medidas como a eficiencia enerxética en edificios públicos, a reforestación con especies autóctonas ou o fomento da compostaxe doméstica e comunitaria. García Caramés destacou que o recoñecemento “é froito dun esforzo colectivo para avanzar cara a un modelo máis sostible e responsable”.

Pola súa banda, Dos Santos subliñou que a distinción é “un estímulo para seguir mellorando cara a un desenvolvemento local baseado no respecto á natureza e na mellora da calidade de vida”.

Con estas distincións, Cervo e Ribadeo consolídanse como referentes ambientais en Galicia, impulsando políticas verdes, de reciclaxe, eficiencia enerxética e conservación do patrimonio natural.

A Mariña brilla no cine galego con “Hippocampus”, no Ourense Film Festival

A curtametraxe “Hippocampus”, dirixida polo barreirense Xaime Miranda e escrita polo valadourés Nuno Pico (Grande Amore), recibiu o premio á mellor produción galega no Ourense Film Festival (OUFF), converténdose nun dos traballos máis destacados do cinema galego actual. Rodada en 2023 en escenarios naturais de Barreiros, combina

unha forte carga poética e introspectiva para explorar temas como a memoria e a identidade. Miranda, xa premiado no Festival de Cans, consolida así a súa traxectoria creativa. Pico destacou que a historia “só podía nacer na Mariña”, rexión que ambos autores reivindicán como fonte de inspiración e talento artístico.

Cuando necesitas energía limpia y accesible, él está aquí

Cree en el Sol

En EDP, creemos que elegir la Tierra conlleva mirar al Sol en busca de soluciones energéticas limpias y accesibles. Porque, cuando elegimos el Sol, elegimos lo mejor para todos.

Descubre cómo ahorrar en [edpenergia.es](https://www.edpenergia.es)

edp

Asfanemor: familias unidas pola neurodiversidade

Unha asociación que nace para acompañar, visibilizar e apoiar ás familias de nenos e nenas con necesidades especiais

Por Ana Somoza.

En abril de hai dous anos, un pequeno grupo de nais e pais comezou a dar os primeiros pasos cara a un proxecto que hoxe se consolida como Asfanemor, a Asociación de familias neurodiversas da Mariña e Ortegal. A súa presidenta, Mayte Vázquez García, que tamén é nai de Leo, un neno de case sete anos con trastorno do espectro autista (TEA), explica como xurdiu a iniciativa: “Hai un par de anos outra madre e eu tentamos facer un grupo de familias con pequenos neurodiverxentes, pero non frutificou. E a raíz dunha entrevista que me fixeron nun medio de comunicación empezaron a falarme outras nais e pais, e así puidemos dar o paso”. A primeira reunión tivo lugar arredor do mes de abril, aínda que a constitución oficial da asociación produciuse en agosto.

COMPOSICIÓN. O colectivo nace coa intención de converterse nun punto de encontro e de unión de familias con nenos e nenas que teñen TEA, pero tamén con TDAH, altas capacidades, dislexia, síndrome de Down ou outras condicións que forman parte da diversidade neurocognitiva. Como sinala Mayte Vázquez, “basicamente é un funcionamento diferente neurolóxico. Temos TEAS, TDAH, altas capacidades, dislexia, síndrome de Down e algunha outra”. A presidenta detalla que a creación de Asfanemor responde a necesidades concretas da contorna. “Detectamos a falta de apoios no ocio, porque non hai monitores en campamentos nin noutras actividades. No sistema educativo hai moitos recortes, e na Sanidade faltan profesionais especializados”. A asociación, composta principalmente por nais e pais, tamén conta con algúns colaboradores e profesionais terapeutas. “Somos familias de toda a Mariña, e tamén da comarca de Ortegal, de Cariño, de Ortigueira, e incluso algunha de As Pontes. Estamos todos nun mesmo grupo de unión”, engade.

OBXECTIVOS. Entre os obxectivos de Asfanemor destaca a visibilidade e normalización da diversidade. “Os nosos obxectivos son dar visibilidade, inclusión, normalización e inclusión de todas estas características diferentes. Sobre todo, dar maior visibilidade ás necesidades específicas destes nenos e nenas, así como das súas familias, en diferentes ámbitos como o sociosanitario ou o educativo, e chegar a conseguir apoios para eles”, explica Vázquez García.

ACTIVIDADES. Aínda que a asociación

é recente, xa ten unha planificación de actividades enfocadas á educación, o lecer e o apoio familiar. “De momento temos previsto facer talleres, reunións cos centros educativos, charlas, e nos gustaría contar con terapeutas dentro da asociación. Tamén pensamos en campamentos, monitores especializados para ocio ou actividades de piscina”, comenta a presidenta. A organización interna é tamén un desafío: “Como é moi recente, estamos dúas persoas ao fronte preparando papeleo, buscando o local, etc. En breve teremos as primeiras reunións para comezar a traballar”.

EDUCACIÓN. A relación cos centros educativos da zona é variada. Mayte conta que Leo ten sete anos, un grao 3 de autismo, e recibe apoio dunha coidadora e dunha profesional de Audición e Linguaxe todos os días. Ademais, comparte unha profesora de Pedagogía Terapéutica dous días á semana con outro centro escolar. “Hai un bo ambiente escolar, pero hai moito que traballar e falta moito por facer”, asegura. O mesmo sucede cos servizos sanitarios e sociais. A presidenta describe as dificultades coas que se atopan as familias: “Eu conto cunha tarxeta AA, que indica a necesidade de

“Por agora non, pero a nosa idea é pedir apoio económico a todos os organismos posibles, e esperamos contar con eles”, sinala.

SENSIBILIZACIÓN. A sensibilización social sobre a neurodiversidade mellorou lixeiramente nos últimos anos, segundo a presidenta, aínda que quedan moitos desafíos. “Algo máis si, pero falta moito que mellorar. En xeral, en todos os ámbitos, nos bares, restaurantes, ocio, ou nos parques infantís, os propios pais ás veces non saben como loitar con iso. Por iso son tan necesarias as charlas”, afirma. Non obstante, os prexuízos e estigmas continúan presentes. Mayte describe situacións cotiás que amosan a falta de com-

“A sociedade está algo máis sensibilizada ca hai uns anos, pero aínda falta moito por facer en todos os ámbitos: na escola, no lecer, mesmo nos parques infantís”



atención preferente e a posibilidade de ir acompañada en centros sanitarios para reducir esperas e facilitar a comunicación e comprensión, e nunca tiven preferencia. Fun a Urxencias ou ao Centro de Saúde, e a verdade é que o sistema está bastante carente de profesionais”. No referente ao apoio institucional, Vázquez García confesa que por agora non contan con recursos públicos, aínda que teñen previsto solicitarlle colaboración económica a todos os organismos posibles.

preensión: “O meu fillo é un neno que xa non ten crises nin comportamentos raros. Pero antes, cando tiña unha perrencha ou saía correndo porque vía unha bolsa de patacas pois encántanlle, a xente mirábase raro, ou na praia que a xente se queixa de que tira area, pero é un neno e ao final está xogando. As nais temos que aguantar moitas miradas críticas. Moitas veces teño que ir pedindo desculpas á xente, por travesuras que fai o meu fillo, pero son cousas de nenos”. A percepción sobre o tratamento mediá-



tico da diversidade neurodiverxente tamén suscita preocupación. “Creo que ata que pasa algo grave non. De feito, cando foi o caso da nena que sufría bullying en Xove, non nos chamaron. Ou cando expulsaron a un pequeno dun campamento infantil”, comenta Vázquez García, sinalando a falta de visibilidade e cobertura adecuada. As demandas das familias a administracións locais, galegas e estatais son claras: mellorar a educación e a sanidade. “Que deixen de recortar en Educación e que fagan máis actuacións no ámbito sanitario, necesitamos máis terapias públicas, e tamén nos gustaría ter Atención Temperá, xa que no caso da Mariña, o centro de Burela está desbordado”, expón.

FUTURO. En canto á visión de futuro de Asfanemor, Mayte ten proxectos

quen comeza esta viaxe: “A mensaxe máis importante é que non están sós. Recibir un diagnóstico para a súa filla ou fillo pode ser un momento moi duro e cheo de incerteza, pero hai moitas persoas e recursos dispostos a acompañarlles neste camiño. É fundamental buscar apoio con outras familias”. A asociación traballa, así, non só para mellorar a calidade de vida dos nenos e nenas, senón tamén para fortalecer o tecido social da Mariña e Ortegal. Cada reunión, cada taller e cada charla supón un pequeno paso cara á inclusión real e ao respecto polas diferenzas. Asfanemor quere visibilizar a diversidade, apoiar ás familias e construír un futuro no que todos os nenos e nenas poidan medrar en igualdade de oportunidades. Para Mayte, a esencia de Asfanemor reside en crear unha rede de solidariedade e comprensión: “O máis importante é acompañar ás familias, que se sintan apoiadas e comprendidas. Non queremos que ningunha familia se sinta soa. Cada neno é diferente, cada experiencia única, e cada familia merece respaldo e recursos para afrontar o día a día”. As primeiras actividades xa se empezan a planificar e o entusiasmo é palpable. A presidenta sinala que “temos previsto talleres, charlas, campamentos inclusivos e actividades de ocio con monitores especializados. Queremos que cada neno poida participar e gozar, e que cada familia teña un lugar onde compartir experiencias e aprender”. A ilusión e o compromiso da asociación reflicten a urxencia dunha sociedade máis aberta e sensible, capaz de comprender e valorar a diversidade. Asfanemor representa, ao fin e ao cabo, un exemplo de como a iniciativa de pequenas comunidades pode transformarse nun movemento colectivo, un espazo de apoio, formación e concienciación que aspira a mellorar a vida de miles de familias da Mariña e Ortegal. Cada historia, cada experiencia, cada paso dado cara á inclusión reflicte a determinación das familias e a importancia de construír un futuro no que a neurodiversidade se vexa como unha riqueza e non como un obstáculo.

ambiciosos. “Gustaríanos vernos cun centro de atención a familias con terapeutas colaboradores, contar cun lugar de reunión onde as familias poidamos contar as nosas vivencias e sentirnos apoiadas, ter charlas, campamentos inclusivos, talleres, etc.” As experiencias persoais tamén transforman ás familias que conviven coa neurodiversidade. “Sobre todo a ver o mundo doutra forma. A ser máis empática, tolerante, e a sacar forzas de onde non as hai”, explica a presidenta, quen tamén quere transmitir unha mensaxe de apoio a

NOVAS

foz

A nova depuradora avanza a bo ritmo e estará rematada en 2026

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, acompañou á conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, e a outros representantes da Xunta na visita ás obras da nova estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Forxán, unha infraestrutura clave para a mellora ambiental da ría de Foz. O proxecto supón un investimento de 14,2 millóns de euros, financiado nun 80% con fondos europeos FEDER e nun 20% con fondos de Augas de Galicia, e prevese que estea rematado en 2026. Actualmente están finalizadas as canalizacións de impulsión desde o peirao e avanza o tanque de tormentas do porto e as instalacións principais da depuradora. Quedan por executar o tanque de tormentas da praia de Llas e o novo colector de desague, que se afastará da costa 500 metros para reducir vertidos. Cajoto subliñou que se trata dunha obra de enorme relevancia ambiental e colectiva, esencial



para protexer a ría, declarada LIC e ZEPA, e que transcende gobernos e mandatos. Recordou que o proceso se iniciou en 2008, con sucesivas actualizacións ata o inicio das obras en 2024, tras a expropiación dos terreos.

O alcalde destacou tamén o compromiso co ciclo integral da auga, anunciando un novo contrato que permitirá investir 3,5 millóns de

euros en abastecemento e saneamento, e pediu á Xunta máis colaboración en materia de vivenda social, ante o forte aumento dos prezos do alugueiro en Foz.

Finalmente, agradeceu o traballo técnico e a coordinación das empresas implicadas, resaltando que a obra “avanza a bo ritmo e cun impacto mínimo na vida diaria da veciñanza”.

Derek Pérez, de Ruxe Ruxe, será o rei do Entroido 2026

O espírito do Entroido xa se deixou sentir en Foz coa celebración da gala na que se escolleu á figura que presidirá as festas do vindeiro ano. O acto, celebrado na Sala Bahía, coroou como rei do Entroido 2026 a Derek Pérez, integrante da comparsa Ruxe Ruxe, quen conquistou ao público nunha xornada chea de música, humor e boa enerxía.

Natural de Vilaronte e de 23 anos, Derek presentábase por terceiro ano consecutivo e logrou finalmente o título. Sorprende cun traxe confeccionado pola súa avoa Maruja, que reproducía con esmero a vestimenta que a súa comparsa lucira en 2013. Xunto a el, foron proclamadas damas do Entroido 2026 Cristina Otero Rodríguez e Laura Fanego Fernández, mentres que Icíá Fernández e María Míguez, damas do pasado ano, foron as encargadas de anunciar o resultado, ante a ausencia da raíña Coral Rey.



A xornada, organizada polo Concello de Foz, incluíu maxia infantil a cargo do mago Jorge Lorenzo, música do Dúo Venus e animación de Eventec, ademais dun xantar popular con menú caseiro.

O Concello confirmou tamén que a comparsa As Farangullas será a encargada de pronunciar o pregón do Entroido 2026, que se celebrará o venres previo ao desfile de comparsas. O grupo, ademais, organizará a exposición do Entroido, que abrirá o xoves de comadres cun percorrido pola historia e creatividade desta festa tan arraigada.

de COMPRAS polo COMERCIO da MARIÑA LUCENSE

3 ao 8 de novembro: LOURENZÁ – MONDOÑEDO

10 ao 15 de novembro: RIBADEO – A PONTENOVA

17 ao 22 de novembro: VIVEIRO – XOVE

24 ao 29 de novembro: BURELA

500€ en vales de compra

COFINANCIA

XUNTA
DE GALICIA

COLABORA

ACISA
BURELA

ACAFOS

ACISA
RIBADEOVIVEIROCCH
Centro Comercial Histórico

Melloran a mobilidade urbana con novas vías e renovacións de rúas



O Concello de Foz continúa coa súa aposta pola mellora da mobilidade e dos servizos urbanos con varias actuacións de relevancia. Esta semana abriu ao tráfico unha nova vía nas Lagoas (As Torres), cun investimento de preto de 68.000 euros a través do Plan Deputación 2024. A nova rúa, construída sobre un camiño público e terreos cedidos polos veciños, incorpora unha ampla zona peonil e moderna iluminación. “Era unha zona degradada, sen luces e chea de lixo. Agora é un paso seguro e ben iluminado que conecta coa senda peonil á praia de Llas”, explicou o alcalde, Fran Cajoto, quen destacou que a vía, de sentido único, mellora o acceso ás vivendas e facilita a saída dos vehículos estacionados nas Torres. Tamén se reabriu ao tráfico a rúa Alfonso X, que cambiou o sentido de circulación, e se renovou o firme da rúa Alfredo Brañas, cun investimento de 100.000 euros financiado mediante un con-

venio coa Deputación de Lugo. “Actuamos no importante: no que se ve e no que non se ve”, sinalou Cajoto, quen felicitou á construtora pola axilidade e calidade dos traballos. En paralelo, o Concello está a piques de pechar a contratación doutro bloque de obras incluído no Plan Deputación 2025, cun orzamento de 373.815 euros e adxudicación provisional á empresa OVISA Pavimentos y Obras SLU. O proxecto abrangue melloras nos accesos ao IES de Foz (117.000 euros), na rúa do Mar e Jesús Nazareno (121.000 euros), na rede de abastecemento de Alfredo Brañas e na rúa Concello de Cervo (105.000 euros), onde se instalarán novas redes de pluviais e fecais. Estas intervencións, segundo o alcalde, forman parte dun plan integral “que busca modernizar as infraestruturas municipais e facer de Foz unha vila máis cómoda, segura e funcional para todos os veciños”.

O PP acusa ao Goberno de “abandonar” aos clubs deportivos do municipio

O Partido Popular de Foz acusou ao goberno municipal de Fran Cajoto de manter aos clubs deportivos locais nunha situación de “abandono absoluto”. O portavoz popular, Javier Castiñeira, denunciou que as entidades seguen sen cobrar as subvencións dos anos 2023 e 2024, malia as promesas do executivo de resolver o atraso. Castiñeira lembrou que xa en marzo o PP advertiu desta situación no Pleno, e que o alcalde recoñeceu entón que todas as axudas de 2024 e parte das de 2023 seguían pendentes. “Prometeu pagalas axiña, pero sete meses despois todo continúa igual”, lamentou.

Os populares consideran que o atraso non responde a un problema administrativo, senón a unha “manobra deliberada” para mesturar nun mesmo expediente as subvencións deportivas e facturas con reparos de intervención. Segundo Castiñeira, Cajoto estaría “empregando aos clubs como ferramenta de presión política”. O PP reclama separar os pagamentos en dous expedientes —un para as subvencións e outro para as facturas— e advirte que, se non se fai, votarán en contra. “Os clubs non poden pagar as consecuencias da mala xestión do alcalde”, concluíu o portavoz.

O PSOE aposta por políticas que melloren o benestar da veciñanza

A Agrupación Socialista de Foz reuniu recentemente a súa Executiva Local para analizar as principais necesidades do municipio e definir novas liñas de acción conxuntas co Goberno Municipal. No encontro, os socialistas puxeron sobre a mesa propostas en materia de vivenda, infraestruturas e servizos públicos, poñendo o foco nas políticas que repercuten directamente no benestar da veciñanza. Un dos asuntos centrais foi a problemática da vivenda pública, que o PSOE cualifica de “bloqueo político” debido á falta de investimento da Xunta de Galicia e á negativa de PP e BNG a apoiar a compra do solar de Vialmar. Os membros da Executiva coincidiron en que é necesario acelerar o paso e buscar novas alternativas que permitan superar as resistencias políticas actuais. O obxectivo, segundo explicaron, é elaborar un plan que facilite o acceso a unha vivenda digna, especialmente para a xente moza e as familias con menos recursos. Durante a reunión tamén se abordou a construción dun parque cuberto, unha infraestrutura moi



demandada pola cidadanía e considerada “clave” para mellorar os espazos de lecer e convivencia, sobre todo nos meses de inverno. Os socialistas subliñaron que este proxecto “non só responde a unha necesidade social, senón tamén á aposta por un Foz máis accesible e dinámico”. Outro dos temas tratados foi o reforzo dos investimentos nas parroquias. A Executiva do PSOE agradeceu o apoio do parque de maquinaria da Deputación de Lugo, que permitiu durante os meses de setembro e outubro o asfaltado de camiños en Vilaronte, e insistiu na importancia de que todas as parroquias conten con servizos e dotacións adecuadas, así como cun

mantemento continuo de camiños, alumeados e espazos públicos. Finalmente, o encontro serviu tamén para avaliar posibles melloras na limpeza urbana, tanto no casco urbano como nas zonas costeiras e rurais, especialmente tras as obras de accesibilidade e renovación de servizos realizadas en varias rúas do centro. Desde a Executiva local socialista destacaron que “Foz precisa seguir avanzando con paso firme en cuestións que afectan directamente ao benestar das veciñas e veciños. Apostamos por un municipio que non só creza en poboación ou renda, senón tamén en equilibrio, servizos de calidade e oportunidades para todos e todas”, concluíron.

O municipio recupera a súa tradición muralista



O equipo de Goberno anunciou a creación dun novo mural artístico na fachada do edificio de Telefónica, situado na confluencia das rúas Salvador de Madariaga e Eduardo Pondal. O alcalde, Fran Cajoto, explicou que o proxecto busca recuperar a tradición muralista da vila, responsable de obras tan emblemáticas como Rente ao mar ou As pescantinas. A iniciativa ten tamén un obxectivo de rexeneración urbana, ao transformar unha fachada degradada nun punto de interese visual. O autor elixido é o artista valadourés Xosé Blanco, discípulo de Xosé Vizoso, quen propuxo un mosaico

que represente a alma mariñeira e agrícola de Foz, inspirado no poemario de Manuel María, Versos florecidos en loubanza de Foz. O Concello xa obtivo a autorización de Telefónica e iniciou as xestións con Begasa e R para retirar cableado e adaptar o espazo. Cajoto destacou que o artista presentou dúas propostas “de gran beleza e fonda carga simbólica”. A obra estará lista nas próximas semanas e pasará a formar parte do patrimonio artístico e sentimental de Foz, como homenaxe “a todas as persoas que traballaron no mar e no campo para facer medrar a vila”.

A protectora mellora as súas instalacións grazas ao apoio da Deputación de Lugo

A Protectora de Animais de Foz mellorou as súas instalacións grazas a un investimento de 33.000 euros canalizado pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo en colaboración co Concello. O deputado de Rural, Mar e Mocidade, Daniel García, visitou o recinto xunto a Francisco Xavier Fanego, do BNG de Foz, para comprobar o resultado das obras, que, segundo destacou, “melloran o benestar dos animais e facilitan o traballo das voluntarias”. As actuacións incluíron a creación de novos espazos exteriores delimitados, a pavimentación da entrada de vehículos e a construción dun acceso peonil independente, melloras que incrementan a seguridade e funcionalidade do centro. García destacou o compromiso da Deputación con “un servizo esencial nunha sociedade cada vez máis sensibilizada contra o abandono animal”. A protectora, que actualmente atende arredor de medio cento de cans e gatos, valorou estas melloras como “un impulso moi necesario” para continuar co seu labor e fomentar a adopción responsable.

Forus Foz volve para impulsar un debate cidadán sobre o municipio

O colectivo, presidido por José María García Rivera, retoma a súa actividade co obxectivo de analizar os principais problemas e propoñer solucións prácticas

Por Ana Somoza.

“Hai que empurrar polo noso pobo e non despistarse, porque cando nos despistamos pasan cousas”, advirte José María García Rivera, presidente e voceiro do Foro Rural Urbano e Social, coñecido como Forus Foz. O colectivo, que durante un tempo permaneceu inactivo, decidiu volver á actividade para poñer enriba da mesa cuestións que, ao seu xuízo, están sendo mal xestionadas no ámbito local e comarcal. A asociación, legalmente constituída desde hai anos e con orixe no 2009, naceu —como lembra o seu presidente— “coa idea de mellorar o que temos e de propoñer alternativas sensatas, sen buscar enfrontamentos políticos pero tampouco quedando calados ante o que non funciona”. A súa traxectoria, di, ten unha clara motivación social: “Forus Foz non é un grupo para facer ruído, senón para pensar o que lle convén ao pobo.”

RETOMAR O PROXECTO. O regreso do colectivo non foi casual. “Eramos un grupo moi ben avindo, e volvemos xuntarnos porque estamos vendo cousas que non nos gustan no relativo ao municipio e á comarca en xeral”, explica García Rivera, quen foi alcalde socialista de Foz entre 1995 e 2011. Esa experiencia, reconece, dálle unha visión ampla do funcionamento da administración local: “Cando estiveches ao outro lado da mesa sabes como se toman as decisións e tamén o que se perde cando non se fai nada.” Forus volve con dez membros activos e un obxectivo claro: analizar con espírito crítico os problemas de

Foz e propoñer solucións prácticas. “Queremos facer un labor construtivo”, subliña o presidente, “porque o que está pasando é que se discute moito e se resolve pouco.”

A RESIDENCIA, UN TEMA CENTRAL.

Un dos asuntos que máis preocupa a Forus Foz é a situación da residencia de maiores. “Non nos gustou nada o que se fixo mentres se discutía das normas e das formas de pago”, di García Rivera. “Perdeuse o tempo en cuestións secundarias mentres non se daba o paso de facer unha residencia máis grande, con prazas suficientes.” Desde o colectivo entenden que a competencia é da Xunta, e reclaman que se actúe: “Tiña a obriga de dotarnos dunha residencia en condicións, e mentres tanto ninguén reclama nada porque están enfrascados en se as familias teñen que pagar máis ou menos.” A residencia actual, engade, “é unha miniatura que non responde ás necesidades dunha poboación cada vez máis envellecida.”

MANCOMUNAR. Outro punto clave na súa axenda é o dos servizos públicos. O presidente de Forus pregunta-se “por que hai tantas empresas diferentes para recoller o lixo, o vidro, o plástico, os residuos orgánicos... tanto en Foz como no resto da comarca.” A proposta é clara: mancomunar servizos para reducir custos e mellorar a eficiencia. “Xa o pediamos no seu día e volvemos pedilo agora. Se unificamos a xestión, o recibo do lixo sería moito máis barato para todos os veciños”, insiste. Considera que a fragmentación actual non ten sentido e responde máis a intereses polí-

ticos que ao beneficio cidadán: “Con dez empresas distintas todo é máis caro, máis confuso e máis lento.”

O ABASTECIMENTO DE AUGA.

No mesmo sentido, Forus Foz propón unha solución ambiciosa para garantir o abastecemento de auga en toda A Mariña. “Non entendemos por que non se fai un gran embalse común”, sostén García Rivera. Segundo explica, “os ríos Masma en Foz, o Ouro no Valadouro e o Landro en Viveiro dan para facer un gran depósito que podería abastecer á comarca enteira.” A vantaxe, engade, sería dobre: reduciría os custos e aseguraría o subministro. “A auga podería chegar polo seu propio peso, sen bombas nin sistemas complexos, e ademais evitaríase a perda de toneladas de auga doce cada ano.” A idea é sinxela, resume, “pero para facela hai que ter vontade política e coordinación.”

FISCALIDADE E DESIGUALDADES.

Forus tamén manifesta preocupación polas políticas fiscais que, segundo García Rivera, están a beneficiar aos máis poderosos. “A dereita está facendo unha baixada temeraria do IRPF para os que máis teñen, e iso significa que os máis pequenos acaban pagando máis”, afirma. Desde a súa experiencia municipal, lembra como se equilibraban as contas: “Cando nós estabamos no Concello, calculabamos o que se recadaba de lixo, de obras, do Estado... e se faltaban cartos, había que cargalo a esas taxas, porque os ricos non pagan o que deberían.” Por iso, conclúe, “cada vez que baixan os impostos aos que máis teñen, o peso recae nos de sempre.”



O PROBLEMA DA VIVENDA. Unha das grandes preocupacións do Foro é tamén o acceso á vivenda, especialmente para a xente nova. García Rivera denuncia a falta de entendemento entre os grupos políticos: “O tema da vivenda social non se pode usar como arma para arroxar. O Goberno central non pode facer nada se o Concello non lle cede os terreos.” Para el, o debate entre goberno e oposición “é absurdo e enganoso”. Reclama que se senten a negociar con seriedade: “Que non estean xogando cos veciños. Hai que ser serios, falar e sacar o proxecto adiante.”

PARTICIPACIÓN E DIÁLOGO. De momento, Forus mantén o contacto cos medios como principal vía de comunicación. “Estamos a falar a través da prensa, pero iremos avanzando pouco a pouco: primeiro co Concello e despois implicando a outras entidades”, explica o seu presidente. O obxectivo é crear unha rede de colaboración cidadá que poña por diante os intereses comúns. García Rivera insiste en que “os políticos van e veñen, pero o pobo sempre queda”. Por iso,

anima á cidadanía a implicarse e a non caer na apatía: “Hai que seguir empurrando polo noso pobo e non perder a vista nunca, porque cando nos despistamos pasan cousas malas ou estrañas.” O presidente de Forus Foz non fala con acritude, senón cun ton reflexivo e pausado. Sabe do que fala e transmite a experiencia de quen xa viu pasar moitas etapas políticas. “Os concellos teñen que funcionar con planificación e sentido común, non con improvisación”, repite. No fondo, a mensaxe de Forus Foz é sinxela pero contundente: recuperar o diálogo, pensar no conxunto e traballar por un Foz máis xusto e eficiente. “Non queremos substituír a ninguén”, aclara García Rivera, “pero tampouco queremos quedar calados mentres as cousas se fan mal.” Con dez persoas implicadas de novo e coa intención de abrirse á veciñanza, o colectivo confía en que esta nova etapa sirva para “mover algo” no panorama local. “Non imos facer política partidista, imos facer política cidadá”, resume o seu presidente. E engade, con certa nostalgia: “Cando se deixan de facer as cousas co corazón, o pobo perde o rumbo.”

25N

Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres



Concello de Foz

STOP



A Comisión Viveiro en Festas prepara un novo calendario sobre os San Roques

A Comisión Viveiro en Festas traballa xa na organización das festas de San Roque 2026 e anuncia a elaboración dun novo calendario solidario, dedicado nesta ocasión ás celebracións dos anos 80 e 90. Tras o éxito da edición anterior, centrada nas décadas dos 40 a 70, o obxectivo é preservar e difundir a memoria gráfica da tradición festiva viveirense.

A entidade fai un chamamento á veciñanza para reunir fotografías antigas das festas desa época, como verbenas, desfiles, comparsas, concertos ou actos populares. Recoméndase indicar o ano aproximado e enviar imaxes cun peso mínimo de 500 KB. As colaboracións poden remitirse por correo electrónico a comisionviveiroenfestas@gmail.com, por teléfono no 614191962, a través das redes sociais oficiais.

Desde a organización subliñan que esta proposta permitirá recaudar fondos para as festas e, ao mesmo tempo, recuperar a memoria colectiva de Viveiro. “Queremos compartir recordos e fortalecer a identidade común que nos une arredor de San Roque”, explican.

Con esta iniciativa, a Comisión pretende implicar á cidadanía na conservación das tradicións locais e garantir que as imaxes históricas sigan a formar parte da memoria viva.

Viveiro busca voluntariado para un proxecto de apoio educativo

O Concello de Viveiro, a través da súa Oficina Municipal de Voluntariado, abriu a convocatoria para incorporar novas persoas ao “Proxecto de apoio educativo, lecer e tempo libre”, que se desenvolverá durante o curso 2025/2026. A iniciativa busca axudar a menores en situación de desvantaxe social, ofrecéndolles apoio escolar e acompañamento persoal.

Non se require formación docente, aínda que se valorará experiencia no ámbito educativo ou social. As actividades realizaranse os luns e mércores, de 16:00 a 20:00 horas, con horarios flexibles para facilitar a participación.

As persoas interesadas poden contactar coa Oficina de Voluntariado, situada no Centro de Servizos Sociais, chamando aos teléfonos 982 550 421 ou 604 046 956, ou enviando un correo a mli.voluntariado@viveiro.es.

O PSOE denuncia o deterioro do río de O Martelo

O río de O Martelo, no tramo que vai desde a Estrada de Faro ata a súa desembocadura na Praia de Area, presenta todos os veráns un aspecto que o PSOE de Viveiro considera preocupante. “O leito do río adquire unha cor marrón escura e, coa falta de choivas estivais, desprende un cheiro fétido que alarma aos transeúntes e supón un foco potencialmente insalubre”, explican desde a formación política.

Segundo os socialistas, o problema radica en que a normativa de Augas de Galicia limita a limpeza directa do río. Por iso, o goberno municipal solicitou a intervención dun técnico para avaliar a situación e determinar actuacións posibles. A pesar de que o especialista non puido propoñer unha solución que respectase totalmente a normativa, proporcionou un dato relevante: o estado actual do río está directamente relacionado cunha modificación no seu leito realizada anos atrás polo Ministerio de Medio Ambiente, entón presidido por Jaime Matas (PP).

O PSOE insiste en que, mentres isto

acontecía, tentouse transmitir unha mensaxe de suposto abandono por parte do Concello. “Sen responder á realidade, xurdiu unha campaña que buscaba culpar ao equipo municipal do PSOE”, explican. Para corrixir esta percepción, o delegado para o Mantemento de Praias decidiu informar directamente a veciños e visitantes mediante dous carteis nos que se recollía literalmente a advertencia recibida: “Augas de Galicia non permite ningún traballo de limpeza neste río agás a retirada manual de restos urbanos e vexetación morta”.

Non obstante, durante o pasado verán, e sen consultar previamente á oposición, o goberno local presidido por Mariña Gueimunde retirou os carteis informativos, segundo denunciou o PSOE. “Unha vez máis, como xa ocorreu en cuestións relacionadas coa sanidade, primáronse intereses autonómicos por riba dos veciñais”, conclúen os socialistas, facendo fincapé na necesidade de respectar a información e a transparencia cara á cidadanía.

Caixa Rural Galega continúa a súa expansión na Mariña coa apertura dunha sucursal



Caixa Rural Galega inaugurou a súa nova oficina en Viveiro, consolidando a súa presenza na Mariña lucense e completando a rede de sucursais da entidade na provincia de Lugo, onde suma xa 34 das súas 48 oficinas galegas. A apertura nesta localidade, a máis poboada da comarca que aínda non contaba cunha delegación da cooperativa de crédito, supón un novo punto estratéxico no seu mapa financeiro. O acto inaugural celebrouse ás 19:30 horas e contou coa presenza da alcaldesa de Viveiro, María Carme Gueimunde, da rexedora de Burela e deputada provincial Carmela López, do director xeral Jesús Méndez e do presidente Manuel

Varela.

Durante a cerimonia, as alcaldesas felicitaron á entidade pola súa aposta por Viveiro e polo seu compromiso co desenvolvemento local e o tecido económico da Mariña. Pola súa parte, Varela destacou que a nova oficina ofrecerá un servizo áxil, tecnolóxico e próximo, reafirmando o compromiso da cooperativa con Galicia, o rural, as familias e os pequenos emprendedores.

O evento rematou cunha mensaxe de ánimo ao equipo da nova oficina e cun recordo aos valores fundacionais da entidade: cooperación, axuda mutua e desenvolvemento sostible de Galicia.

O Concello confía en aprobar o PXOM no primeiro trimestre de 2026

O Concello de Viveiro segue avanzando na aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), considerado clave para o futuro urbanístico e económico da cidade. A alcaldesa, Mariña Gueimunde, reuniuse coa directora xeral de Calidade Ambiental, María José Echevarría, e cos técnicos municipais e o equipo redactor OTEA para revisar as correccións pendentes e acelerar a obtención da memoria ambiental, paso previo á aprobación provisional do documento. Gueimunde destacou o carácter “moi produtivo” da reunión e o “gran esforzo” de todas as partes implicadas. Subliñou tamén a colaboración coa Xunta e o traballo rigoroso dos técnicos, que buscan dotar a Viveiro dun plan “seguro xuridicamente e adaptado ás necesidades reais do municipio”. A rexedora confía en pechar a fase ambiental nas próximas semanas para poder elevar o documento a pleno.

Pola súa parte, o PSOE de Viveiro celebrou que o PXOM avance, pero aclarou que non se trata dun proceso novo, senón da



mesma tramitación iniciada hai anos e bloqueada, segundo din, polas consellerías da Xunta. O partido asegura que agora a administración autonómica responde con máis axilidade, mentres antes tardaba meses ou anos. Lembran que o anterior goberno local, con María Loureiro, tamén promoveu reunións e comisións técnicas. Os socialistas consideran que o verdadeiro atraso do plan veu pola “falta de vontade política da Xunta”, e agardan que esta vez se poida aprobar no primeiro trimestre, celebrando que finalmente haxa “colaboración institucional real”.

Pura Salceda, gañadora do VII Premio de Novela Vilar Ponte

O xurado do VII Premio de Novela Vilar Ponte, convocado polo Concello de Viveiro, concedeu por unanimidade o galardón á obra A dous pasos do Edén, da escritora Pura Salceda Carballeda, e nomeou finalista a novela Vera, de Ignacio Vidal Portabales.

Do texto gañador, o tribunal destacou “a habelencia para mergullarnos no límbico mundo hospitalario no que se move o protagonista, un paciente en diálise que rememora unha intensa vida amorosa mentres comparte sesións con outros enfermos”. Segundo a acta, trátase dunha narración onde “vidas diversas converxen nun purgatorio de hospital, tecendo amizades e afectos que fortalecen aos personaxes ante un final ameazante”.

Sobre a obra finalista, Vera, o xurado salientou “a capacidade para introducirmos na vida dunha muller que queda soa cando o seu home marcha de cooperante a África”, valorando a súa fondura emocional e a exploración da soidade, a perda e a



esperanza.

O tribunal estivo integrado por Carlos Nuevo Cal, cronista oficial de Viveiro; Rosalía Morlán Vieites, escritora e enfermeira; e Armando Requeixo Cuba, investigador e crítico literario. Actuou como secretaria M. Rosario San Isidro Franco, do Concello de Viveiro.

O consistorio felicitou ás persoas galardoadas e ao xurado polo seu labor, destacando que o certame se consolida como unha das citas literarias máis relevantes da Mariña lucense.

O Concello de Viveiro renova a sala de musculación da piscina

A sala de musculación e cardio da Piscina Municipal de Viveiro, situada na rúa Chitona, foi completamente renovada coa instalación de novo equipamento deportivo por un importe total de 55.336,69 euros. A actuación tivo como obxectivo mellorar o servizo aos usuarios e modernizar unhas instalacións que acumulaban anos sen actualizacións. O proxecto, segundo explicou a alcaldesa Mariña Gueimunde, saíu a licitación por arredor de 40.000 euros e foi adxudicado finalmente por uns 20.000 grazas a unha subvención da Deputación de Lugo. “Solicitamos outra achega para completar o ximnasio coas máquinas restantes e o novo chan, pero denegáronnola. É unha mágoa, porque o resultado final sería aínda mellor”, indicou a rexedora.

O novo equipamento inclúe unha ponte de poleas multifunción con catro estacións, máquinas de abductores, aduc-



tores, dorsais, deltoides, press de peito e ombreiros, hipthrust, bíceps e tríceps, ademais de equipos de cardio: bicicleta de aire tipo HIIT, cinta de correr, elíptica e dúas bicicletas de ciclo indoor.

Pola súa banda, o PSOE de Viveiro informou da chegada das novas máquinas, lembrando que o proxecto é froito directo da xestión do anterior goberno socialista encabezado por María Loureiro. O grupo destacou que a actuación se enmarca no convenio de 50.000 euros asinado

coa Deputación de Lugo para a renovación integral do equipamento deportivo, ao que se suma a colocación dunha nova deshumectadora cun investimento de 37.279,52 euros.

“O tempo pon as cousas no seu lugar”, sinalaron desde o PSOE, defendendo que todas estas melloras foron planificadas polo executivo anterior. “Mentres o PP e Por Viveiro criticaban sen fundamento, o goberno socialista traballaba para mellorar as instalacións públicas”, engadiron.

A campaña anual de control de gaivotas conclúe con resultados positivos

Viveiro pechou con éxito a campaña anual de control da gaivota patiamarela, desenvolvida entre o 2 de maio e o 29 de xullo de 2025. O operativo tivo como obxectivo limitar a expansión desta especie nas zonas urbanas de Viveiro, Celeiro e Covas, minimizando as molestias durante a tempada de cría.

O informe técnico estima unha poboación reprodutora duns 115 pares —55 en Viveiro, 40 en Celeiro e 20 en Covas—, con 74 parellas detectadas, o que reflicte estabilidade respecto a anos anteriores. Retiráronse 93 niños e 189 ovos, e localizáronse 30 pitos en cubertas revisadas. O servizo, gratuíto para a veciñanza, centrouse na retirada preventiva de niños e ovos antes da eclosión, destinando o material a compostaxe e xestionando os ovos por unha empresa autorizada.

En total, recibiron 30 avisos veciñais, efectuáronse 95 visitas e inspeccionáronse 150 tellados. O informe conclúe que as molestias diminuíron de forma notable e que a poboación de gaivotas se mantén controlada, aínda que se detectaron dificultades en inmobles abandonados. O Concello salienta que esta campaña forma parte dun plan continuo de equilibrio entre benestar cidadán e protección ambiental.

Retirada a modificación da ordenanza de terrazas trala iniciativa dos socialistas



O último Pleno deixou patente un cambio de rumbo político coa retirada da modificación da ordenanza fiscal das terrazas, proposta polo equipo de goberno do Partido Popular. A medida foi finalmente retirada tras a iniciativa do grupo socialista, que solicitou suprimir o punto da orde do día ao considerar que a proposta era “incongruente e pouco xustificada”. Desde o PSOE explicaron que o Concello “xa dispón dun padrón anual que permite controlar a ocupación das terrazas e aplicar as taxas correspondentes”, polo que a creación dun novo censo “non achegaría ningunha mellora real, senón máis burocracia para os hostaleiros e para os servizos técnicos municipais”. Ademais, denunciaron que a modificación introducía un novo período impositivo e obrigas adicionais, como solicitar

prórrogas en decembro, que poderían “xerar confusión e dificultar a planificación dos establecementos”. A proposta tamén incluía un sistema de autoliquidación inmediata, que obrigaría a pagar por adiantado e eliminaría o fraccionamento dos pagos, “un mecanismo que ata agora facilitaba o cumprimento das obrigas fiscais de moitos negocios locais”. O PSOE criticou a falta de diálogo e coordinación interna do executivo, sinalando que “nin o propio concelleiro de Hostalería coñecía as modificacións”. A oposición coincidiu en que “o verdadeiro reto está no control e seguimento das terrazas xa existentes”, e valorou que a retirada da proposta “abre un proceso de diálogo real co sector para mellorar a ordenanza sen prexudicar aos profesionais”.

A Deputación de Lugo apoia a ASPANANE para promover o ocio inclusivo



O Presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e a presidenta de ASPANANE, María Dolores Fernández, asinaron no Pazo de San Marcos un convenio de colaboración mediante o cal a institución provincial destina 6.000 euros ao programa Apoio na planificación e xestión de proxectos de ocio e apoio a persoas con discapacidade intelectual.

Grazas a esta achega, a entidade social poderá contar cun técnico especializado en ocio e tempo libre que se encargará de dinamizar actividades culturais e recreativas adaptadas ás necesidades das persoas con discapacidade intelectual, favorecendo a súa integración, autonomía e participación activa na comunidade.

O programa, que deu comezo o pasado mes de marzo e se prolongará ata decembro, ten como obxectivo principal mellorar a calidade de vida e o benestar físico, social e emocional dos usuarios e usuarias de

ASPANANE, ao tempo que promove a implicación das súas familias. As actividades desenvolveranse tanto no Centro de Día como no Centro Ocupacional que a asociación ten en Celeiro, no concello de Viveiro, e incluírán tamén propostas en datas destacadas como o Antróido, o Magosto e o Nadal. Durante a sinatura do acordo, José Tomé destacou que con este apoio “reafirmamos o noso compromiso coas persoas con discapacidade intelectual e coas súas familias, apostando por un modelo de atención que combina inclusión, ocio de calidade e apoio individualizado”.

A presidenta de ASPANANE agradeceu o respaldo da Deputación e subliñou que “este programa permite mellorar a autoestima, as habilidades sociais e o benestar dos participantes, ofrecendo espazos de encontro e convivencia que son fundamentais para a súa vida diaria”.

A FAROLA

Todos os xoves a partir das 20:30 h
XORNADAS DE COMIDA MADE IN USA

E os sábados a partir das 13:30 h
PAELLA GRATIS CON CADA GOSUMIACIÓN

C/ MARIÑEIRO CHILA 27, BAJO • 27780 FOZ, LUGO • 982 684 106

O PP alerta do déficit en Burela e propón melloras en Os Cotos, Ril e A Casilla

O grupo municipal do Partido Popular de Burela expresou a súa preocupación polo “desequilibrio económico constante” nas contas do Concello, asegurando que o goberno bipartito “gasta máis do que ingresa” e advertindo de que esta tendencia “se converteu xa nun hábito nos últimos anos”. Segundo os populares, Burela pechou o exercicio 2024 cun déficit de 430.106,85 euros, o que o sitúa entre os concellos da Mariña con peor comportamento orzamentario. “Gastouse moito máis do que se ingresou, incumprindo de novo a regra de gasto”, sinalan, lembrando ademais que a rexedora é tamén responsable da área económica da Deputación de Lugo.

Ao mesmo tempo, o PP presentou un paquete de propostas veciñais dirixidas a mellorar infraestruturas en Os Cotos, Ril e o barrio da Casilla, zonas nas que a veciñanza leva tempo reclamando actuacións. Entre as peticións figura a revisión do sinal



de dirección prohibida entre Os Cotos e Ril, para recuperar provisionalmente o dobre sentido da vía ata a súa ampliación definitiva. Tamén reclaman unha revisión urxente da estación de bombeo da Casilla, que provoca verteduras cara a fincas e á praia en días de choiva, e a construción de beirarrúas para mellorar a seguridade peonil. “Non se trata de cuestións partidistas, senón de sentido común e de atender as necesidades básicas da veciñanza”, concluíron os edís populares.

Apoio provincial para dous centros referenciais da vila



A Deputación reforza o seu compromiso co tecido social da Mariña mediante dous convenios de colaboración que suman 15.000 euros e que beneficiarán a máis de medio cento de familias. Un deles, de 3.000 euros, destínase á Fundación Eu Son, presidida por Carmela López, para apoiar o funcionamento do seu Centro de Día, que desde 2012 ofrece atención integral a persoas con discapacidade intelectual de distintos concellos mariñáns. Este recurso presta coidados persoais, seguimento da saúde, terapias ocupacionais e programas de habilidades adaptativas que favorecen a autonomía e a inclusión. O segundo convenio, dotado con

12.000 euros, foi asinado con AFAN Burela e permitirá manter o Centro de Respiro Familiar, un servizo especializado na atención a persoas con alzhéimer e demencias, así como no apoio aos seus coidadores. O presidente da Deputación, José Tomé Roca, destacou que “poucas realidades golpean tanto como o alzhéimer” e subliñou que proxectos como o de AFAN “ofrecen coidado, descanso e esperanza a quen máis o precisa”. Con estas achegas, a institución provincial reafirma a súa aposta por unha provincia “máis humana, máis inclusiva e máis solidaria, onde ningún quede atrás”.

As antigas vivendas dos Castros terán novo uso comunitario

O Concello de Burela iniciou a reforma das antigas vivendas do profesorado situadas na zona dos Castros, cun investimento de 123.237,96 euros e o obxectivo de darlles un novo uso social e comunitario. O edificio, composto por catro vivendas en desuso, será transformado en vinte locais sociais dispoñibles para as entidades xa instaladas —como a ANPA do CEIP Os Castros ou a Asociación Raíces Peruanas— e para novas asociacións que soliciten espazo.

A actuación inclúe a mellora integral do inmovble, con substitución de carpinterías, renovación das instalacións eléctricas, demolición de baños e cociñas, reposición de pavimentos, traballos de pintura e creación dunha soleira accesible. A alcaldesa, Carmela López, destacou que o proxecto busca “ofrecer espazos dignos e accesibles para o movemento asociativo local”, mentres que o concelleiro de Obras, Ramiro Fer-



nández Rey, o definiu como “un impulso clave para reforzar o tecido social de Burela”.

Pola súa banda, o Partido Popular de Burela lembrou que este proxecto “leva o selo do PP” e que fora iniciado durante o seu mandato mediante un obradoiro de emprego financiado pola Xunta, pero quedara paralizado dende 2015. Os populares cele-

bran que o actual goberno o retome, aínda que “cheque con anos de atraso”, e propoñen destinar parte das vivendas a fins sociais, dada a falta de vivenda pública dispoñible no municipio.

Con todo, subliñan que “é positivo recuperar un proxecto útil”, sempre que se adapte “ás necesidades actuais e ás novas demandas da vila”.

Burela celebra a súa gran “Festa da Música” con máis de quince actuacións

Burela prepárase para vivir unha xornada chea de ritmo, convivencia e música coa celebración da “Festa da Música”, que se desenvolverá o sábado 22 de novembro na Praza de Abastos. O evento, organizado pola Banda de Gaitas Dambara en colaboración co Concello de Burela, reunirá a máis de quince grupos e artistas de diferentes estilos nunha cita que se estenderá dende as 13:00 horas ata ben entrada a noite.

No escenario pasarán formacións coñecidas da comarca e doutros puntos da provincia, como AM Santo Inocencio, Banda de Gaitas Dambara, Escola de Música de Burela, O Feitizo, Acordeonistas da Mariña, Asubíos da Chaira, Nuno Pico, Arume, Cova do Can, Raíces Peruanas, Banda do Ortegal, Cordenaiia, Leducia, Batuko Tabanka, Espera que vou mexar, Alex Djimi, Desta Vai e Os do 21. O peche da festa correrá a cargo de DJ Senín, que actuará a partir da medianoite. Ademais das actuacións, a orga-

nización prepara dúas citas gastronómicas para compartir entre o público asistente: un xantar ás 14:30 horas e unha cea ás 21:00 horas, con menú tradicional que inclúe sopa de cocido, xamón cocido, chourizos, patacas, repollo, viño do país, sobremesas caseiras e café. Os prezos serán de 20 euros para adultos e 15 euros para menores de dez anos.

Dende a Banda de Gaitas Dambara destacan que esta festa nace co obxectivo de “celebrar a música en todas as súas formas, fomentar a participación veciñal e poñer en valor o talento local e comarcal”. Pola súa banda, o Concello de Burela colaborará na loxística e no acondicionamento da praza para garantir o éxito da cita, que se prevé multitudinaria.

A “Festa da Música” converte así a Burela nun punto de encontro para artistas e amantes da música, ofrecendo unha programación diversa e un ambiente festivo que promete prolongarse ata ben entrada a madrugada.

Antía Yáñez gaña o premio Raíña Lupa da Deputación da Coruña na categoría infantil



A escritora burelá Antía Yáñez foi galardoada co Premio Raíña Lupa 2025 da Deputación da Coruña na modalidade infantil pola súa obra Bragakadabra.

O xurado, que deixou deserta a categoría xuvenil, destacou por unanimidade “a reflexión arredor da capacidade de superación e do empoderamento persoal” que propón o libro. Nesta edición concorreron 49 obras orixinais, e o tribunal salientou do texto gañador “o humor, a imaxinación, a fantasía e a tenrura” coa que Yáñez constrúe unha historia “chea de sensibilidade e creatividade”. O premio consolida a autora mariñá como unha das voces máis recoñecidas da literatura infantil galega.

Burela habilita 43 novas prazas de aparcamento para a veciñanza

Burela conta desde esta semana cun novo aparcadoiro municipal, situado entre as rúas Leandro Cucurny e José María González Río, que xa abriu as súas portas ao público. O espazo dispón de 43 prazas de estacionamento, unha delas reservada para persoas con mobilidade reducida, e supón un paso máis dentro das actuacións incluídas no Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) do Concello.

A alcaldesa, Carmela López, explicou que “con este aparcadoiro abrimos o primeiro dos novos espazos de estacionamento que temos previsto poñer en marcha nos próximos meses. Trátase dunha mellora pensada para facer de Burela unha vila máis accesible, cómoda e ordenada, tanto para os residentes como para as persoas que nos visitan”.

A rexedora destacou tamén que a apertura deste novo espazo de estacionamento se complementará cun cambio no sentido de circula-



ción da rúa Leandro Cucurny, no tramo comprendido entre Curros Enríquez e Lamestra, que entrará en vigor a partir do martes 14 de outubro. Esta modificación permitirá mellorar a seguridade viaria e optimizar o fluxo de vehículos nesta contorna, finalizando así os axustes previstos nesta zona dentro do PMUS.

Segundo indicou López, “estes cambios de circulación e a creación de novas prazas de aparcamento

axudan a dar resposta a unha das principais demandas da veciñanza, que é contar cun tráfico máis fluído e con mellores opcións de estacionamento no centro urbano”.

A alcaldesa insistiu en que o Plan de Mobilidade Urbana Sostible “non é unha actuación illada, senón unha estratexia integral que busca reorganizar os espazos públicos, favorecer os desprazamentos a pé e mellorar a convivencia entre vehículos e peóns”.

O municipio burelés consolídase como o máis cardioprotexido da comarca

O Goberno local continúa a avanzar na súa aposta pola seguridade cidadá e a saúde pública cunha nova edición das accións formativas en primeiros auxilios e manexo de desfibriladores (DESA). Estas sesións, dirixidas ao persoal municipal, permitirán aumentar o número de persoas preparadas para actuar ante emerxencias, especialmente en casos de parada cardiorrespiratoria. As xornadas enmárcanse na Estratexia de Promoción da Saúde e

Prevención do Sistema Nacional de Saúde, coa que se pretende mellorar a resposta rápida ante urxencias e fomentar o coñecemento práctico en materia sanitaria.

Grazas a este tipo de iniciativas, Burela consolídase como o concello mellor cardioprotexido da Mariña lucense, cunha ampla rede de desfibriladores instalados en espazos públicos e coa formación continua do persoal municipal, educativo e deportivo.

O Goberno local anunciou ademais que nos vindeiros meses se incrementará o número de dispositivos DESA, tanto en edificios municipais como en zonas de gran afluencia, co obxectivo de mellorar a capacidade de resposta ante emerxencias.

Desde o Concello subliñan que estas accións “non só melloran a seguridade, senón que axudan a construír unha sociedade máis consciente e preparada para salvar vidas”.

Instalan un sistema de aerotermia no pavillón de Vista Alegre para aforrar

O Concello iniciou a instalación dun moderno sistema de aerotermia no pavillón municipal Vista Alegre, cun investimento total de 45.664 euros, financiado polo Fondo de Cooperación Local da Xunta. A actuación permitirá substituír os termos eléctricos tradicionais por un sistema de última xeración que aproveita a enerxía do aire exterior para quentar a auga, o que suporá, segundo explicou o concelleiro de Obras, Ramiro Fernández Rey, un aforro enerxético estimado do 70 %.

O proxecto inclúe tamén a instalación de dous novos depósitos de mil



litros cada un, garantindo así unha maior capacidade e estabilidade no subministro de auga quente. Esta actuación complementase coas melloras xa executadas no pavillón nos últimos anos, entre as que destacan a colocación de paneis solares e a renovación integral da iluminación con tecnoloxía LED.

Fernández Rey subliñou que esta intervención “pecha o ciclo de renovación enerxética do pavillón”, convertendo as instalacións deportivas de Vista Alegre nun espazo máis sostible, eficiente e respectuoso co medio ambiente.

Costas impulsa a renovación da Marosa con novas zonas verdes e áreas de descanso



A subdelegada do Goberno en Lugo, Olimpia López, desprazouse ata Burela para coñecer de primeira man o avance das obras de mellora na contorna da praia da Marosa, promovidas polo Servizo Provincial de Costas, dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Durante a visita, López estivo acompañada pola alcaldesa, Carmela López, e polo xefe da Demarcación de Costas de Galicia, Carlos Gil. Xuntos realizaron un percorrido técnico pola zona e analizaron o impacto positivo que esta intervención terá tanto na conservación do litoral como na recuperación do espazo natural e de lecer para a veciñanza.

A actuación forma parte do proxecto de conservación e mantemento do litoral da costa de Lugo e conta cun investimento de 30.000 euros. Os traballos inclúen a demolición dos muros deteriorados, a creación de novas áreas de descanso e espaxamento, e a instalación de bancos-miradoiro de madeira situados de maneira retran-

queada respecto á liña do paseo actual, co obxectivo de mellorar a integración paisaxística e recuperar zonas verdes.

Ademais, prevese a colocación das luminarias e a instalación de soportes para paneis informativos, todo iso dentro do dominio público marítimo-terrestre e sen causar afección a espazos protexidos da Rede Natura 2000.

A subdelegada destacou que este proxecto “se inscribe nunha estratexia máis ampla de protección e posta en valor do litoral lucense”, e lembrou que o Servizo Provincial de Costas leva investidos máis de seis millóns de euros na comarca da Mariña nos últimos anos.

Segundo explicou, estas actuacións non só buscan conservar o patrimonio natural, senón tamén mellorar a calidade dos espazos costeiros para o disfrute da cidadanía. A alcaldesa de Burela agradeceu o compromiso do Goberno co municipio e subliñou que “as melloras na Marosa contribuirán a reforzar un dos enclaves máis visitados e emblemáticos da vila”.

ACADEMIA
A Mariña

MANIPULADOR DE ALIMENTOS
APLICADOR FITOSANITARIOS
BIENESTAR ANIMAL
PROTOCOLOS DE ACOSO
PRERREQUISITOS -APPCC
PROTECCIÓN DE DATOS
FORMACIÓN BONIFICADA

formacion@amarina.org - Tf.: 982 585 098

A música, a pintura e a memoria do corpo como eixo

O artista David Catá explora a identidade mariñeira e a tradición a través dunha obra multidisciplinar que mestura emoción, memoria e creación visual

Por Ana Somoza

A traxectoria artística de David Catá é, ao mesmo tempo, íntima e universal. Nado en Viveiro, desde moi pequeno combinou a disciplina do acordeón coa exploración das artes plásticas, un diálogo que hoxe se reflicte na súa obra multidisciplinar. O propio artista lembra que dende neno “estudei acordeón no Conservatorio Profesional de Música de Viveiro, mentres ao mesmo tempo me adentraba no debuxo e na pintura”, e asegura que “para min foi unha convivencia moi natural: a música deu-me disciplina e unha forma de sentir, mentres que as artes visuais ofrecéronme un espazo para traducir esas emocións en imaxes”. Catá confesa que sempre tivo claro a que quería dedicarse, aínda que chegou un momento no que se sentiu enfrontado a unha difícil decisión: “houbo un momento no que pensei que debía escoller entre a música e a arte, e custoume moito”. Con todo, co paso do tempo comprendeu que ambas podían coexistir e complementarse: “co tempo entendín que podían convivir, que podía dedicarme a ambas e que, ademais, se complementaban”. Os recordos de Galicia, antes de trasladarse a Madrid, gardan para Catá un valor especial. Recoñece que “o Conservatorio de Música de Viveiro era como unha segunda casa” e que, posteriormente, en Burela, estudou o Bacharelato de Artes con profesores que considera “incríveis”. A súa formación académica en Pontevedra, en Belas Artes, abriu un mundo novo para o artista, que recorda: “eu era moi introvertido e tímido, e foi na carreira onde aprendín a canalizar e plasmar as miñas emocións e sentimentos a través da arte”. O artista galego cre que a súa educación dual, entre música e arte, marcou profundamente a singularidade da súa obra. Sen dúbida, explica, “esa combinación é o que fai que hoxe o meu traballo sexa híbrido”. Para Catá, a música non desaparece aínda que non se escoite de forma explícita: “a música atravesas moitas das miñas pezas, mesmo cando non soa explicitamente, e a imaxe sempre tivo para min un ritmo, unha cadencia”. Así, a súa creación transita nun espazo de encontro: “a miña obra existe nese cruce: fotografía, vídeo, pintura e música dialogan constantemente”.

IDENTIDADE. A identidade artística de Catá defínese pola experimentación constante. A súa obra multidisciplinar, que abarca desde a fotografía e o vídeo ata a pintura e a música, xorde da necesidade de atopar un idioma propio para cada proxecto:

“cada proxecto pide a súa propia linguaxe, e moitas veces ese linguaxe non pode reducirse a unha soa disciplina”. Explica que a fotografía lle permite “conxelar”, o vídeo “dar tempo”, a pintura “materializar”, a música “emocionar” e o corpo “habitar”. Experimentar con todas estas linguaxes á vez é, para el, case inevitable: “cada parte responde e completa á outra”.

CORPO. Un dos elementos máis característicos da obra de Catá é o seu traballo cos corpos, e en particular, o acto de coser sobre a pel. Este selo persoal xurdiu “de forma moi natural durante os meus estudos en Madrid”. O artista lembra unha das primeiras pezas: “Fixen unha fotografía na que me cosía un guante á palma da man, como se fose unha segunda pel”. Aquello non foi un acto illado, senón que se vinculaba á súa infancia rodeado de costura: “o xesto, unido á miña infancia rodeado de costura —a miña nai e a miña avoa cosían—, converteuse nunha metáfora: o corpo como soporte, o fío como memoria e como ferida”. A partir dese momento, comezou a coser rostros, lugares e recordos importantes, transformando o seu pro-

“Intervir o faro de Burela é unha homenaxe á memoria mariñeira e á paisaxe da miña infancia. Gustaríame que o lembrasen como un espazo vivo, que respira e abraza”

pio corpo nun lenzo e nun arquivo: “o corpo é o meu primeiro lenzo e o meu arquivo. Nel quedan cicatrices, engurras, pegadas... A memoria flúe a través desas marcas e convértese en relato”. Para Catá, coser sobre a pel é un acto íntimo que combina duelo e resistencia: “Coser sobre a miña pel é un acto íntimo de duelo, de resistencia ao esquecemento, pero tamén unha maneira de proxectar o vivido cara fóra, de compartilo”.

INTERNACIONAL. A proxección internacional de Catá confirma que a súa obra, aínda sendo profundamente persoal, logra conectar con públicos de distintas culturas. O artista comenta que “sempre me sor-

prende como algo tan persoal pode resoar en outras persoas”. A súa experiencia en países como México ou China mostroulle que a dor, a memoria e os vínculos afectivos son universais: “aí sentín unha recepción moi próxima e emotiva. O dor, a memoria e o vínculo afectivo son universais e actívanse en cada espectador de maneira distinta”. Catá lembra que en ocasións algúns espectadores emocionábanse ata chegar a chorar, un recoñecemento que considera “o maior dos agasallos”. Para que a súa obra funcione, o artista subliña que debe provocar reflexión e emoción: “se o meu traballo non consegue remover, emocionar, incomodar ou facer que o espectador se formule preguntas, non estaría funcionando”. As diferenzas culturais tamén condicionan a interpretación da súa obra. Catá asegura que “cada persoa proxecta as súas propias lecturas”. Nalgúns contextos, o acto de coser sobre a pel percíbese como un xesto poético; noutros, como algo máis visceral e vulnerable. Para o artista, esta diversidade interpretativa é un valor engadido: “esa diversidade



na interpretación é precisamente o que me interesa: que a miña obra se complete na mirada dos demais”.

FARO. Recentemente, Catá foi galaradoado co certame MoldeArte, que lle permitiu intervenir o faro de Burela, un proxecto que considera especialmente significativo pola súa relación coa súa identidade e co mar que lle viu medrar. Para o artista, esta intervención constitúe “unha homenaxe á memoria mariñeira e ao paisaxe da miña infancia” e é un recoñecemento que sente “profundamente ligado á miña identidade”. A obra premia-



da, titulada A pel do mar, mestura distintos soportes e linguaxes. Catá describe o faro como “un corpo colectivo, unha pel que gardaba memoria” e explica que a súa intención foi integrar “imaxes, texturas, sons e cores vinculados ao mar e á nosa comunidade, creando así unha experiencia sensorial que fose máis alá do puramente visual”. O proxecto incluíu un obradoiro na nave das redeiras, onde profesionais do encaixe e da palilleira compartiron técnicas tradicionais e contribuíron a dar nova vida a redes de pesca en desuso. Esta colaboración, segundo Catá, “enriquece a obra”. A instalación non só establece un diálogo visual co contorno, senón que tamén incorpo-

central da súa obra. Catá asegura que “crecín co horizonte sempre diante” e que o mar representa para el “ritmo, memoria e incerteza”. Este vínculo co seu orixe en Viveiro está presente en cada unha das súas creacións: “a identidade mariñeira está gravada na miña maneira de mirar e de traballar. É imposible desligar a miña obra dese orixe”. O artista reflexiona sobre os retos que afronta un creador contemporáneo desde Galicia. Destaca que “o principal reto é visibilizarse, pero a tranquilidade que teño aquí non a atopo nas grandes cidades”. Ao mesmo tempo, valora as facilidades que ofrece a actualidade, desde os desprazamentos ata a comunicación a través das redes sociais: “hoxe en día é máis fácil coller o coche ou calquera outro medio de transporte para desprazarse, e coas redes sociais estar en contacto é máis sinxelo”. Para Catá, o diálogo entre tradición e contemporaneidade é fundamental. Cre que ambas capas conviven e se complementan, e que reinterpretar prácticas cotiás como a costura, a música popular ou a memoria familiar desde unha mirada actual é “unha forma de mantelas vivas e significativas”.

FUTURO. O futuro de Catá pasa pola exploración continua do íntimo e do colectivo. Actualmente traballa nun segundo disco e en dúas series fotográficas e pictóricas, unha delas centrada na súa otosclerose. O artista manifesta que cada vez lle interesa máis “a combinación do íntimo co colectivo”, e non descarta empregar arquivos alleos para establecer novas conexións entre memorias persoais e compartidas. A obra de David Catá é, en resumo, un intre no que música, pintura, fotografía e corpo se entrelazan, transformando o privado en colectivo e ofrecendo ao espectador unha experiencia sensorial e emotiva singular. O seu traballo, dixo, busca que cada peza “remova, emocione e faga que o espectador se formule preguntas”, mantendo unha fidelidade ás súas raíces galegas e ao mar que marcou a súa vida e a súa mirada artística.

MAR. A súa relación co mar e coa identidade mariñeira é un eixo

Trabada aposta pola rehabilitación e o lecer con novas actuacións

O Concello de Trabada continúa avanzando na recuperación e posta en valor do seu patrimonio municipal con dúas novas actuacións centradas na mellora da vivenda e dos espazos públicos. Por unha banda, veñen de rematar as obras de rehabilitación da antiga escola de Valboa, cun investimento total de 52.631,56 euros, dos cales 43.054,9 foron achegados polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) e 9.576,59 financiados con fondos propios. O edificio destinarase agora a vivenda de alugueiro social, en coherencia coa política municipal de facilitar o acceso á vivenda a prezos alcanzables.

O alcalde, Rubén García, subliñou que con esta actuación “seguimos avanzando no compromiso de recuperar e dar uso ás antigas escolas e outros edificios municipais, destinándoos a vivenda social para veciños con necesidades habitacionais”. Ademais, anunciou que



nas próximas semanas abrírase o prazo de solicitudes para optar a este novo inmoble, que se suma aos xa rehabilitados en Sante, Vilapercide, Vidal e Trabadelas, todos actualmente ocupados. O rexedor adiantou tamén que o Concello continuará impulsando este tipo de proxectos, coa finalidade de contribuír á fixación de poboación

e á dinamización do rural.

Paralelamente, o Concello iniciou a primeira fase da renovación da área recreativa de A Chozas, na parroquia da Ría de Abres, un dos espazos naturais máis frecuentados do municipio. O proxecto, dotado con 30.000 euros procedentes dunha subvención da Dirección de Turismo de Galicia, inclúe a substitución dunha parte do valado de madeira por materiais reciclados, a renovación de papeleiras, fontes e mesas, e melloras en accesibilidade e sustentabilidade.

Rubén García destacou que “continuamos traballando na mellora dos nosos espazos turísticos e naturais, que constitúen un dos principais atractivos de Trabada”. Lembrou tamén que esta intervención se integra nun plan global de valorización do patrimonio natural, no que se inclúen proxectos como a nova área de autocaravanas ou a área recreativa de Villapena.

O complexo deportivo gaña unha nova área verde

O Goberno local de Trabada iniciou as obras de implantación e ampliación da zona verde no complexo deportivo municipal, unha actuación que supón un investimento total de 75.000 euros. Delles, 60.000 proceden dunha subvención da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, mentres que os 15.000 euros restantes serán achegados con fondos propios municipais.

Este proxecto forma parte dunha nova liña de axudas orientada á prevención de riscos asociados ao cambio climático en espazos urbanos e periurbanos, da que Trabada foi un dos poucos concellos galegos beneficiarios. O obxectivo é avanzar cara a un modelo de infraestrutura verde que mellore tanto o benestar da cidadanía como a resiliencia ambiental do muni-

cipio.

As obras inclúen a creación dun peche natural arredor do campo de bolos tradicional, a instalación dunha zona de descanso con illas de pícnic cubertas por pérgolas vexetais, e a colocación de novas fontes, papeleiras e arborado. En conxunto, estas melloras permitirán un uso máis agradable, accesible e sostible do espazo deportivo.

García lembrou que o complexo deportivo municipal leva anos experimentando unha transformación progresiva, grazas a distintas actuacións que permitiron consolidalo como un punto de encontro para o deporte e o lecer. “Neste espazo temos a pista de pádel, a pista multideporte, o campo de bolos tradicional, o circuíto de pump track, a tiroliña e o tobogán infantil”, enumerou o alcalde.

O Partido Popular critica a suba de impostos e reclama máis ambición na xestión da auga

O Partido Popular de Trabada volveu criticar con dureza a xestión do goberno municipal socialista, ao que acusa de manter “un afán recadatorio desmedido” coa subida do Imposto de Bens Inmóveis (IBI) e doutras taxas como as da auga e o lixo. O portavoz popular, José María Fernández, explicou que “nestes días están chegando os recibos do IBI e os veciños comprobamos que xa advertimos hai meses: unha suba moi forte que afecta a toda a veciñanza pola política do alcalde e do seu grupo”.

Segundo indicou, hai familias que pagan “entre 40 e 200 euros máis” que o ano pasado. Fernández cualificou esta medida de “inxusta e incomprendible” e asegurou que “non se pode entender este ánimo recadatorio que só serve para facer caixa mentres se gasta sen control e sen cumprir as regras fiscais”. Engadiu que “a veciñanza non debe ser quen pague as consecuencias dunha xestión económica deficiente e pouco transparente”. O PP sostén que o incremento dos impostos chega “nun momento delicado

para moitas familias” e comprométese a baixar as taxas municipais se volve gobernar. “Nós estamos e estaremos sempre en contra destas subas”, subliñou o portavoz.

Por outra banda, o grupo popular tamén cargou contra o alcalde, Rubén García, ao que reprochan a “falta de vontade” para levar auga potable e saneamento a todas as parroquias. Fernández lembrou que no último pleno o PP propuxo pedir colaboración á Deputación de Lugo para completar o ciclo da auga nas zonas sen servizos básicos, aproveitando o convenio xa existente entre os concellos de Trabada, Ribadeo e a Xunta. Lamentou que o alcalde “poña por diante os intereses do PSOE aos dos veciños” e negue solicitar a axuda provincial. Fernández defendeu que, aínda que a competencia é municipal, “a Deputación tamén pode e debe colaborar”. Animou a García a “reflexionar e rectificar”, recordando que xa noutras ocasións acabou asumindo propostas do PP. “Agardamos que o faga de novo polo ben dos trabadenses”, concluíu.

O Concello propón unha nova excursión ao Balneario de Mondariz e ao Nadal pontevedrés

O Concello de Trabada continúa co seu exitoso programa de viaxes culturais e de ocio, unha iniciativa moi ben acollida pola veciñanza. Nesta ocasión, a proposta levará ás persoas participantes ao Balneario de Mondariz e á cidade de Pontevedra, o vindeiro 13 de decembro de 2025.

A actividade, cun prezo de 60 eu-

ros por persoa, inclúe: acceso ao Balneario de Mondariz, comida, visita ao mercadiño de Nadal de Pontevedra e seguro de viaxe. En canto á saída será ás 7:30 horas dende o Concello de Trabada e o regreso está previsto ás 22:30 horas do mesmo día.

As prazas son limitadas a un máximo de 30 persoas e poderán participar veciños e veciñas

de Trabada maiores de idade. As inscricións poden realizarse nas oficinas municipais ata o 14 de novembro. No caso de quedar prazas dispoñibles, poderán sumarse tamén persoas con familiares empadroados no municipio. É preciso levar traxe de baño, toalla, gorro e chanclas para poder gozar das instalacións termais.

¿Te interesa el mundo del cuidado personal y el bienestar?

nahrin
Productos naturales de calidad suiza desde 1954

¿TE GUSTARÍA DISTRIBUIR NUESTROS PRODUCTOS NATURALES PARA LA SALUD?

TE OFRECEMOS

- Flexibilidad laboral y emprendimiento desde casa.
- Formación continuada.
- Programa de incentivos y comisiones atractivas.

Polígono Industrial Cortaficio, Calle B, Nave 4A. 33740 Tapia de Casariego.
Tel.: 619 173 496 - www.nahrin.es

A vila conmemora o 125 aniversario da súa historia mineira cunha exposición

O Concello da Pontenova vén de lanzar unha convocatoria á veciñanza para participar na conmemoración do 125 aniversario da constitución da Sociedad Minera de Villadrid (S.M.V.), unha efeméride coa que se pretende render homenaxe á intensa tradición mineira que marcou a historia e a identidade do municipio.

Con este obxectivo, o goberno local está a preparar unha exposición fotográfica titulada “O legado das minas: 125 anos da S.M.V.”, que repasará a evolución do traballo mineiro, o ferrocarril e a transformación social e paisaxística que a actividade extractiva trouxo á comarca.

O Concello anima ás veciñas e veciños a colaborar achegando imaxes e postais antigas vinculadas a ese pasado industrial: fotografías das minas, dos mineiros, dos trens e das instalacións asociadas á S.M.V., como talleres, almacéns, pontes, túneles, o hospital ou a capela de Santa Bárbara. “Queremos reconstruír entre todos a historia compartida da Pontenova e poñer en valor o esforzo das xeracións que fixeron posible o seu progreso”, sinalan desde o Concello.

As imaxes cedidas serán dixitalizadas e empregadas unicamente con fins expositivos, garantindo a devolución dos orixinais aos seus propietarios e recoñecendo publi-



camente a autoría de cada fotografía nos créditos da mostra. As persoas interesadas poden enviar os arquivos dixitalizados ao correo turismo@concellodapontenova.org, cunha resolución mínima de 300 ppp, ou entregalos directamente na Oficina de Turismo, onde serán escaneados e devoltos. Desde o goberno local destacan que esta exposición “é unha oportunidade para preservar a memoria colectiva e difundir un legado histórico que transformou por completo a vida e a paisaxe da Pontenova”. Para máis información, as persoas interesadas poden contactar co número 982 34 21 01.

O PP critica o atraso dos orzamentos e acusa o Goberno local de falta de ambición

O Partido Popular da Pontenova arremeteu contra o goberno municipal socialista pola aprobación dos orzamentos de 2025 a tan só tres meses de rematar o ano. A portavoz popular, Conchita Novo, instou ao alcalde a “poñerse xa a traballar nos do 2026”, lembrando que a lei de facendas locais obriga a presentalos antes do 15 de outubro e aprobalos definitivamente antes do 31 de decembro do ano anterior.

Segundo Novo, “o Executivo local vai un ano tarde, o que demostra unha falta total de planificación e responsabilidade”. Ademais, criticou que o novo documento económico “prevé subas en varios impostos e taxas”, o que, ao seu xuízo, “supón unha carga adicional para os veciños e veciñas

da Pontenova”. En concreto, denunciou un incremento do 17% no Imposto de Bens Inmóveis (IBI) urbano e outro que permitirá recadar “preto dun 20% máis” no imposto de circulación (IVTM). Tamén advertiu que “a taxa de ocupación da vía pública triplica a previsión de ingresos”, o que atribúe a unha posible subida. A edil popular lamentou a “ausencia de investimentos ambiciosos e proxectos de futuro”, asegurando que “estes orzamentos mostran un PSOE sen ideas e sen capacidade para impulsar o desenvolvemento local”. Conchita Novo concluíu que “o goberno socialista está esgotado e máis preocupado por maquillar as contas que por mellorar a vida da veciñanza”.

A Deputación e o Concello únense para renovar a rede viaria

A Deputación e o Concello selaron un novo acordo de colaboración destinado a mellorar as comunicacións no rural. O presidente provincial, José Tomé Roca, e o alcalde da Pontenova, Darío Campos Conde, asinaron un convenio mediante o cal a institución provincial achegará 137.151 euros para acondicionar a rede viaria da parroquia de Santa María de Conforto.

Durante o acto, José Tomé destacou que “continuamos colaborando cos concellos da provincia para que poidan ofrecer máis e mellores servizos aos seus veciños e veciñas”. O mandatario subliñou que esta actuación “responde a un dos grandes desafíos que ten esta parroquia do rural: mellorar a accesibilidade e as comunicacións, cuestión fundamental para garantir a calidade de vida da veciñanza”.

O presidente provincial incidiu ademais en que este investimento “é un exemplo máis do compromiso firme que mantemos desde a Deputación co rural da provincia”. “Acon-



dicionando as comunicacións locais —engadiu— tamén contribuímos a dinamizar o turismo e a actividade hostaleira”.

O convenio permitirá renovar a vía municipal que conecta a estrada provincial LU-P-4809 coa Ermida de San Antonio, unha infraestrutura que dá servizo directo a un establecemento hostaleiro e a varias vivendas.

As obras previstas inclúen a reapertura das cunetas, a pavimentación con aglomerado en quente e a ins-

talación da sinalización horizontal mediante marcas reflexivas brancas unha vez completado o novo firme. Dende o Concello da Pontenova destacaron a importancia desta intervención, que permitirá mellorar un tramo moi utilizado pola veciñanza e polos visitantes que se achegan á zona. “É unha actuación que dá resposta a unha demanda veciñal e que reforza a aposta pola seguridade viaria e polo desenvolvemento equilibrado do noso territorio”, sinalaron.

Formación, creatividade e tradición, eixos do outono cultural da Pontenova

O Concello da Pontenova reforza este outono a súa aposta pola formación, a creatividade e a memoria colectiva cun amplo programa de actividades destinado a todas as idades. A través de talleres, exposicións e celebracións tradicionais, o municipio busca fomentar a participación veciñal, o envellecemento activo e o orgullo polas súas raíces.

Os Talleres de Memoria, organizados polo C.I.T. A Pontenova e impartidos por Rocío Pérez, desenvolveranse os luns e mércores de 10:30 a 12:00 horas na Casa da Cultura. Están pensados para persoas adultas e incluírán exercicios físicos, técnicas de respiración, musicoterapia e arteterapia, entre outras dinámicas que estimulan corpo e mente. O prezo é de 15 euros para socios e 17 euros para non socios, e as inscricións poden facerse chamando ao 678 425 009.

Para o público infantil, ofrécese un Taller de Pintura tamén coordinado por Rocío Pérez Oliva. Celebrarase na Casa das Asociacións os mércores de 17:15 a 18:15 e os venres de 16:00 a 17:00 horas. Os nenos poderán

explorar a expresión corporal, a pintura, a escritura creativa e o cómic, potenciando a súa imaxinación e habilidades artísticas. O domingo 16 de novembro terá lugar o tradicional Magosto da Pontenova, organizado polo Concello e o C.I.T. local. A xornada comezará ás 10:00 horas na Praza dos Fornos cunha ruta de sendeirismo, e continuará ás 14:00 cun xantar popular con empanada, castañas asadas e música. A inscrición custa 7 euros e inclúe transporte, seguro e comida.

Finalmente, A Pontenova impulsa a exposición “A historia nos recunchos dos armarios”, que busca recoller vestidos, fotografías e obxectos de vodas, bautizos e comuñóns. O material poderá entregarse entre o 17 e o 20 de novembro na parroquia do Sagrado Corazón.

Con este programa diverso, A Pontenova consolídase como un concello que promove o benestar, a convivencia e o respecto polo seu pasado, reforzando o vínculo entre xeracións e mantendo vivo o espírito comunitario que o caracteriza.

O club de lectura Os Fornos inicia unha nova tempada

O club de lectura Os Fornos da Pontenova comeza unha nova etapa chea de entusiasmo e ganas de compartir lecturas e reflexións. A primeira xuntanza da tempada 2025-2026 está programada para o xoves 16 de outubro, ás 20:00 horas, na Biblioteca Municipal, localizada no primeiro andar da Casa da Cultura.

Esta iniciativa, promovida polo Concello da Pontenova, busca fomentar o gusto pola lectura e crear un espazo de encontro entre veciños e veciñas que comparten a paixón polos libros. Ao longo do curso, o grupo lerá obras de diferentes xéneros e autores, combinando clásicos e novidades literarias, sempre co obxectivo de abrir debates enriquecedores e promover o pensamento crítico.

Desde a organización destacan que o club “é un punto de unión entre persoas de diferentes idades e intereses, pero cunha mesma curiosidade polo mundo das letras”. Ademais, sinalan que participar neste tipo de actividades contribúe a fortalecer o tecido cultural do municipio e a dinamizar a biblioteca como espazo de aprendizaxe e convivencia.

As persoas interesadas en obter máis información ou en unirse ao grupo poden facelo na Oficina de Información Turística da Pontenova.

a pontenova

Antigüidades, artesanía e motor volverán encher a vila

A Pontenova converterase un ano máis no epicentro do comercio tradicional e da paixón polo motor coa celebración conxunta da XVIII Feira de Antigüidades e Artesanía e a IX Xuntanza de Vespas, Motos e Coches Clásicos, que terán lugar os días 5, 6 e 7 de decembro de 2025. A cita, organizada polo Concello coa colaboración da Deputación de Lugo, a Xunta de Galicia e diversas entidades locais, reunirá durante tres días a artesáns, coleccionistas e afeccionados chegados de distintos puntos de Galicia e do norte de España.

A feira abrirá as súas portas o venres 5 de decembro, con horario de 11:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 21:00, e ata as 20:00 o domingo. O recinto contará con numerosos expositores e stands nos que se poderán atopar pezas únicas, obxectos restaurados e produtos de artesanía galega. Ademais, incluírá demostracións en directo de forxa de ferro, pintura, cestería de vimbio, coiro, torno de madeira, xoiaría e elaboración de lámpadas de cabaza, que permitirán ao público coñecer de preto as técnicas e materiais empregados polos artesáns.

A programación completárase coa tradicional Xuntanza de Vespas, Motos e Coches Clásicos, que celebra xa a súa novena edición. O sábado 6 de decembro será a quenda dos coches clásicos, mentres que o domingo 7 estará reservado ás motos e ás emblemáticas Vespas. As actividades comezarán ás 11:00 horas na Praza dos Fornos, onde se realizarán as inscricións e a concentración dos vehículos participantes. A organización outorgará trofeos



aos vehículos máis antigos, mellor conservados, máis veteranos e procedentes de máis lonxe, recoñecendo así o esforzo dos coleccionistas e a conservación deste patrimonio automobilístico. Ademais, celebrárase unha comida de irmandade nos restaurantes San Briz e Sidrería A Mina, cun prezo de 20 euros por vehículo e un vale desconto de 6 euros. As persoas interesadas poden obter máis información ou formalizar a súa inscrición chamando ao teléfono 689 00 80 73.

Desde o Concello da Pontenova destacan que esta cita "é unha oportunidade para dinamizar a vida social e económica do municipio, poñendo en valor o seu pasado industrial e o traballo artesanal, pero tamén para atraer visitantes e fortalecer o turismo local". O evento conta co apoio de establecementos colaboradores como Recense, Lar da Balbina, San Briz e Clásicos Lourido, cuxo compromiso axuda a manter viva unha das feiras máis consolidadas da provincia de Lugo.

RECUNCHOS. A Pontenova impulsa unha emotiva iniciativa baixo o título A historia nos recunchos dos armarios, un proxecto que busca recoller e poñer en valor as lembranzas das familias da parroquia. O obxectivo é encher o templo do Sagrado Corazón de recordos a través dunha exposición que recolla vestidos de vodas, bautizos e comuñóns, así como fotografías e obxectos relacionados con eses momentos especiais que marcaron a vida de moitas xeracións.

Desde a organización fan un chamamento á veciñanza para participar activamente nesta proposta, achegando as súas pezas e recordos entre os días 17 e 20 de novembro de 2025 na parroquia do Sagrado Corazón. As persoas interesadas poden contactar coa organización a través do teléfono 678 425 009 e preguntar por Rocío para concretar os detalles da súa colaboración.

Con esta exposición quérese render homenaxe á memoria colectiva e manter vivo o legado das familias.

riotorto

Adxudican as obras pendentes para o remate da residencia de maiores



O Concello deu un novo paso cara á posta en marcha da residencia de maiores coa adxudicación dos traballos necesarios para completar a obra, que quedara interrompida tras a entrada en concurso de acredores da empresa construtora inicial, Construcciones J. Naray.

O alcalde, Clemente Iglesias, asinou a adxudicación dos traballos á empresa Regenera Construcciones y Contratas 2022, que presentara a correspondente licenza para poder executar o proxecto baixo a fórmula coñecida como "separata de proxecto refundido", cun orzamento total de 1,35 millóns de euros. Esta modalidade permite contratar

unicamente as actuacións pendentes, incorporando as melloras xa realizadas e garantindo a continuidade da obra. Tamén pon fin a meses de xestións e tramitacións para a continuidade do proxecto.

O asunto foi aprobado na última sesión da Xunta de Goberno, na que tamén se autorizou o inicio inmediato da execución dos traballos. A construción da residencia está financiada parcialmente polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, a través dos fondos Next Generation da Unión Europea, mentres que o resto dos recursos proceden de fondos municipais xa consignados no orzamento.

Convocada a festa de Entroido

O Riotorto CF anunciou xa que organizará o tradicional Entroido 2026, que será o sábado 7 de febreiro pola noite no pavillón do colexio de Riotorto. Contarán con música en directo para amenizar a festa.

Haberá premios para os mello-

res disfraces nas categorías charangas, parellas e individual ata repartir máis de 6.000 euros.

Ademais desta cita obrigada, o Concello de Riotorto, colaborador do evento, ten previsto organizar outras actividades vinculadas ao Entroido.

XVIII FEIRA

de antigüidades e artesanía

IX XUNTANZA DE VESPAS, MOTOS E COCHES CLÁSICOS

a pontenova

5.6.7

VENRES • SÁBADO • DOMINGO

DECEMBRO 2025

de 11.00 h. - 14.00 h. ; 16.00 h. - 21.00 h.
e ata as 20.00 h. o domingo

DEMOSTRACIÓNS DE :

FORXA DE FERRO • PINTURA • CESTERÍA DE MIMBRE • COIRO •
TORNO DE MADEIRA • XOIAS • LÁMPADAS DE CABAZA

EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA "O LEGADO DAS MINAS"









Veciños reclaman unha solución ao deficiente alumeadado no paseo do Faro

O mal estado do alumeadado público no paseo da estrada do Faro volve situarse no punto de mira dos veciños de Ribadeo. Usuarios habituais deste percorrido, tanto residentes como visitantes, levan meses denunciando a falta de luz nun dos espazos máis emblemáticos do municipio, especialmente frecuentado por persoas que se dirixen cara á Illa Pancha. Segundo explican, xa a comezos de xullo —antes mesmo do inicio da tempada alta e da chegada masiva de turistas— advertiron ao Concello de que moitas luminarias non funcionaban correctamente. “Hai zonas enteiras ás escuras e non é agradable pasear así cando cae a noite”, comentan algúns veciños, que insisten en que a falta de iluminación afecta tanto á seguridade como ao confort das persoas que transitan por ese camiño.

A situación mantense sen cambios, a pesar das reiteradas queixas. Os afectados aseguran que existen “polo menos 83 farois” instalados ao longo do muro que discorre paralelamente á beirarrúa, e que a meirande parte deles permanecen apagados. “É un tramo moi usado por xente de todas as idades, tamén por persoas maiores que fan o seu paseo diario, e así non se pode andar con tranquilidade”, engaden. Os residentes solicitan que se revisen as instalacións eléctricas e se repoña canto antes o servizo, lembrando que se trata dun espazo de interese turístico e patrimonial que debера estar coidado durante todo o ano. “Non pedimos nada extraordinario, só que se repoña o alumeadado para que todos poidamos gozar do paseo con seguridade”, conclúen.

O Concello e o BNG cruzan críticas polas obras do Hospital Asilo

As obras de reforma do Hospital Asilo de Ribadeo reanudaranse en breve, segundo anunciou o alcalde, Dani Vega, quen confirmou que o Concello xa conta con financiamento para completar o 13 % pendente tras a presentación do concurso de acredores por parte da empresa construtora. O rexedor explicou que se licitará esa parte restante cun orzamento de 380.000 euros, dos que 170.000 serán achegados pola Xunta de Galicia. “Temos a cantidade para rematar a obra e tamén para licitar a lavandería e a cociña”, apuntou Vega, que agradeceu a colaboración do Consorcio e da conselleira Fabiola García. O alcalde subliñou que se actuou “con toda a rapidez e transparencia” e que se informou á oposición de cada paso. “Non queríamos estes problemas, pero a empresa entrou en concurso de acredores e había que buscar solucións con responsabilidade e garantía xurídica”, indicou.



Pola súa banda, o BNG de Ribadeo cualificou a situación como “a crónica dun fracaso anunciado” e criticou o que considera un “atraso evidente” e unha “xestión pouco transparente”. A formación lembra que a obra acumulou varias prórrogas e que, malia as declaracións do alcalde, “a execución real foi moi inferior ao prometido”. Segundo os datos aportados polos nacionalistas, a finais de abril apenas

se acadaba o 71% de execución, con máis de 470.000 euros pendentes. O grupo denunciou tamén que o Concello “negouse a facilitar copia do proxecto modificado” e que “improvisa argumentos para minimizar o problema”.t O BNG conclúe que esta situación evidencia “a falta de planificación e de rigor” do goberno local e reclama que as obras “se rematen canto antes, con total transparencia”.

Ribadeo convértese en pioneiro na loita contra o acoso escolar

Ribadeo é o primeiro concello galego en aplicar simultaneamente o programa finlandés Kiva en todos os seus centros educativos, tanto de primaria como de secundaria. A concelleira de Educación, Begoña Sanjurjo, explicou que a iniciativa implica ao Sagrado Corazón, Gregorio Sanz e IES Dionisio Gamallo, co obxectivo de mellorar a convivencia e o benestar emocional do alumnado. O programa, desenvolvido polo Ministerio de Educación de Finlandia, baséase en tres piares: prevención, intervención e seguimento, e a súa eficacia foi demostrada en máis de 30 países. En Ribadeo comezou coa formación de docentes e equipos directivos, que serán clave para garantir o éxito do proxecto. Segundo Sanjurjo, trátase dun “traballo pola saúde psicolóxica dos estudantes e pola convivencia social”. Ademais, o plan inclúe un diagnóstico inicial e diversas actividades ao longo de tres anos, implicando tamén a familias e persoal non docente. “Ribadeo aposta pola tolerancia cero fronte ao acoso e por unha convivencia respectuosa en toda a comunidade educativa”, concluíu.

O IES Dionisio Gamallo inicia o curso como Escola Mentora do Parlamento Europeo



O IES Dionisio Gamallo iniciou o curso como Escola Mentora das Escolas Embaixadoras do Parlamento Europeo, cun acto de entrega de diplomas e unha charla de Rosita Bugiolacchio, da Asociación Ingalia. A relatora explicou ao alumnado as oportunidades que ofrecen os programas Erasmus+, os Corpos Europeos de Solidariedade e o voluntariado humanitario, destacando a importancia de participar activamente no contexto europeo. O coordinador de proxectos europeos, Manel Yáñez Dablanca, subliñou que o traballo no centro “busca ofrecer unha mirada crítica e consciente da realidade, fomentando a participación cidadá e o compromiso social”. Engadiu que “tomar conciencia do que somos e do que podemos compartir é

esencial para construír o futuro que temos en común”. O IES ribadense é un dos sete centros galegos recoñecidos como Escola Embaixadora e unha das cinco Escolas Mentoradas de Galicia. A través deste programa, o alumnado coñece de preto o funcionamento das institucións europeas e o valor da democracia parlamentaria. O proxecto complétase con materiais didácticos do Parlamento Europeo, puntos de información permanentes, a celebración do Día de Europa e diversas actividades para reforzar o coñecemento da Unión Europea e a educación en valores. O instituto destaca que esta iniciativa é “unha oportunidade para fortalecer a tolerancia, a participación e o pensamento crítico” da mocidade.

As Panchas volven a Ribadeo para dinamizar o comercio e a hostalaría



Ribadeo pon en marcha unha nova edición das Panchas, a súa moeda local, que se celebrará do ata o 31 de decembro co obxectivo de dinamizar o comercio e a hostalaría do municipio. Os establecementos interesados poderán inscribirse entre o 15 e o 24 de outubro nesta iniciativa promovida polo Concello de Ribadeo en colaboración con ACISA. O alcalde, Dani Vega, destacou que “a Pancha é un incentivo que multiplica as compras e impulsa o noso comercio local”, lembrando que por cada 30 euros investidos se obteñen 40 Panchas, o que supón un claro beneficio para os consumidores e os negocios adheridos. A campaña contará cun or-

zamento de 85.000 euros, financiado polo Concello e pola Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Comercio. Pola súa banda, a presidenta de ACISA, Carmen Cruzado, subliñou que se trata dunha das accións máis esperadas do ano, tanto para os comerciantes como para a clientela, e animou a participar “nunha campaña perfecta para adiantar as compras do Nadal”. As normas manteranse como en edicións anteriores: cada persoa poderá adquirir ata 400 Panchas e empregar un máximo de 150 por compra. Concello e ACISA coinciden en que esta iniciativa é xa un exemplo de éxito na promoción do comercio de proximidade.

Vizoso denuncia “deixadez e opacidade” no Concello

O BNG de Ribadeo intensificou nas últimas semanas as críticas ao goberno municipal do Partido Popular, ao que acusa de “neglixencia” na xestión económica, “falta de transparencia” e “despreocupación polas necesidades reais da veciñanza”. O voceiro nacionalista, Pablo Vizoso, advertiu que o Concello perdeu por segundo ano consecutivo unha subvención da Xunta de Galicia de 25.000 euros destinada a labores de desbroce forestal preventivo, o que cualificou como “unha temeraria deixadez” ante o risco de incendios. O edil lembrou os incendios rexistrados recentemente no municipio e subliñou que “Ribadeo non pode permitirse un goberno que tira ao lixo subvencións e recursos públicos”.

A esta crítica engádese unha queixa formal presentada polo BNG ante a Valedora do Pobo pola negativa do Concello a facilitar documentación solicitada pola oposición. O grupo nacionalista acusa ao goberno de Daniel Vega de “dilatar os prazos e obstaculizar o acceso á información municipal”, vulnerando o dereito dos concelleiros a exercer a súa función de control. “Cada vez que pedimos facturas ou expedientes, atopamos escusas ou silencio”,



afirmou Vizoso, que pediu “un exercicio real de transparencia e respecto democrático”.

O BNG tamén reprocha ao executivo “intentar despistar á veciñanza” sobre a responsabilidade municipal na reforma do sistema de abastecemento de auga. A formación lembra que, aínda que a Xunta financiará a maior parte do proxecto, o Concello debe aportar o 20 % restante, unha cantidade que “non pode cubrir pola súa mala xestión económica”. “Gastaron o aforro municipal e agora non hai liquidez nin para pagar facturas a tempo nin para achegar a parte que lle corresponde”, denunciou Vizoso, quen instou o alcalde a “centrarse en gobernar

con responsabilidade e deixar de culpar aos demais”.

Nesta mesma liña crítica, tamén puxo o foco no “mal estado xeral da limpeza” nas rúas e parroquias do municipio, denunciando a redución de contedores e a súa falta de mantemento. A formación considera que a vila “ofrece unha imaxe moi negativa tanto para a veciñanza como para quen nos visita” e cualifica de “deixadez inaceptábel” a ausencia dun plan de limpeza e reposición de colectores. “Chegamos a novembro e a situación non mellora, xa non hai desculpas”, advertiron os nacionalistas, que reclaman medidas urxentes para devolverlle a Ribadeo “a imaxe e o coidado que merece”.

Ribadeo impulsa novas melloras en locais, estradas e servizos municipais

O Concello de Ribadeo continúa a desenvolver actuacións en diferentes ámbitos co obxectivo de modernizar infraestruturas e reforzar os espazos de uso social. Nas últimas semanas o alcalde, Dani Vega, destacou catro proxectos en execución ou xa rematados: a rehabilitación do local social das Anzas, o novo miradoiro das Carrallas, as melloras na Escola Municipal de Música e Danza e a renovación de varios tramos viarios.

ANZAS. O local social das Anzas estreou nova imaxe tras unha reforma integral financiada pola Xunta de Galicia con 17.000 euros. As obras eliminaron humidades, melloraron a accesibilidade e renovaron o interior e exterior do edificio. “Os obxectivos eran claros: garantir seguridade, accesibilidade e confort”, subliñou Vega, quen agradeceu a colaboración da asociación veciñal e adiantou que se prevé continuar con melloras semellantes noutros locais sociais do rural.

MIRADOIRO. Tamén se inaugu-



rou un novo miradoiro sobre a ría nas Carrallas, o segundo habilitado este ano, coa colaboración de Costas do Estado. “Pasamos dun aparcadoiro descoidado a un espazo para relaxarse e contemplar a ría”, explicou o rexedor, quen destacou o impacto turístico e paisaxístico desta actuación.

ESCOLA DE MÚSICA. Na Escola Municipal de Música investíronse 50.000 euros na mellora de ventás, portas, fontanería e accesibilidade. “É un salto cualitativo para un edificio con máis de 400 alum-

nos”, apuntou Vega.

ESTRADAS. Ademais, comezan as obras dun novo treito da estrada da costa, cun investimento de 360.000 euros da Xunta, e avanza os traballos na estrada da Siñeira, en Vilaframil, orzamentados en 50.000 euros. “En dous anos toda a estrada da costa estará renovada”, anunciou o alcalde, que salientou a colaboración entre administracións para seguir facendo de Ribadeo “un concello máis moderno, accesible e mellor comunicado”.

A AAEMM colabora na elaboración das cestiñas de benvida para os bebés



O Goberno local celebrou un novo acto de benvida para os recentemente nados do municipio, no que se fixo entrega das coñecidas cestiñas dos arrollos a catro bebés que se incorporan á comunidade ribadense. A iniciativa, posta en marcha no ano 2023, busca recoñecer e acompañar ás familias que elixen Ribadeo para iniciar o seu proxecto de vida. A concelleira de Benestar Social, Elena Sierra, destacou que “Ribadeo segue gañando poboación, algo que nos enche de alegría, e queremos que as familias se sintan apoiadas e coidadas desde o primeiro momento”. A edil explicou que o obxectivo desta proposta é “ofrecer unha acollida cálida, próxima e simbólica ás familias que traen nova vida ao noso

concello”.

As cestiñas dos arrollos son elaboradas pola Asociación de Axuda ao Enfermo Mental A Mariña (AAEMM), entidade á que o Concello quixo agradecer expresamente a súa colaboración. “É un traballo coidado, feito con moito agarimo, que converte este pequeno detalle nun xesto cheo de valor social e comunitario”, sinalou Sierra. Cada cestiña contén produtos básicos e simbólicos para os primeiros meses de vida dos bebés, acompañados dunha mensaxe de benvida do Concello e dunha lembranza para as familias. A iniciativa, ademais de ter un valor afectivo, pretende fomentar a cooperación con entidades sociais do territorio e poñer en valor o seu labor.

O Goberno central reforza a súa presenza con novas actuacións ambientais e hidráulicas

O delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, destacou en Ribadeo o “esfuerzo continuado do Executivo central na Mariña”, cun investimento superior aos seis millóns de euros nos últimos anos para conservar e mellorar o litoral. Subliñou que o obxectivo é “preservar un dos nosos maiores tesouros: a costa galega”, combinando desenvolvemento, respecto ambiental e uso público dos espazos.

Acompañado pola subdelegada do Goberno en Lugo, Olimpia López; o alcalde de Ribadeo, Daniel Vega; e o xefe de Costas de Galicia, Carlos Gil, Blanco visitou a senda peonil das Aceas, en execución dende o verán a través do Ministerio para a Transición Ecolóxica. O proxecto, cun orzamento de máis de 650.000 euros, transformará 920 metros da contorna das Aceas nunha vía verde con observatorio de aves e zonas de descanso, con-

tribuíndo á recuperación ambiental da enseada da Vilavella.

O delegado subliñou que estas actuacións “poñen en valor o litoral e garanten a súa conservación para as xeracións futuras”. Reivindicou ademais a “sensibilidade do Goberno coa provincia e coa protección do medio mariño”, recordando que as intervencións impulsadas pola Demarcación de Costas “falan dun compromiso firme coa sustentabilidade e coa mellora da calidade de vida da cidadanía”.

Durante a visita, Pedro Blanco anunciou tamén a licitación da mellora da traída de auga de Ribadeo, cun investimento de 7,4 millóns de euros cofinanciado con fondos europeos FEDER. “Investimos no territorio, modernizamos infraestruturas e facémolo respectando a paisaxe e o medio natural. Iso é o que estamos a facer en Ribadeo e en toda a costa lucense”, afirmou.

Renovada a cuberta do CEIP Álvaro Cunqueiro Mora

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional vén de concluír as obras de cambio da cuberta do CEIP Álvaro Cunqueiro Mora de Mondoñedo, unha actuación que contou cun investimento de 453.600 euros e que permitirá mellorar o confort e a eficiencia enerxética do centro. As obras consistiron na demolición da antiga cuberta, xa deteriorada polo paso do tempo, e na construción dunha nova estrutura a catro augas similar á anterior. O novo teito está sustentado por unha estrutura lixeira de madeira, protexida cunha lámina impermeable e transpirable, e rematada cun revestimento de lousa. A intervención completouse coa renovación do sistema de recollida de augas pluviais, coa instalación de novos canlóns e baixantes que melloran o funcionamento e a durabilidade do conxunto. Coa finalización destas obras, o CEIP Álvaro Cunqueiro Mora dispón agora dunha cuberta máis segura, eficiente e adaptada ás necesidades actuais do alumnado e do profesorado, contribuíndo ao mesmo tempo a un mellor aproveitamento enerxético e a un maior benestar nas aulas.

A XVIII Ruta de Tapas será do 21 ao 30 de novembro

Mondoñedo prepárase para despedir o mes de novembro cun dos seus eventos gastronómicos máis esperados: a XVIII Ruta de Tapas, que se celebrará entre os días 21 e 30 de novembro baixo o lema “e algo máis!”. Un total de dez establecementos participan nesta edición: Asala, A Taberna do Valeco, A Abadía, A Alianza, Faragullas, Galiana, O Palique, O Porriño, O Petisco e O Rincón. Cada un deles ofrecerá a súa tapa cun prezo unificado e ingredientes de proximidade, apostando pola calidade e polo sabor da cociña mindoniense. O evento convida a veciños e visitantes a gozar da gastronomía e da hospitalidade mindoniense mentres percorren as rúas do casco histórico, entre outros puntos destacados. Ademais, haberá sorteos entre os participantes, co obxectivo de premiar a fidelidade e o espírito festivo de quen complete o percorrido. A información sobre as tapas, os ingredientes e os horarios poderá consultarse a través dun código QR, dispoñible dende o 20 de novembro.

Mondoñedo acometerá a reparación da Ponte do Arco



O Concello de Mondoñedo vén de adjudicar as obras de reparación do piar da Ponte do Arco, situada na parroquia de Masma, cun orzamento que supera os 48.000 euros (48.393,95 euros). O proxecto será financiado pola Xunta de Galicia a través dun convenio coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), que concedeu unha subvención directa destinada a poñer en valor o patrimonio histórico da comarca. A Ponte do Arco é unha construción de gran relevancia patrimonial e simbólica para o municipio, mais o seu piar principal presenta un notable deterioro estrutural, o que podería comprometer a estabilidade

de do conxunto e supón un risco para o tránsito. Dende o goberno local sinalan que “é fundamental actuar con urxencia para evitar danos maiores nunha edificación que representa unha parte importante da nosa historia e da nosa identidade cultural”. As obras inclúen unha fase previa de canalización do río, co fin de protexer o curso da auga e evitar afeccións ambientais durante os traballos. Unha vez garantida esta parte, intervívase directamente sobre o piar da ponte. O plan contempla a restauración manual da cachotería e do corpo do piar, empregando pedra natural e materiais

Piden recuperar o título de Festa de Interese Turístico Nacional para As San Lucas



Os senadores do Partido Popular de Lugo —José Manuel Barreiro, José Manuel Balseiro e Juan Serrano— expresaron a súa preocupación pola perda do título de Festa de Interese Turístico Nacional das San Lucas de Mondoñedo, unha das celebracións máis antigas e emblemáticas de Galicia. A petición do alcalde, Manuel Otero, os populares formularán unha pregunta no Senado para esclarecer as causas desta situación e pedirán activar os trámites necesarios para recuperar a distinción outorgada en 1969 polo Boletín Oficial do Estado.

As San Lucas, con orixe no ano 1156, representan unha das feiras máis históricas do país, símbolo da tradición gandeira, cultural e rural galega. Os senadores lucenses cualificaron de “incomprensible” a perda deste recoñecemento, que consideran clave para a proxección e promoción turística da vila. O PP comprometeuse a apoiar todas as xestións necesarias para que Mondoñedo recupere o seu lugar destacado no calendario festivo nacional, defendendo o valor histórico e patrimonial desta cita que leva case nove séculos unindo fe, cultura e tradición.

Un libro reúne por primeira vez os carteis e bosquexos de Xosé Vizoso para As San Lucas

Mondoñedo acolleu a presentación do libro Xosé Vizoso. Sempre coas San Lucas, unha publicación que reúne por primeira vez os carteis que o artista mindoniense realizou ao longo da súa vida para as festas das San Lucas, acompañados de bosquexos preparatorios e textos explicativos. O volume, editado pola Asociación As San Lucas de Mondoñedo coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, rende tributo a un creador esencial na cultura galega contemporánea. O libro inclúe achegas de Antonio Reigosa, Pedro Cabarcos, Alberto Guitián, Juan Puchades e do propio Vizoso, e documenta tamén outras participacións do artista nas festas mindonienses, como o pregón de 1966 ou a súa presenza como xurado en certames artísticos. Segundo explica Reigosa, Vizoso fixo o primeiro debuxo para a portada das San Lucas en 1966 e, entre 1973 e 2024, elaborou 17 carteis nos que os cabalos son protagonistas recorrentes. Cada un deles reflicte “a



evolución dun artista cun estilo propio, singular e sempre orixinal”. O proxecto contou coa colaboración dos fillos do artista, Daniel e Pepe Vizoso, e dun grupo de traballo integrado por Antonio Reigosa, Miguel Souto, Xosé Artiaga, Suso Robles e Daniel Caxigueiro, ademais de representantes municipais. O libro Xosé Vizoso. Sempre coas San Lucas poderá recollerse de forma gratuíta na Oficina de Turismo de Mondoñedo desde o martes 4 de novembro, a partir das 10:00 horas, cun exemplar por persoa, exclusivamente con recollida presencial e sen reservas nin envíos.

Aberto o prazo do Concurso de Fotografía O Mellor Recuncho

O Concello de Mondoñedo, a través da Concellería de Cultura, vén de abrir o prazo para participar na décima edición do Concurso de Fotografía “O Mellor Recuncho de Mondoñedo”, que nesta ocasión se celebra baixo o lema “Elixo o lugar de Mondoñedo que máis che gusta”. O certame ten como obxectivo a creación dun calendario para o ano 2026 con imaxes que amosen a beleza e singularidade dos recunchos mindonienses. O prazo de presentación das fotografías comeza hoxe e permanecerá aberto ata o venres 28 de novembro. As persoas interesadas deberán enviar unha única fotografía en soporte dixital ao enderezo electrónico recunchosde-mondonedo@gmail.com indicando no asunto Concurso Fotografía 2025 e incluíndo no corpo da mensaxe o nome

completo e un número de teléfono de contacto. As imaxes deberán remitirse en formato jpg, tif ou bmp, cunha calidade mínima superior a 750 Kb. O Concello lembra que non se deben enviar fotografías descargadas das redes sociais nin recibidas a través de WhatsApp, xa que poderían carecer da resolución necesaria para a elaboración do calendario. Recoméndase, polo tanto, enviar sempre as fotos orixinais. Como en edicións anteriores, o certame contará con tres fotografías premiadas, que serán seleccionadas entre todas as presentadas. O Concello de Mondoñedo anima á veciñanza e a todas as persoas afeccionadas á fotografía a participar e a contribuír coa súa mirada persoal á promoción do patrimonio visual e emocional da cidade.

A Deputación de Lugo e Barreiros colaboran en tres proxectos clave



A Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros veñen de pechar un convenio de colaboración que permitirá impulsar tres actuacións fundamentais no municipio mariñán: a mellora do abastecemento de auga, a modernización da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) e a dotación de material ortopédico para reforzar os servizos sociais. O acordo, asinado polo presidente provincial, José Tomé Roca, e a segunda tenente de alcaldesa, Carmen Veiga Rodríguez, conta cun investimento total de 237.135,91 euros, dos que a Deputación achega 230.000.

A primeira das actuacións consistirá na execución dunha nova rede de distribución de auga en Merille, que permitirá resolver os problemas de subministración rexistrados no verán nos barrios de San Cosme e da Ínsua. “Eliminarase a conexión entre ambas zonas e ga-

rantirase un maior caudal para a Ínsua, o que suporá un alivio para moitas familias”, explicou Pilar García Porto.

A segunda liña céntrase na modernización e dixitalización da EDAR, que será obxecto de cinco melloras principais: substitución de equipos, instalación de compoñentes auxiliares e integración no sistema de xestión municipal. Segundo García Porto, “estas actuacións responden ás deficiencias dun urbanismo descontrolado que non garantiu servizos básicos”.

Finalmente, a terceira actuación diríxese a reforzar o Servizo de Axuda no Fogar e o servizo municipal de préstamo mediante a compra de material ortopédico. En Barreiros, o 34% da poboación supera os 65 anos, e o SAF atende a uns 70 fogares. “É unha necesidade crecente que require apoio institucional”, subliñou Veiga.

Cine, libros e compromiso feminista polo 25N

O Concello continúa coa súa programación de actividades centradas na loita contra a violencia machista. Este domingo, 16 de novembro, proxectará no Centro Sociocultural de San Cosme a película “Prefiro Condenarme”, da cineasta galega Margarita Ledo Andión.

A proxección, que comezará ás 18:00 horas, forma parte do VIII Ciclo de Cine e Mulleres Rurais promovido polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que inclúe quince filmes sobre a vida e a loita das mulleres no ámbito rural.

A obra relata a historia real de Sagrario Ribela Fra, mariscadora da ría de Ferrol, que se interpreta a si mesma. Durante a ditadura franquista foi sometida a un xuízo por adulterio e sufriu unha longa etapa de violencia por parte do seu marido. Margarita Ledo recupera o seu caso para reivindicar a dignidade e a forza das mulleres galegas.

A concelleira de Igualdade, Montse Porteiro, salientou que

“con esta proxección queremos visibilizar a loita das mulleres galegas de clase traballadora pola liberdade e pola igualdade, e rexeitar todas as formas de violencia machista que o patriarcado segue a exercer”.

A programación inclúe tamén a creación dun punto lila na Biblioteca Municipal, inaugurado o 24 de outubro con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, e a exposición “Mulleres por Mulleres” no Centro Social de San Xusto, onde tamén se entregou un lote de libros feministas á biblioteca rural.

As actividades culminarán o martes 25 de novembro coa lectura da declaración institucional contra a violencia machista na Praza do Concello. “Será un acto simbólico pero necesario —explican desde o goberno local— para lembrar que estamos en contra de quen maltrata e de quen nega ou minimiza a violencia”.

Instalados tres mini puntos limpos para fomentar a reciclaxe

O Goberno local instalou tres mini puntos limpos de proximidade en San Cosme e San Miguel para facilitar a reciclaxe de pequenos residuos domésticos e fomentar hábitos sostibles entre a veciñanza. As novas instalacións sitúanse preto das vivendas sociais e do Teleclub, en San Cosme, e no aparcadoiro do Souto, en San Miguel, para garantir a súa accesibilidade.

Estes contedores complementan o punto limpo móbil e o punto limpo municipal, que tamén ofrece recollida a domicilio. Permiten depositar cápsulas de café, cartuchos de impresora, pequenos aparellos eléctricos, teléfonos móbiles, lámpadas, pilas e baterías.

Desde o Concello explican que o obxectivo é reducir a presenza de improprios nas bolsas do lixo e mellorar a reutilización e reciclaxe dos materiais. A iniciativa encaixa na estratexia ambiental municipal e reforza a campaña sobre a separación dos residuos orgánicos.

O investimento ascendeu a 17.605,50 euros, financiado nun 90 % pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

O PP critica o abandono dos parques infantís en Barreiros



Os concelleiros do Partido Popular de Barreiros criticaron de novo o “deixamento” do goberno local polo mal estado das propiedades municipais, en especial dos parques infantís e biosaudables. Segundo o voceiro popular, José Manuel Gómez Puente, nais e pais denunciaron o deterioro destas zonas, que “seguen cheas de deficiencias sen corrixir” desde que foron advertidas en maio.

O edil sinalou como especialmente preocupante o parque situado nas inmediacións da escola infantil, cuxo chan acolchado presenta fendas e malas herbas, “co risco

de que algún neno poida facerse dano”. Por iso, pediu unha actuación inmediata para substituír o pavimento e garantir a seguridade dos máis pequenos, lembrando que “hai dous meses que se solicitou á alcaldesa unha intervención urxente”.

Gómez Puente reclamou tamén a limpeza da fonte ornamental do mesmo recinto, “cuberta de verdín e sucidade”, e advertiu de que o seu aspecto ofrece “unha imaxe de abandono incompatible cun municipio que quere proxectarse como coidado e atractivo”. Pediu, ademais, un mantemento regular das zonas públicas.

Barreiros recupera a tradicional comida da terceira idade

Barreiros recuperará este mes unha das citas máis queridas pola súa veciñanza: a tradicional comida da terceira idade, un encontro que non se celebraba desde hai seis anos e que regresa con espírito de agradecemento e recoñecemento ás persoas maiores do municipio. A xornada festiva terá lugar o xoves 27 de novembro e incluírá un xantar, actuacións musicais e moitos momentos para compartir anécdotas e vivencias.

Aínda que a situación económica municipal mellorou, o goberno local quere manter o equilibrio orzamentario, polo que se estableceu un prezo simbólico para participar: 15 euros para as persoas xubiladas empadroadas e 35 euros para acompañantes non empadroados e/ou non xubilados. As tarxetas poderán retirarse nas oficinas xerais municipais, logo de realizar o ingreso correspondente na conta do Concello de Barreiros na Caixa Rural. O prazo para facelo remata o venres 21 de novembro ás 14.00 horas.

O Concello enviará tamén unha carta informativa ás persoas maiores de 67 anos, destinatarias principais do encontro.

Alejandro Paz gaña o certame Tech Kids Argallando.gal

Alejandro Paz Gam, veciño de Barreiros, proclamouse gañador absoluto do programa Tech Kids Argallando.gal, que premia o talento dixital da mocidade galega. A iniciativa, impulsada pola AMTEGA e o CPEIG, contou coa participación de alumnado das aulas CeMIT de toda Galicia, entre elas a de Barreiros.

O proxecto presentado por Alejandro consistiu nunha modelaxe 3D inspirada na Catedral de Santiago de Compostela, que destacou ante o xurado polo seu alto nivel técnico, precisión nos detalles e coherencia artística. Grazas a este traballo, o mozo logrou o primeiro premio na categoría “Xigante Argalleiro”, converténdose no vencedor global da edición.

O acto de entrega celebrouse o 24 de outubro no Gaiás Tech, na Cidade da Cultura, con representantes da AMTEGA e do CPEIG, que subliñaron a creatividade e potencial da mocidade galega no ámbito tecnolóxico.

Desde o Concello de Barreiros felicitaron ao gañador e recoñeceron o labor da aula CeMIT local, que promove a innovación e o uso responsable das TIC. “É unha mostra de que o talento pode xurdir en calquera lugar”, destacaron.

O programa Tech Kids fomenta cada verán o pensamento crítico e a creatividade dos máis novos a través de proxectos que unen tecnoloxía, innovación e tradición galega.

O BNG propón dixitalizar a reserva das instalacións deportivas municipais

O BNG de Xove levou ao Pleno ordinario unha proposta para implantar un sistema dixital de reserva das instalacións deportivas municipais, entre as que se inclúen o pavillón e a piscina municipais, a pista de pádel ou o campo de adestramento anexo ao estadio de fútbol. A iniciativa, explican desde o grupo nacionalista, busca modernizar e facer máis áxil a xestión destes espazos públicos, ofrecendo ás persoas usuarias un acceso máis rápido e cómodo. “A idea é que se poidan facer as reservas sen necesidade de desprazarse ao Concello ou á piscina municipal, e incluso realizar o pago das taxas de xeito telemático”, sinalan. Segundo o BNG, a posta en marcha do sistema sería “relativamente sinxela”, xa que os clubs, asociacións e entidades deportivas xa presentan cada ano o seu calendario de uso, polo que a información necesaria está

dispoñible. “O único que falta é integrala nun sistema dixital e garantir que se manteña actualizada, para dar prioridade a posibles cambios ou necesidades das entidades deportivas”, apuntan. A formación lembra que esta proposta non é nova: xa fora presentada no ano 2019, pero daquela non chegou a materializarse. Por iso, insisten agora en recuperala, ao entender que segue sendo “unha demanda moi estendida entre as usuarias e usuarios das instalacións municipais, que reclaman unha xestión máis moderna e adaptada aos tempos actuais”. O BNG subliña tamén que a dixitalización non debe deixar a ninguén atrás. “Queremos que haxa unha opción presencial para aquelas persoas que non se manexen ben co formato en liña, porque o obxectivo é facilitar o acceso, non complicarllo a ninguén”, destacan.

COGAMI mellora a seguridade e os exteriores do seu centro de día

A Asociación A Mariña COGAMI está a desenvolver un proxecto de mellora das instalacións do seu centro de atención diúrna situado en Palmeiro, no concello de Xove. A iniciativa, financiada a través da convocatoria do 0,7 % do IRPF para fins sociais da Xunta de Galicia, ten como obxectivo reforzar a seguridade e mellorar a calidade dos espazos exteriores do centro. A actuación principal consiste na instalación dun peche metálico tipo Hércules en todo o perímetro do recinto, con varias portas de acceso, co fin de garantir a protección das persoas usuarias e facilitar o uso do xardín e das zonas ao aire libre en condicións de tranquilidade e confianza. Esta mellora beneficiará directamente a trinta persoas con diferentes graos de dependencia que acoden a diario ao centro, ofrecéndolles un entorno máis seguro e adaptado para a realización de actividades ao aire libre. Deste xeito, a actuación contribúe a fo-



mentar o seu benestar emocional, a súa autonomía persoal e a súa saúde física, promovendo hábitos de vida activa e participación social. Desde a entidade destacan que este tipo de proxectos permiten “seguir avanzando na inclusión e na calidade dos servizos prestados ás persoas con discapacidade”, reforzando a misión de COGAMI como referente na atención social da Mariña Lucense. Con máis de 36 anos de traxectoria, A Mariña COGAMI é unha

asociación sen ánimo de lucro que traballa pola defensa dos dereitos e a mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade ou en situación de dependencia. A súa labor abrangue programas de atención social, orientación laboral, formación e accesibilidade, consolidando un modelo de intervención integral que aposta pola igualdade de oportunidades e pola plena participación das persoas con discapacidade na sociedade.

Xove camiñará pola igualdade na “Ruta dos Bancos Violetas”

O Concello de Xove únese este mes á loita pola igualdade coa nova edición da Ruta dos Bancos Violetas, unha andaina contra a violencia de xénero organizada por Bumei Galicia, coa colaboración municipal e da Xunta de Galicia. A actividade celebrarase o 15 de novembro, con saída ás 10.30 horas diante da Casa do Concello e un percorrido de dez quilómetros. As inscricións están abertas ata o día 13.

A iniciativa busca visibilizar a violencia machista e promover mensaxes de igualdade e respecto, nun ambiente participativo e familiar. Durante a ruta visitaranse varios bancos violetas, símbolo da memoria das vítimas e da concienciación social. Ao rematar, haberá un ágape de convivencia, co obxectivo de fomentar o espírito comunitario e reforzar o compromiso colectivo coa igualdade real.

Arrincan os obradoiros de ioga para fortalecer corpo e mente

O Concello pon en marcha unha nova proposta dirixida ao benestar físico e emocional da súa veciñanza: os obradoiros de ioga para coidadoras e persoas con enfermidades crónicas. A iniciativa desenvolverase na Casa do Director, con clases programadas dous mércores ao mes, sempre ás 19:00 horas, e dará comezo o vindeiro 15 de outubro. Desde o Departamento de Servizos Sociais explican que esta acti-

vidade nace co obxectivo de ofrecer un espazo de calma, coidado persoal e encontro para quen afronta o día a día de forma especialmente esixente, xa sexa por tarefas de coidado ou por problemas de saúde de longa duración. A participación é totalmente gratuíta, e as persoas interesadas poden anotarse chamando ao número 691 235 185 ou de maneira presencial nos Servizos Sociais municipais.

O PSOE carga contra o PP pola suba do lixo e o Portiño de Morás

O Grupo Municipal Socialista de Xove manifestou o seu rexeitamento a dúas decisións recentes que, ao seu xuízo, exemplifican “a falta de xestión e planificación do Partido Popular tanto a nivel local como autonómico”. Por unha banda, o PSdeG votou en contra da proposta do goberno de Demetrio Salgueiro para incrementar de media nun 84 % a taxa de recollida e tratamento do lixo. Por outra, criticou con dureza o novo anuncio da Conselleira do Mar sobre o Portiño de Morás, ao que cualifica como “outro episodio de propaganda sen contido real”. En relación coa suba da taxa do lixo, os socialistas consideran a medida “inxusta e desproporcionada” e atribúena directamente á “falta de xestión do alcalde e do seu equipo”. O Concello xustifica o incremento pola adaptación á normativa europea sobre residuos, mais o PSdeG asegura que “nin o PP de Xove nin a Xunta fixeron os deberes”. “Estamos de acordo co principio de quen contamina paga, pero o que non pode ser é que a inacción do PP se traduza nun novo golpe aos petos da veciñanza”, indican. As vivendas urbanas pasarán de pa-



gar 48 a 88 euros anuais e as rurais de 36 a 60, mentres que no caso da hostalaría rural o aumento supera o 300 %. O PSdeG lembra que SOGAMA elevou os seus custes nun 60% en dous anos “segundo a priorizar a incineración fronte á reciclaxe e acumulando sancións que acaban pagando os concellos”. Denuncian tamén que a zona rural segue sen alternativas reais para o tratamento dos residuos e que o goberno local “limitase a colocar contedores de cores mentres presume de reciclaxe”. No ámbito autonómico, o PSdeG de Xove amosou o seu “absoluto

rexeitamento” ao novo anuncio da Conselleira do Mar sobre o Portiño de Morás, que leva 18 anos sen concretarse. “Dicir que se van investir 80.000 euros é o mesmo que dicir que non se vai facer nada. Nin chega para o cartel das fotos”, ironizan. Lembran que dende 2007 se suceden promesas e fotos sen avances reais, e esixen que a Xunta presente o proxecto definitivo, o financiamento real e un calendario verificable. “Estamos diante dun goberno esgotado, sen proxecto e alleo ás políticas ambientais e ao desenvolvemento real de Xove”, conclúen.

A Deputación destina 250.000 euros á mellora de 18 camiños

A Deputación de Lugo e o Concello de Alfoz veñen de asinar un convenio de colaboración polo que a institución provincial financiará con 250.000 euros un total de dezoito actuacións na rede viaria deste municipio mariñán. O acordo foi formalizado no Pazo de San Marcos polo presidente da Deputación, José Tomé Roca, e o tenente de alcaldesa, Cándido Paleo Rejes, coa presenza da rexedora local, Efigenia Maseda Paz.

Tomé destacou que “somos o Concello dos concellos” e que este tipo de convenios “permiten que Alfoz mellore de maneira notable a conectividade en oito das súas nove parroquias”. En total, arranxaranse 11,2 quilómetros de estradas, mellorando comunicacións e seguridade viaria.

Os traballos distribuiranse por diversas parroquias, como Carballido, onde se actuará no entorno do circuíto de motocrós e nos accesos á Agüeira e a Ade-



lán; nesta última tamén se rehabilitarán máis de dous quilómetros do camiño das Anduriñas. En Mor e Reirado mellorarase o acceso ao Liñar e outro camiño no Penido; en Bacoí arranxaranse 331 metros no Gorvidal, e en Lagoa dous treitos, en Lavanco e Lameiro. Tamén se prevén actuacións en Oiras —en Insua Nova e na Trabada— e no Pereiro, onde se acometerán seis obras en distintos lugares como Rubeiro, Pesquita, Faián, Ferradás, Celeirote e Celeiro Vello.

As melloras incluírán limpeza de cunetas, reforzo do firme, rasantado e compactado con base de grixo, segundo as necesidades de cada tramo. O obxectivo é garantir a durabilidade das vías e facilitar o tránsito veciñal e agrícola.

Tomé subliñou que “moitos concellos pequenos non dispoñen dos medios para afrontar estes traballos” e que esta cooperación “mellora non só as comunicacións, senón tamén a calidade de vida no rural”.

O Magosto reunirá á veciñanza o 22 de novembro no pavillón municipal

O cheiro das castañas asadas volverá encher o Pavillón Municipal de Alfoz o vindeiro venres 22 de novembro, cando se celebre o Magosto organizado pola Asociación Cultural Xuvenil O Castelo, coa colaboración do Concello. A cita dará comezo ás 21:00 horas e promete unha velada chea de sabor e ambiente festivo.

O menú preparado para a ocasión inclúe boliños preñados, tortilla, castañas, viño, auga e café, unha combinación que aposta pola sinxeleza e o espírito tradicional desta celebración tan arraigada no outono galego. Ademais, a velada contará cunha actuación musical, que amenizará a noite e animará aos asistentes a compartir conversa e baile.

A entidade organizadora subliña que o evento está pensado para todas as idades e para favorecer o encontro entre veciños. A entrada será gratuíta para os socios, mentres que as persoas non socias deberán abonar 8 euros. As reservas poden realizarse ata o 19 de novembro, nos teléfonos 617 29 97 98 e 635 82 43 66.

O Mercado de Nadal regresa o 6 de decembro cunha xornada chea de ambiente e ilusión



Alfoz prepárase para mergullarse de novo na maxia do Nadal coa celebración do III Mercado de Nadal, que terá lugar o sábado 6 de decembro. A iniciativa, organizada pola Asociación Cultural e Xuvenil O Castelo coa colaboración da Asociación de Veciños e Veciñas de Mor, promete unha xornada chea de encanto, boa música, artesanía e espírito festivo.

Dende a organización animan á veciñanza e visitantes a anotar a data no calendario, xa que o evento se converteu nunha das citas máis agardadas da programación festiva de Alfoz.

O mercado contará con postos de

artesanía, agasallos, decoración e produtos locais, ademais de actividades para todas as idades, que se darán a coñecer nos próximos días. O Concello e as entidades colaboradoras convidan a toda a comarca a participar nesta xornada, que cada ano reúne a centos de persoas arredor dun mesmo propósito: compartir ilusión, apoiar o comercio local e celebrar o Nadal en comunidade.

Moi pronto daranse a coñecer todos os detalles da programación, pero xa se anticipa que non faltarán as sorpresas, a música e o bo ambiente que caracterizan esta cita tan especial.

Rematada a ponte sobre o Rego dos Agros, que restablece o acceso á Pena do Golpe



O Concello de Alfoz vén de concluír as obras de construción da nova ponte sobre o Rego dos Agros, na parroquia de O Pereiro, unha actuación que permite recuperar o acceso ao núcleo da Pena do Golpe, tras o colapso dos antigos tubos de drenaxe que provocaran o corte da estrada e deixaran incomunicadas ás veciñas e veciños da zona.

A intervención supuxo un investimento total de 95.635,03 euros e responde, segundo o goberno local, “á necesidade urxente de garantir a comunicación viaria e a seguridade dos habitantes da parroquia”.

A nova infraestrutura está composta por marcos prefabricados de formigón armado, cunha luz libre de tres metros e unha altura de dous e medio, o que asegura unha capacidade de desaugadoiro axeitada mesmo en períodos de fortes choivas. Ademais, para favorecer a súa integración paisaxística, em-

pregáronse materiais propios da contorna e construíronse escolleiras revexetas co obxectivo de reducir o impacto visual e ambiental da obra.

O proxecto incluíu tamén a reposición do firme, a instalación de barreiras de seguridade e a aplicación de medidas de protección do leito durante todo o proceso de execución.

Desde o executivo municipal subliñaron que “esta actuación era prioritaria para restablecer un acceso viario esencial e garantir unha conexión segura e eficiente coa zona”. Engadiron que a nova ponte “non só mellora o tránsito, senón que ofrece unha solución sostible e adaptada ao medio natural”.

O goberno de Alfoz asegurou, ademais, que seguirá a traballar “para mellorar a rede viaria en todo o municipio, atendendo ás necesidades de cada parroquia e evitando que ningunha zona quede illada”.

En marcha un novo curso de estimulación cognitiva dirixido a persoas maiores

O Goberno local impulsa unha nova edición do programa “ActivaMENTE”, destinado a persoas maiores de 55 anos e pensionistas, co propósito de fomentar o envellecemento activo e saudable. As sesións comezarán o 17 de outubro ás 10:30 horas no Centro Sociocultural de Alfoz e manteranse abertas durante todo o ano, ofrecendo un espazo estable para exercitar a memoria, a atención e outras capacidades cognitivas mediante dinámicas participativas e adaptadas a cada persoa.

Desde o Concello subliñan que

esta iniciativa busca previr o deterioro cognitivo, mellorar a autonomía persoal e fortalecer as relacións sociais, nun ambiente de convivencia que promove tamén o benestar emocional.

As inscricións poden realizarse nas dependencias municipais ou no teléfono 982 55 80 01, e as sesións estarán dirixidas por profesionais especializados. O programa combina o coidado mental co pracer de compartir experiencias, reforzando o compromiso de Alfoz coa saúde e calidade de vida das persoas maiores.

O Concello impulsa o programa Educando en familia

O Concello, en colaboración co CEIP O Vicedo, pon en marcha o programa Educando en familia, unha iniciativa dirixida a acompañar ás familias no proceso de adaptación ao centro escolar e a fortalecer a súa participación activa na educación dos nenos. O proxecto inclúe sesións quincenais que se desenvolverán os luns alternos ás 16:30 horas no propio centro educativo, centradas en facilitar unha adaptación paulatina das familias á vida escolar e en crear un espazo de diálogo e colaboración entre nais, pais e profesorado. Ademais, o programa contempla un servizo de asesoramento familiar individualizado, que se ofrecerá un luns ao mes ás 10:30 horas na Casa da Cultura, con cita previa. Este espazo permitirá abordar dúbidas, compartir experiencias e recibir orientación profesional sobre aspectos relacionados coa crianza, a convivencia e a comunicación familiar. As persoas interesadas poden obter máis información e formalizar a súa inscrición chamando ao número 696 31 50 98.

O Vicedo renova os accesos rurais coa axuda da Deputación

A Deputación de Lugo e o Concello do Vicedo avanza conxuntamente na mellora da rede viaria do municipio a través de dúas actuacións complementarias. Por unha banda, a Deputación adxudicou por preto de 330.000 euros as obras de acondicionamento das estradas provinciais LU-P-6401, entre Suegos e Folcoeira, e LU-P-6402, que conecta O Vicedo co Cristo de Portapena, incluíndo tamén un ramal en Negradas. Os traballos, que executará Carferlo SL nun

prazo de tres meses, contemplan a reapertura de cunetas, o pavimentado con aglomerado en quente e a renovación da sinalización. En paralelo, o Concello realizou melloras nos accesos a varios núcleos rurais —Enxertado, O Caroceiro, O Chao, Morgallón e O Vicedo—, co-financiadas pola Deputación dentro do Plan 2024, centradas na aplicación de novo aglomerado e na limpeza de cunetas para reforzar a seguridade e facilitar a mobilidade veciñal.

O Encontro Interxeracional de Avós e Netos será o día 15

O Concello do Vicedo celebrará o 15 de novembro a XXXI edición do Encontro Interxeracional de Avós e Netos, unha cita xa tradicional que promove a convivencia e o intercambio de valores entre xeracións. Poderán participar persoas xubiladas e empadroadas no municipio, acompañadas dos seus cónxuxes e netos de entre 3 e 18 anos. O prazo de inscrición está aberto ata o 12 de novembro nas depen-

dencias de Servizos Sociais, cun prezo simbólico de 3 euros por adulto. Tamén poderán sumarse acompañantes non empadroados, aboando o custo da comida no momento da inscrición. O evento, impulsado polo Concello, destaca polo seu ambiente familiar e pola súa capacidade para fortalecer os lazos comunitarios e preservar esta tradición tan querida no Vicedo.

O PSOE reclama un plan integral de saneamento

O grupo municipal do PSdeG-PSOE do Vicedo criticou a falta de planificación do goberno local en materia de saneamento e pediu ao alcalde que actúe “con seriedade e transparencia” ante un problema que consideran clave para a saúde pública e o medio ambiente. Os socialistas lembran que o saneamento require unha rede de sumidoiros, estacións depuradoras e bombeos que garantan un tratamento adecuado das augas residuais. “Cando isto falla, prodúcense vertidos ou malos cheiros que afectan á calidade de vida”, advirten. O PSdeG leva meses reclamando un plan integral que avalíe o estado da rede e estableza prioridades de actuación, pero denunciaron que o alcalde “bloqueou o debate en xullo alegando que non era urxente”. Engaden que en setembro o goberno local presentou unha emenda á totalidade para evitar o estudo proposto, pese a que despois o propio rexedor admitiu publicamente que “é necesario elaborar un plan para determinar necesidades e custos”. Para o grupo socialista, esta contradición “evidencia a falta de



coherencia e de planificación do executivo”. Reclaman que se poña en marcha canto antes un diagnóstico rigoroso e transparente, con compromiso real co medio ambiente e co benestar da veciñanza. Solicitan, ademais, que se indiquen prazos concretos para a elaboración do plan, a asignación de recursos e a busca de financiamento externo —provinces de Xunta ou fondos europeos— para garantir a rápida execución das obras necesarias. “Non pedimos nada extraordinario —afirmaron—, só responsabilidade e vontade de facer as cousas ben”.

En marcha o programa ‘Acompañad@ en tu camino’ para previr a soidade non desexada

O Concello de Vegadeo, a través da Concellería de Benestar Social e Maiores, vén de poñer en marcha o programa Acompañad@ en tu camino, unha iniciativa que ten como obxectivo previr e reducir o illamento social e emocional das persoas maiores ou con discapacidade que viven soas de maneira non elixida. O programa está dirixido a persoas maiores de 65 anos e/ou con discapacidade que vivan soas ou se sintan soas, ofrecéndolles actividades de acompañamento, integración social e apoio emocional co fin de fomentar as relacións persoais e mellorar a súa calidade de vida. As persoas interesadas ou aquelas que coñezan a alguén que poida necesitar apoio poden contactar co Centro Municipal de Servizos Sociais de Vegadeo, no propio Concello de Vegadeo, a través dos teléfonos 985 476 148 / 697 163 640 ou do correo electrónico plansalud@vegadeo.es.

O Concello continúa a súa transformación urbana

O Goberno local continúa a executar o seu plan de renovación urbana cun novo proxecto centrado na mellora do entorno do recinto feiral, considerado o principal punto de encontro social da vila. Esta segunda fase abrangue a humanización da rúa Hermanas Fernández de la Vega, en continuidade coa intervención anterior que xa mellorara a accesibilidade na zona. A actuación, adxudicada á empresa Desarrollos y Metas S.L. por 119.268,11 euros, inclúe a ampliación de beirarrúas, a incorporación de vexetación e a renovación integral da parada de autobús, que contará cunha marquesiña moderna, sostible e accesible. Desde o grupo socialista destacan que o obxectivo é reducir o tráfico rodado e priorizar os desprazamentos a pé, facendo de Vegadeo un espazo “máis amable, seguro e

habitado”. As obras forman parte do Plan de Impulso contra a Despoboación e para a Mellora da Calidade de Vida no Medio Rural. O executivo local lembra que proxectos previos tamén se desenvolveron con apoio do ARRU, do Consorcio de Augas do Principado (CADASA) e doutras liñas europeas. “Estamos a xestionar e executar fondos públicos como nunca antes, respondendo ás necesidades reais da veciñanza máis alá das posibilidades económicas do municipio”, subliñan desde o PSOE local. Aínda que recoñecen que quedan retos pendentes, comprométese a seguir traballando “con responsabilidade e constancia” para facer de Vegadeo un lugar “moderno, verde e pensado para as persoas”. “Cumprimos o que prometemos”, conclúen, reafirmando a súa aposta por un modelo urbano sostible e inclusivo.

O outono chega á vila con concursos literarios, viños e letras compartidas

O Concello impulsa este outono tres propostas culturais e sociais que consolidan o municipio como un espazo dinámico de creación e encontro. Por unha banda, acaba de abrir o prazo para participar na sexta edición do Concurso de Contos do Concello de Vegadeo, destinado a promover a escrita en galego-asturiano e descubrir novos talentos literarios. O certame, aberto a todas as idades, establece catro categorías —desde Primaria ata Adultos— e admite textos de temática libre. As obras, redactadas segundo as normas ortográficas de 2007, deberán presentarse antes do 12 de decembro no Concello, e o fallo do xurado farase público o 30 do mesmo mes. Repartiranse premios de 100 euros en vales para escolares e de 200 euros para adultos.

Feira do Viño. Tamén en novembro celebrarase a II Feira do Viño, os días 15 e 16, na carpa do Parque de Medal. Tras o éxito da primeira edición, o evento reunirá adegas e expositores de distintas zonas vitivinícolas, con degustacións mediante tickets e venda directa. Coincidirá coa XX Exposición Internacional de Avicultura “La Pinina”, o que favorecerá unha gran afluencia de visitantes. A feira abrirá o sábado de 12:00 a 23:00 e o domingo de 12:00 a 16:00 horas.

LIBRO. Por último, o venres 14, a Casa da Cultura acollerá a presentación “Historias de Federico Mediante”, coa escritora Ana Martínez Loreda, quen comentará dúas obras clave do autor. A actividade, organizada por Amigos de Vegadeo, busca “achegar a literatura á xente e dar voz a autores con sensibilidade e pensamento propio”.

Cervo avanza cara a un modelo máis sostible

O Concello impulsa melloras en San Cibrao, no Polígono de Cuíña e nas instalacións municipais para reforzar a accesibilidade e a eficiencia, cun plan integral que combina sustentabilidade e modernización

O Concello de Cervo está a desenvolver un amplo plan de actuacións que abrangue diferentes puntos do municipio, cun investimento global que supera os 480.000 euros, orientado á mellora das infraestruturas hidráulicas, deportivas e urbanas, así como á accesibilidade e ao confort da veciñanza.

Un dos proxectos máis destacados é o que se está a executar na EDAR de San Cibrao, situada no Polígono Industrial de Cuíña. A intervención, financiada pola Xunta de Galicia con máis de 150.000 euros, busca mellorar a eficiencia do sistema de transporte e depuración de augas residuais. Segundo explicou a alcaldesa, Dolores García Caramés, trátase dunha actuación clave para “incrementar a capacidade de tratamento e reducir os alivios nos episodios de choiva intensa, garantindo un maior volume de auga depurada”.

O proxecto inclúe a renovación das bombas do tanque de tormentas, a automatización dos sistemas de control e a instalación de sensores de pH, caudal e condutividade, que se integrarán no sistema de telexestión municipal. Ademais, mellóranse tamén as estacións de bombeo do polígono, garantindo un funcionamento coordinado e eficiente de todo o sistema.



En paralelo, o Concello executa a mellora dos accesos ao Polígono Industrial de Cuíña, cun orzamento de 157.687,67 euros, tamén cofinanciado pola Xunta. As obras abranguen máis de 2.600 metros cadrados e inclúen novas beirarrúas, pavimento peonil e canalizacións soterradas para servizos de alumeadado, ademais da renovación de zonas asfaltadas e de saneamento. “Estas actuacións reforzan a imaxe e funcionalidade do polígono, mellorando a seguridade viaria e facilitando a mobilidade peonil”, destacou a rexedora.

Outra das intervencións prioritarias é a reforma integral da Praza Nardo

Martínez, no corazón de San Ciprián, cun investimento de 150.000 euros con fondos municipais. O proxecto permitirá resolver os problemas de filtracións que afectaban á cuberta do auditorio da Casa da Cultura e mellorar a accesibilidade con novos pavimentos, mobiliario urbano e elementos podotáctiles para persoas con discapacidade visual. “Esta é unha obra moi especial, non só pola súa funcionalidade, senón polo valor simbólico da praza para a veciñanza”, indicou Caramés, lembrando a figura de Nardo Martínez, veciño moi querido que dá nome ao espazo.

O Concello tamén iniciou traballos

de mellora da accesibilidade no centro de San Ciprián, coa re colocación de bancos e maceteiros que reducían o espazo nas beirarrúas. O obxectivo é facilitar o tránsito das persoas con mobilidade reducida, cumprindo coa normativa vixente. “Pequenas intervencións como esta teñen un gran impacto na calidade de vida”, apuntou a alcaldesa, quen anunciou que esta análise de accesibilidade se estenderá a outras zonas do municipio.

A estas actuacións súmase a instalación dun moderno sistema de ventilación no ximnasio municipal de Lieiro, cun investimento de máis de 23.000 euros procedentes do Fondo de Compensación Ambiental da Xunta de Galicia. O novo equipo, baseado nun sistema con recuperador de calor, mellorará o confort térmico e reducirá o consumo enerxético. “É un paso máis cara a unha xestión sostible dos servizos públicos”, sinalou Caramés.

Conxuntamente, estes proxectos reflicten a aposta do Concello de Cervo por un modelo de desenvolvemento equilibrado e eficiente, centrado en mellorar a calidade de vida da cidadanía, apoiar o tecido empresarial e avanzar cara a un municipio máis accesible, moderno e respectuoso co medio ambiente.

O Concello honra a Xosé Vizoso coa creación da nova Sala Cultural

Cervo conta cun novo punto de referencia para a creación artística: a Sala Cultural Xosé Vizoso, inaugurada polo Concello e a asociación Airiños do Xunco no Conxunto Histórico Artístico de Sargadelos. O espazo, que substitúe á antiga Sala das Carboeiras, leva o nome do recoñecido artista e ilustrador recentemente falecido, moi vinculado ao municipio ao longo da súa vida.

Durante o acto inaugural, a alcaldesa, Dolores García Caramés, subliñou que “con este nomeamento queremos perpetuar a pegada de Xosé Vizoso, unha figura que fixo de Cervo a súa inspiración constante”. O evento contou coa presenza de familiares, veciños e representantes de entidades culturais que quixeron renderlle homenaxe.

A Sala Cultural Xosé Vizoso, renovada e de carácter multidisciplinar, nace como un espazo vivo para exposicións, conferencias e proxectos artísticos. A inauguración completouse cunha mostra dos carteis da Queimada Popular de Cervo deseñados por Vizoso, que repasa medio século de historia e creatividade cervense, consolidando o legado dun artista esencial para a identidade do municipio.

A vila recuperará o histórico Quiosco Juana como punto turístico interactivo

O Concello impulsa a recuperación do histórico quiosco de Juana, un dos símbolos máis queridos de San Cibrao, que renacerá como punto de información turística interactivo e autoxestionado. A alcaldesa, Dolores García Caramés, subliñou que “esta actuación é un exercicio de respecto e cariño pola nosa historia colectiva, unha maneira de perpetuar unha estrutura tan xenuína que forma parte da alma de San Cibrao”.

O proxecto, redactado hai dous anos e financiado a través do Grupo de Desenvolvemento Rural Asociación Terras de Miranda dentro do programa LEADER, supón un investimento de 33.750 euros. A nova construción evocará o deseño orixinal do quiosco mediante unha estrutura lixeira e contemporánea que conservará os seus valores simbólicos e identitarios.

O espazo funcionará como centro de interpretación e punto de acollida para visitantes, dotado de recursos dixitais, paneis interactivos e acceso web, coa finalidade de difundir a historia, o patrimonio e a cultura cervense. Inclúirá contidos sobre a historia do propio quiosco, as festas, tradicións e toponimia local.

A alcaldesa, acompañada pola concelleira Mali Méndez, destacou que se trata “dunha obra enorme en valor simbólico, que recupera un recordo común e un anaquiño da nosa identidade”. Tamén agradeceu a colaboración de Juana, antiga responsable do establecemento, pola súa disposición a ceder o espazo. Con esta iniciativa, Cervo reafirma o seu compromiso coa conservación do patrimonio e coa unión entre tradición e modernidade.

Celebran a posta en marcha da Xincana A Fume de Carozo

O Goberno local apoiou a instalación da Xincana A Fume de Carozo, unha nova zona de xogo e lecer creada polo club de trail A Fume de Carozo dentro do plan de acción social de Alcoa, situada na contorna natural do Paseo da Ponte Romana de Lieiro.

A iniciativa ten como obxectivo fomentar a actividade física, o xogo ao aire libre e o contacto coa natureza entre os nenos e nenas e a mocidade, contribuíndo á promoción de hábitos saudables e ao respecto polo medio ambiente. O proxecto aposta pola sostibilidade e a integración co entorno natural, empregando materiais reciclados e elementos como troncos, pedras e cordas.

Na instalación da xincana participaron a alcaldesa de Cervo,

Dolores García Caramés, e o concelleiro, Alfredo Fernández, que puxeron en valor o traballo e a implicación do club A Fume de Carozo.

“Desde o Concello queremos recoñecer o esforzo e compromiso deste club, que non só promove o deporte, senón tamén a educación en valores e o coidado do medio ambiente. Animamos a toda a veciñanza e aos concellos veciños a desfrutar deste espazo que combina xogo, natureza e convivencia”, destacou a alcaldesa. A Xincana A Fume de Carozo ofrece un conxunto de probas e estruturas adaptadas a diferentes idades e niveis, con elementos accesibles para nenos e nenas con discapacidades, garantindo así un espazo inclusivo, seguro e educativo.

San Cibrao celebra unha nova edición do Sanci Tapeando

San Cibrao volve vestir sabor e tradición coa chegada dunha nova edición do Sanci Tapeando, unha iniciativa gastronómica impulsada polo Concello de Cervo para dinamizar a hostalería e promover o consumo local. Seis establecementos —A Penúltima, Las Titas, Maruxaina, O Faro, O Noso Lar e Bodega De Ana— ofrecerán cada xoves unha tapa diferente a un prezo único de 2,5 euros.

Na presentación do evento, a alcaldesa, Dolores García Caramés, puxo en valor “a creatividade e o esforzo dos hostaleiros, que fan de San Ciprián un referente gastronómico”.

Os participantes poderán entrar no sorteo de dous vales de 200 e 100 euros, mentres que as novidades e tapas semanais poderán consultarse na páxina de Facebook Sanci Tapeando.

Ourol José Luis Pajón Camba

“Hai que escoitar moito aos maiores; as súas experiencias son toda unha fonte de sabedoría”



O rexedor fala da súa traxectoria política e dos retos do municipio, como a Residencia de Maiores, sempre coa proximidade e a entrega que di caracterizalo

Como se iniciou na política e como se vinculou ao seu partido.
Comecei a colaborar na política municipal nas primeiras eleccións municipais democráticas ala polo ano 1979, na terceira convocatoria electoral das municipais na que xa se presentou o PSOE me afillei ao partido e desde aí ata o día de hoxe.

Como deu o salto o recibiu o impulso para ser alcalde?
Pois nas municipais de 2015 tocume encabezar a candidatura e conseguimos gañar as eleccións con 4 concelleiros, o PP 3 e CxG 2.

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno do Concello?
Como calquera traballo solo que aquí debes de estar pendente das cousas as 24 horas, pero no meu caso, o fago con gusto.

E beneficios?
Reconfortame moito o cariño e o recoñecemento da xente, que valoren o teu esforzo e iso é moi gratificante.

Cales son os seus obxectivos a nivel político?
As meus obxectivos políticos xa están cubertos, ser alcalde do teu pobo é o máximo obxectivo político

que creo que a calquera que lle guste este mundo debe aspirar. No meu caso xa está cumprido.

E como Goberno de cara á próxima lexislatura?
Gustaríame que na próxima lexislatura o proxecto da Residencia de Maiores de Ourol xa estea en funcionamento, estou seguro de que así será pois conto co compromiso da Deputación de Lugo e do seu presidente.

Está a favor dos pactos para conformar un Goberno estable?

“Gustaríame que na próxima lexislatura a Residencia de Maiores xa estea en funcionamento”

O dialogo é unha ferramenta moi importante en política, e para conformar gobernos estables e necesario dialogar e chegar a acordos, pactos, etc, sempre pensando no mellor para os veciños.

Cales son as principais liñas do seu programa?
A mellora da atención os nosos maiores, aínda sendo unha competencia impropia dos concellos pero nos implicámonos en axudar e mellorar a calidade de vida. Tamén a ampliación e mellora de traída de auga municipal, intentaremos comezar con algún saneamento, mellorar as nosas estradas, axudar ás asociacións, mellorar o alumeadado publico, etc.

Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?
Como xa dixen, é moi necesario un centro de maiores, e é tamén imprescindible unha atención sanitaria como en calquera capital, pois temos unha atención primaria deficiente porque non se cobren as



horas de médico. Tamén é necesaria unha boa cobertura móbil e de conexión a Internet, e atallar desde as administracións competentes a despoboación aplicando políticas potentes para que instalarse a vivir no rural sexa un aliciente.

De que proxectos se sente máis orgulloso?
A verdade, de todo o que se fixo. Reabilitáronse as antigas escolas, melloráronse os edificios municipais,

ampliáronse traídas de augas, Todos estes proxectos son importantes.

Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcalde?
A unha persoa próxima, que me vexan como un veciño máis, porque que o son.

Como é a súa relación coa oposición?
Boa, totalmente correcta, con moito respecto e educación. En resumen temos bo rollo.

“Ser alcalde do teu pobo é o máximo obxectivo político ao que se pode aspirar; no meu caso, xa está cumprido”

DATOS

HABITANTES: 985

PARROQUIAS: 8

EXTENSIÓN: 144 km cadrados

PARTIDO XUDICIAL: Viveiro

CORPORACIÓN: 5 concelleiros do PSOE, 2 do PP

ALCALDE: José Luis Pajón Camba do Partido Socialista

VOCEIRA PP: José Hermida Corbelle



EN CLAVE PERSOAL

Idade, estado civil e familiar.
Teño 68 anos, son viúvo e teño dous fillos.

Profesión e formación.
Fixen bacharelato superior e estiven moitos anos traballando de auxiliar administrativo, repartidor de supermercado, etc.

E si non foras alcalde que che gustaría ser?
Tal vez estudaría un FP de electricidade.

Que quería ser de maior?
Quería ser alcalde de Ourol.

Que fas para desconectar?
Camiñar ou charlar cos amigos.

Unha virtude e un defecto.
Son unha persoa sincera e de palabra, e defectos iso terán que dicilo os demais, pero creo que teño moitos.

Un consello para compartir.
Que hai que escoitar moito os maiores, as súas experiencias son todo unha fonte de sabedoría.

Un libro.
Los Santos Inocentes de Miguel Delibes.

Unha película.
El Padrino.

Un grupo de música.
Joaquín Sabina.

Unha afección.
O mundo dos cabalos.

Un lugar que visitar.
Roma.

Unha comida e unha bebida.
O polbo galego, e un viño da Ribeira Sacra.

Unha personaxe admirada.
Enrique Tierno Galván.

Unha posesión prezada.
A amizade.

Un desexo.
Paz no mundo.

Algo para esquecer.
Non teño que esquecer, os feitos que ocorren ao longo da vida quedan aí.

Que é o que máis valora nunha persoa?
A lealdade.

Como equilibras a vida pública e a privada?
Pois é difícil pero as obrigas hai que atendelas e despois dedicas o resto do tempo a cousas persoais.

Usas redes sociais e Whasapp?
Solo Whatsapp.

Un desafío pendente.
Non teño ningún.

Onde te ves en cinco anos?
Pois non o sei, non son adiviño para dicir onde estarei.

lourenzá

O PP acusa ao Goberno local de descontrol e deixadez no pobo

O Partido Popular de Lourenzá intensificou as súas críticas ao goberno local do PSOE, ao que acusan dunha “mala xestión continuada” que, segundo os populares, está a provocar múltiples problemas tanto ambientais como económicos no municipio. En primeiro lugar, denuncian o estado de abandono do punto limpo municipal, onde aseguran que se acumulan residuos e materiais fóra do recinto debido á falta de recollidas regulares. Engaden que se produciron queimas incontrolladas de plásticos, madeiras e outros refugallo, o que supón, ao seu xuízo, “un grave risco sanitario pola liberación de substancias tóxicas”.

PUNTO LIMPO. Os concelleiros populares tamén critican que o punto limpo careza de vixilancia axeitada e que a alarma leve anos sen funcionar, o que facilita a entrada de persoas alleas ás instalacións. “Esta desorganización ten consecuencias directas para os veciños, xa que o Concello acaba de pagar unha multa de máis de 5.000 euros pola súa nefasta xestión, un importe que sae directamente do peto dos laurentinos”, lamentan. A isto, engaden, súmanse “uns recibos do lixo cada vez máis elevados”, o que consideran “unha dobre penalización” para a cidadanía.



IBI. O PP de Lourenzá vai máis alá e acusa o goberno socialista de non presentar ningunha iniciativa dende o inicio do mandato. “O PSOE leva dez anos gobernando o concello e converteuno nunha auténtica freidora de impostos”, afirman, asegurando que se aplicou “un incremento masivo do IBI de urbana e rústica”, o que supón un aumento medio de máis de 250 euros por veciño. “Mentres suben impostos e atrasan o pago ás traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar, soben o salario do tenente de alcaldesa socialista”, engaden.

LIMPEZA. Ademais, os populares lamentan que o goberno local rexeitase a súa moción para crear un plan anual de limpeza, acondicionamento e desbroce das zonas verdes e vías municipais. Segundo

explicou o portavoz Roberto Díaz, a proposta buscaba “poñer orde e planificación no mantemento do municipio”, mais o executivo alegou dificultades de medios. “Se recoñecen que non poden cumprir nin o que planifican mes a mes, están admitindo que non existe organización real”, sostén Díaz, quen alerta tamén do mal estado das pistas forestais e dos riscos que supón en caso de incendio.

AXUDAS. Por último, o PP censura que o goberno socialista incumprise o pagamento das axudas ao transporte escolar do alumnado do IES San Rosendo de Mondoñedo, comprometidas en 3.000 euros. “As familias confiaron nun compromiso público que non se cumpriu”, conclúen, reclamando “seriedade, responsabilidade e transparencia na xestión municipal”.

O teatro volve tomar Lourenzá co VII Certame Concello de Lourenzá

O Concello anunciou as oito obras seleccionadas para participar no VII Certame de Teatro Concello de Lourenzá, que se desenvolverá ao longo de novembro e reunirá compañías de distintos puntos de Galicia e do resto do Estado. Entre os grupos participantes atópanse Asociación 57 Palabras (Viveiro), O Catre Teatro (As Pontes), The-sastre Teatro (Barbadás), Ollomao (Barreiros), Imaxina-T (Narón), Teatro Coles (Ourense), Compañía El Ruiseñor (Culleredo) e Teatro do Asteleiro (Ferrol).

O concelleiro de Cultura, Manuel Arango, explicou que as representacións xa comezaron o domingo 2 de novembro, ás 20:00 horas, no Multiusos Ponte de Cuñas, coa obra ‘Sen frores nin coroas’, de Viveiro, e continuarán todos os sábados e do-



mingos do mes.

A gala de clausura e entrega de premios celebrarase o 13 de decembro, coa representación de ‘Julietta en verano’, das compañías Luz de Gas e El Callejón del Gato (Xixón). A laurentina Carmen de Picoaga actuará na

obra e presentará a cerimonia.

O Concello subliña que este certame “é xa unha cita de referencia no teatro afeccionado galego”, destacando o seu papel na promoción cultural e na dinamización social de Lourenzá.

ourol

O Encontro de Maiores contará cun xantar e música en directo

O Concello de Ourel celebrará o domingo 30 de novembro unha nova edición do Encontro de Maiores, unha cita pensada para fomentar a convivencia e o lecer entre as persoas de máis de 55 anos empadroadas no municipio. O evento terá lugar no Restaurante Louzao de Viveiro, a partir das 14:00 horas, e incluírá unha comida de confraternidade, música en directo e un sorteo sorpresa.

Desde o departamento de Servizos Sociais destacan que esta iniciativa “busca recoñecer o papel fundamental que as persoas maiores seguen a ter na vida comunitaria, ofrecendo-

lles unha xornada de encontro e alegría”. Tamén sinalan que se trata dun acto moi esperado, “porque moitos aproveitan para reencontrarse con vellos amigos e compartir recordos”. A participación é gratuíta para os maiores empadroados, mentres que os cónxuxes non empadroados ou menores de 55 anos poderán asistir aboando a entrada. As persoas dependentes poderán acudir cun acompañante.

As inscricións poden realizarse ata o 27 de novembro no Departamento de Servizos Sociais (teléfonos 982 55 91 09 / 677 48 94 57).

Sabela Ramil inspira o seu novo sinxelo en Maruja Mallo

A cantante e compositora ourolesa Sabela Ramil vive un momento de grande proxección. Acaba de lanzar A quen ignora, un sinxelo inspirado na figura da pintora viveirense Maruja Mallo, no que explora sons máis atrevidos e experimentais dentro do pop electrónico. A canción inclúe a voz real de Mallo pronunciando a frase “40.000 pintores en París, 40.000 que ya no existen”, que serve como fío condutor dunha reflexión sobre a arte e a súa

efemeridade. O tema coincide coa inauguración da gran retrospectiva Maruja Mallo. Máscara y compás no Museo Reina Sofía.

Ao tempo, Sabela anunciou a súa primeira xira internacional, o Brillante Tour, que arrincará o 27 e 28 de febreiro no festival EmigraSon de Bruxelas, con novas datas en Europa. A artista promete un directo renovado e emocional, no que mesturará tradición galega e vangarda sonora.

o valadouro

O Valadouro quenta motores para a 2ª Xuntanza Old School



O Valadouro acollerá o 18 de xullo de 2026 a segunda edición da Xuntanza Old School, organizada polo Moto Clube Val D’Ouro, que reunirá afeccionados ás motos clásicas nunha xornada de convivencia, estrada e boa música. O club avanza que o cartel é provisional, mais busca “ir quentando motores” e animar á participación nun evento que quere consolidarse

como cita anual do calendario moteiro galego. A iniciativa, que xa triunfou na súa primeira edición, pretende recuperar o espírito das concentracións tradicionais, con ambiente familiar, boa comida e rutas compartidas. “Nace do amor polas motos e da amizade”, sinalan desde o club, que nas próximas semanas detallará o programa e os grupos musicais.

MAR

O Senado avala a proposta do BNG para fomentar o consumo de peixe en comedores

O Bloque Nacionalista Galego (BNG) conseguiu o apoio da Comisión de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 do Senado para a moción presentada pola senadora Carme da Silva, destinada a fomentar o consumo de peixe e produtos do mar nos comedores escolares e nos centros sociosanitarios. A iniciativa insta o Goberno a introducir criterios específicos que garantan a presenza de, polo menos, tres racións semanais destes alimentos nas dietas saudables das institucións públicas. Durante a súa intervención, Carme da Silva advertiu da caída do consumo de peixe e defendeu que, no marco dos novos decretos sobre alimentación saudable e sustentable que prepara o Ministerio de Consumo, “se debe recoñecer o papel fundamental do peixe e dos produtos mariños”. Subliñou tamén que o BNG aposta por promover a dieta Atlántica, rica en peixe, mariscos e produtos frescos, como exemplo de alimentación equilibrada e sostible. A moción aprobada solicita ao Executivo que incorpore estas recomendacións no proxecto de Real Decreto sobre alimentación

saudable e sustentable nas Administracións Públicas, hospitais e residencias, garantindo que o peixe non se inclúa dentro do concepto xenérico de proteína animal, “xa que se trata dun alimento máis saudable e con características nutricionais diferenciadas”, precisou a senadora. Da Silva insistiu en que o Goberno debe ter en conta as tres dimensións —social, económica e ambiental— ao establecer os criterios de sustentabilidade, e basear as recomendacións en informes científicos sobre os beneficios do peixe. Ademais, reclamou o recoñecemento doutras dietas alternativas á mediterránea, como a Atlántica ou a Pesco-Mediterránea, que reflicten mellor a realidade alimentaria galega. Tras a aprobación da moción, Carme da Silva cualificou o resultado como “un avance importante para mellorar as dietas saudables e apoiar o sector pesqueiro galego”. A senadora salientou que a medida permitirá impulsar o consumo responsable de produtos do mar e dar visibilidade ao traballo da frota galega, esencial na economía e na cultura alimentaria do país.

Celeiro convértese de novo no epicentro do debate pesqueiro

O porto de Celeiro converterase, un ano máis, no epicentro do pensamento pesqueiro nacional coa celebración da XXIX edición das Xornadas Técnicas de Difusión do Sector Pesqueiro, que terán lugar do 27 ao 29 de novembro baixo o lema “Pensar a pesca, construír o futuro”. Coñecidas popularmente como a “Universidade do Mar”, estas xornadas son o principal foro español de debate sobre o presente e o futuro da actividade pesqueira, un espazo no que profesionais, investigadores e responsables públicos analizan os retos, oportunidades e estratexias para garantir unha pesca sostible e competitiva. A organización corre a cargo da OPP-77 Puerto de Celeiro, coa colaboración da Xunta de Galicia, a Comisión Europea (FEMPA) e a Confraría de Pescadores. O evento desenvolverase en formato híbrido, con participación presencial e en liña, e a asistencia será gratuíta e aberta ao público. A inauguración estará presidida pola secretaria xeral de Pesca, Isabel Artime, mentres que a conselleira do Mar, Marta Villaverde, será a encargada de clausurar o encontro. O programa contará con 23 relatoras e relatores, 17 deles de nova incorporación, o



que reflicte o carácter dinámico e renovador das xornadas. Nesta edición, baixo o lema “Un mar vivo e unha pesca con futuro”, abordaranse cuestións como a política pesqueira común e a súa gobernanza, a sustentabilidade mariña, a innovación tecnolóxica, a dixitalización das frotas, a compatibilidade coa enerxía eólica mariña, o relevo xeracional, a formación e seguridade laboral, os TACs, cotas e financiamento, así como os novos desafíos económicos e ambientais do sector. O secretario da Confraría de Pescadores de Celeiro, Máximo Díaz Méndez, destacou que este foro “é unha oportunidade única para que o sector pesqueiro galego e estatal se reencontre, reflexione e trace estratexias comúns que

permitan afrontar os retos actuais e futuros”, incidindo na importancia da colaboración multidisciplinar e do compromiso coa sustentabilidade. Nesta edición, ademais, as entidades organizadoras renderán unha homenaxe ao catedrático emérito da Universidade da Coruña, Fernando González Laxe, figura clave na modernización da política pesqueira española e un referente na economía marítima. O recoñecemento busca agradecer a súa contribución ao desenvolvemento sustentable dos recursos mariños e lembrar que foi el quen bautizou as xornadas como “a Universidade do Mar”, denominación que Celeiro mantén con orgullo como símbolo do seu legado.

Portos e a AEAT selan un acordo de 15 anos en Ribadeo

Portos e a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) formalizaron un convenio de colaboración de 15 anos prorrogables que permitirá ao Servizo de Vixilancia Aduaneira utilizar diversas instalacións portuarias no porto de Ribadeo. O acordo inclúe a cesión dun peirao flotante, unha caseta de apoio en terra e unha zona de aparcadoiro restrinxida, todo iso sen taxas por parte do ente público galego. O obxectivo é mellorar a operatividade das unidades marítimas da Axencia Tributaria na costa lucense e reforzar as súas tarefas de control fronteirizo e prevención de actividades ilícitas. Con esta colaboración a longo prazo, Portos de Galicia reafirma o seu compromiso coa coordinación institucional, a seguridade marítima e o uso eficiente das infraestruturas portuarias ao servizo do interese público.

Expomar presenta un proxecto educativo que unirá escolas e entidades arredor da pesca

A Fundación Expomar presentou en Burela o proxecto “Sostibilidade da actividade pesqueira e consumo responsable. Congreso da infancia e da adolescencia”, coñecido como “Xeración Peixe”, que busca concienciar á mocidade sobre o valor do mar e fomentar un consumo local e sostible. Financiado polo FEMPA 2021-2027 e o GALP A Mariña-Ortegal, o proxecto implicará centros educativos e entidades sociais. A presidenta de Expomar e alcaldesa de Burela, Carmela López, destacou que a iniciativa “abre o sector pesqueiro a novos ámbitos e achega o mar á mocidade, o futuro da comarca”. Pola súa banda, o concelleiro

de Mar, Ramiro Fernández, explicou que incluírá un estudo de consumo, un certame literario, un recetario mariñeiro, accións de limpeza e unha proposta gastronómica elaborada na Escola de Hostalería de Foz, o “Pincho de Peixe”. O proxecto culminará no primeiro semestre de 2026 cun Congreso da infancia e da adolescencia, que poñerá en valor a pesca como motor económico e social. Ademais, celebrarase o “Día do Peixe”, no que se servirá produto pesqueiro fresco en comedores de centros educativos e sociais, beneficiando a máis de mil persoas e reforzando o compromiso coa sostibilidade mariña.

Arranca o programa ‘Un mar de diversidade II’ nas escolas



O programa “Un mar de diversidade II” arrancou este mes de outubro coa colaboración do FEMPA da Consellería do Mar e do GALP A Mariña-Ortegal, dando continuidade a unha proposta educativa centrada no respecto e na empatía. A iniciativa, impulsada pola Asociación Guillem Veiga Iglesias, percorre por segundo ano consecutivo os colexios da Mariña Lucense para sensibilizar ao alumnado sobre a diversidade e a inclusión.

A través dun escenario mariño cheo de xogos e personaxes como o polbo, o peixe pallaso ou o golfinho, nenos e nenas de 3º e 4º de Primaria aprenden que as barreiras non están nas persoas, senón nas contornas non accesibles. As dez prazas ofertadas cubríronse rapidamente, o que reflicte o interese das escolas por un proxecto que promove desde idades temperás unha sociedade máis xusta e inclusiva.

DEPUTACIÓN

A Deputación sobe o seu orzamento ata os 135 millóns de euros, un 3,5 % máis

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, presentou no Parlamento de Galicia as liñas estratéxicas dos Orzamentos provinciais para o 2026, que crecerán ata os 135 millóns de euros. Uns presupostos “que protexen, que avanza e que serven á xente da nosa provincia” e que tal e como explicou o mandatario provincial, virán consolidar unha acción de Goberno que leva anos centrada na mobilidade, as políticas sociais, a cooperación cos concellos e o apoio aos sectores produtivos.

“Para o 2026 presentamos uns Orzamentos expansivos, que medran un 3,57 %, por riba do IPC, máis de 5 millóns respecto ao 2025”, detallou Tomé Roca. Informou que a Deputación, como sempre desde que el é Presidente, está ultimando os presupostos “coa previsión de levalos ao Pleno para a súa aprobación en novembro e que, desta forma, poidan entrar en vigor a principios do mes de xaneiro”.

Enmarcou a súa comparecencia no Parlamento galego “en tempo e forma” co compromiso real que ten o seu Goberno coa cidadanía, “porque así entendemos a responsabilidade pública”. E destacou que a utilidade



das contas mídese no seu grao de execución, valorando que “aí nós falamos con feitos: nos últimos anos a Deputación está a executar máis do 90% do seu orzamento, situándose entre as administracións máis eficaces do Estado. Aquí o que se aproba, cúmprese”. Nese sentido, apuntou que os Orzamentos 2026 seguen un rumbo “claro e planificado, asentado nos catro grandes piares da nosa acción de Goberno: a mellora da mobilidade, a cooperación cos concellos, o apoio aos sectores produtivos e as políticas sociais”.

Respecto da mobilidade, que cualificou como “o primeiro factor de

igualdade territorial” porque “se os núcleos non están conectados, non hai poboación que resista”, asegurou que a Deputación continuará co “mellor plan de estradas da historia da Deputación”, actuando sobre a rede provincial máis extensa de España: 4.217 quilómetros.

Nese sentido, avanzou que a institución vai consolidar e incrementar o investimento do pasado ano, que acadou os 27 millóns de euros para a mellora e conservación de estradas. Destacou que este ano a Deputación mobilizou o arranxo de máis de 100 quilómetros de estradas provinciais ao seu paso por 30 concellos. “Sen

distincións por cores políticas. Nós planificamos, actuamos e conservamos seguindo criterios técnicos” e nese sentido destacou que o 60% dos arranxos foron en concellos cun alcalde ou alcaldesa do PP.

E comprometeuse a seguir traballando para conseguir que unha parte dos fondos da Unión Europea se destinen á mellora da mobilidade por estrada. No que ten que ver coas políticas sociais, o Presidente asegurou que a Deputación manterá un terzo dos orzamentos a esta partida que conta cunha das redes de protección máis ampla e eficaz de todas as deputacións de España. Destacou nese sentido iniciativas como a teleasistencia, o servizo de axuda no fogar ou a rede de centros de atención a maiores. Fixo fincapé en que a institución provincial ten en funcionamento 9 residencias cun modelo “público, de calidade, con emprego local e con arraigo social” e anunciou que “polo menos 2 dos 4 novos centros que estamos construíndo estarán en funcionamento entre finais de 2026 e comezos do 2027, ampliando a nosa rede e reforzando o rural”. E aproveitou o Presidente para lembrar que o modelo da Deputación é referencia a

nivel europeo.

Anunciou que o Plan Deputación de cooperación cos concellos estará dotado con 22,2 millóns de euros, subindo con respecto ao ano pasado. No que ten que ver coa cooperación cos concellos, apuntou que case todo o que fai a Deputación é cooperación cos concellos. Ser o Concello dos concellos marca o día a día da institución provincial “de maneira transversal, constante e comprometida” co obxectivo de gañar eficacia e ser útiles para a veciñanza.

O Centro de Innovación Territorial constitúe unha das grandes apostas estratéxicas dos Orzamentos 2026. O presidente expuxo que se trata dun proxecto “pioneiro”, concibido para situar o rural no epicentro das políticas de desenvolvemento. E relatou que grazas ao convenio asinado co Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, mobilizaranse 850.000 euros -510.000 serán achegados polo Goberno de España e 340.000 pola Deputación- entre este ano e 2029 para poñer en marcha un instrumento “moderno, eficaz e transformador”.

Asegurou o Presidente que os sectores produtivos contarán un ano máis co compromiso da Deputación de Lugo. Puxo como exemplo o proxecto da Administración provincial na Granxa Gayoso Castro, unhas instalacións “fundamentais” para o ensino universitario do Campus Terra e a colaboración coa USC.

O Pleno destina 5,1 millóns a ampliar a rede de residencias

O Pleno aprobou a ampliación da vixencia dos convenios da rede provincial de residencias ata xuño de 2026, co obxectivo de garantir a continuidade do servizo e a estabilidade na atención ás persoas maiores da provincia. A medida, que contou cos votos a favor do PSdeG e do BNG e coa abstención do PP, supón un investimento de máis de 5,1 millóns de euros destinados a asegurar o funcionamento dos nove centros que conforman a rede provincial: Castroverde, A Fonsagrada, Navia de Suarna, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Ribadeo, Ribas de Sil, Trabada e Meira.

O deputado Pablo Rivera Capón explicou que esta segunda addenda “permite manter a estabilidade das prestacións asistenciais e planificar o gasto con previsión, sen modificar as condicións esenciais acordadas no ano 2018”. Rivera destacou que o acordo dá marxe para renovar o marco xurídico do modelo provincial de Centros de Atención a Maiores,

previsto para o vindeiro ano, sen afectar ás persoas usuarias nin aos concellos. O deputado criticou ademais a falta de compromiso da Xunta de Galicia, asegurando que “a pesar de ser a administración competente, a súa política de residencias na provincia de Lugo é inexistente, sen un só proxecto novo en marcha a pesar do sobreenvellecemento da poboación”.

O modelo asistencial da Deputación é 100% público e sen ánimo de lucro, cunha aposta pola atención personalizada e o benestar das persoas maiores. Segundo destacou a institución provincial, este sistema non busca rendibilidade económica, senón mellorar a calidade de vida dos usuarios, xerando máis de 225 empregos directos e beneficiando a máis de 300 veciños e veciñas.

MOCIÓN. Na mesma sesión, o Pleno aprobou unha proposta para instar á Xunta de Galicia a saldar a débeda de 600 millóns de euros que

mantén cos concellos por asumir competencias impropias.

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, denunciou que a Xunta ten “conxelado o Fondo de Cooperación Local desde 2010” e que o reparte “con criterios partidistas”. Segundo explicou, os orzamentos autonómicos de 2026 destinan 187 millóns de euros a este fondo, o que supón “apenas 600.000 euros por concello, unha cifra ridícula se se compara cos recursos da Administración galega, que manexa un orzamento cen veces maior ao da Deputación”.

A voceira socialista, Pilar García Porto, lembrou que a cifra da débeda foi calculada pola FEGAMP e criticou que os concellos están a asumir servizos que corresponden á Xunta, como o SAF ou a gratuidade das escolas infantís municipais.

O texto aprobado reclama que os orzamentos da Xunta para 2026 incrementen o Fondo de Cooperación Local, incorporen partidas especí-



ficas para garantir a prestación de servizos no rural en igualdade co ámbito urbano e se acheguen aos 500 millóns que o propio presidente Rueda estimara como necesarios.

O Pleno tamén aprobou, por unanimidade, unha moción socialista para esixir que a Escola Universitaria de Enfermaría de Lugo manteña o seu carácter de centro autonómico no caso de integrarse na Universidade de Santiago de Compostela (USC). O presidente Tomé defendeu que “a Escola non pode ser unha sucursal doutra facultade; ten entidade e capacidade abonda para manter a súa independencia”. Pola súa banda, García Porto salientou que o campus de Lugo “é un pilar de desenvolvemento e unha ferramenta de futuro que debe medrar con sentido, non minguar de xeito irreflexivo”.

Desde o PP aseguraron que “sempre defenderán a identidade de Enfermaría en Lugo” e afirmaron que “a integración no sistema universitario está consensuada”, criticando que “quen poñen en dúbida a súa continuidade son o PSOE e o BNG”.

Pola súa parte, o deputado provincial do BNG, Daniel García, reclamou á Xunta “respostas claras e inmediatas” ante a falta de información ás explotacións sobre a xestión da dermatose nodular, despois das medidas cautelares decretadas pola Consellería do Medio Rural sobre o movemento de animais.

DEPORTES

Ribadeo será sede das concentracións de baloncesto das categorías inferiores

Ribadeo será a sede das concentracións das categorías inferiores da Federación Galega de Baloncesto, tras o convenio asinado entre o Concello e esta entidade. O concelleiro de Deportes, Francisco José Silvent, explicou que “Ribadeo convértese deste xeito no Concello do baloncesto galego. Tras a firma deste convenio a nosa vila será a sede das concentracións de todas as categorías inferiores da Federación Galega de Baloncesto”. E subliñou que “ademais isto implicará que Ribadeo acolla diversas competicións da Federación Galega de Baloncesto, que promoverá e fará medrar o deporte base desta disciplina no noso concello”. Silvent engadiu: “estamos moi contentos de ter asinado este importante convenio para o deporte ribadense”.

Mondoñedo prepárase para a VII Carreira Monumental

A cidade de Mondoñedo volverá converterse nun auténtico circuito urbano o sábado 29 de novembro, coa celebración da VII edición da Carreira Mondoñedo Monumental 2025. A entrega de dorsais comezará ás 16:00 horas, e a partir das 18:00 horas dará comezo o programa de competicións. A primeira en saír será a carreira de cativos, destinada a nenos e nenas nados en 2018 e anos posteriores, cun percorrido simbólico de 200 metros, non competitivo, pensado para gozar do deporte en familia. Ás 18:05 horas correrán os sub-10 (nados en 2016 e 2017) sobre unha distancia de 950 metros, seguidos dos sub-12 (2014 e 2015), que percorreren 1.900 metros a partir das 18:10 horas. Uns minutos máis tarde, ás 18:25 horas, será a quenda das categorías sub-14 e sub-16 (de 2010 a 2013), cun trazado de 2.850 metros que promete intensidade e emoción. O prato forte da xornada chegará coa carreira absoluta, prevista para as 18:40 horas, na que poderán participar todas as persoas nadas en 2009 e anos anteriores. O percorrido, de 6.000 metros, transcorrerá polas rúas e contornos monumentais de Mondoñedo, ofrecendo aos corredores unha experiencia única entre o deporte e a historia.

O Cembedo colleita 8 medallas no torneo Villa de Vegadeo



O Club Bádminton O Cembedo volveu amosar o seu excelente nivel competitivo no torneo TOP TTR Villa de Vegadeo, celebrado na localidade asturiana. Once xogadores do club participaron nesta cita, que reuniu a deportistas de diferentes categorías e niveis, e regresaron con oito medallas no seu palmarés: catro de prata e catro de bronce. As parellas Luisa e Isa en Damas Femininas A1, Pedro e María José en Dobres Mixtos B2, Merce Lago e María José en Damas Femininas C2 e Marta e Jorge en Dobres Mixtos C2 acadaron a medalla de prata tras uns encontros moi disputados. Pola súa banda, os dúos Luisa e Iván (DX B2), Juan e Iván (DM

A2), Mer Ballesteros e Marta (DF C2) e Merce Lago e Vergara (DX C2) completaron o cadro de honra cun total de catro bronce. Desde o club destacaron “a regularidade e o compromiso dos xogadores”, así como o gran ambiente deportivo vivido durante toda a competición. Ademais, fixeron unha mención especial para os debutantes Paco e Mario, que participaron no seu primeiro torneo federado, deixando boas sensacións e amosando unha prometedora progresión. A cita de Vegadeo serviu tamén como preparación para os próximos compromisos da tempada, nos que O Cembedo espera seguir sumando éxitos.

Santiago González consolídase como líder da Liga Galega de Sala de tiro con arco

A segunda tirada da Liga Galega de Sala de tiro con arco, celebrada no Concello de Meis (Pontevedra), deixou de novo como protagonista ao arqueiro do ladovi, Santiago González Villares “Sargadelos”, quen sumou outra brillante vitoria que lle permite manterse á fronte da clasificación. O deportista mariñán mellorou o seu rexistro con respecto á primeira xornada, incrementando en catro puntos a súa marca ata acadar os 522, e volvendo ocupar o primeiro posto do podio, con 28 puntos de vantaxe sobre o segundo clasificado. Segundo explicaron desde o club, González comezou a competición “algo frío”, logrando 258 puntos na primeira parte, pero acadou o seu mellor rendemento na segunda metade, onde sumou 264 puntos, demostrando a súa experiencia e constancia.



A falta de tres tiradas para rematar a liga, o representante do ladovi continúa ampliando a distancia cos seus rivais. Se mantén este ritmo competitivo, podería revalidar o ouro conseguido o ano pasado, confirmando como un dos arqueiros galegos máis destacados do momento.

A Liga Nacional de Billarda arrincou en Cervo cunha gran participación e entusiasmo

A Liga Nacional de Billarda da Conferencia Norleste iniciou a tempada en Cervo cunha xornada chea de entusiasmo e bo ambiente, tras dúas citas canceladas pola choiva. O tempo acompañou e permitiu celebrar unha competición moi esperada polos seguidores deste deporte tradicional galego. Participaron 72 palanadores e palanadoras —50 homes, 16 mulleres e 6 nenos—, que deron mostra de gran deportividade. A organización destacou o bo clima competitivo, aínda que se notou a inactividade previa, xa que só tres xogadores superaron os vinte puntos. O novo sistema de xogo, que limita a seis o número máximo de golpes por xogada,

funcionou sen problemas e foi ben acollido polos deportistas. O primeiro varado da tempada chegou da man de Marcos, de Troitas Bravas, cun golpe espectacular que levantou os aplausos do público. O triunfo absoluto foi para Markytos, dos Billardeiros Musicais, con 24 puntos, seguido por Seixas (Billarda Verde) e Gundar (Madia Leva), ambos con 20. Na categoría feminina destacou Castiñeiro Milenario, con Cris como gañadora, Alba (Troitas Bravas) segunda e Vanesa terceira. En infantís brillou o equipo local, con Roi, Mateo e Martín no podio. Por equipos, Billardeiros Musicais iniciaron con forza a liga e lideran a clasificación xeral.

O Praias de Barreiros proclámase campión da VI Copa Deputación de fútbol



O pavillón municipal de Barreiros converteuse este sábado no epicentro do fútbol sala lucense coa disputa das finais da VI Copa Deputación, patrocinada pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo. O Praias de Barreiros, na categoría feminina, e o Meigallos B, en Segunda Masculina, proclamáronse campións dun torneo que destacou polo ambiente, a igualdade e a emoción ata o último minuto. Na final feminina, o Praias de Barreiros impúxose ao Ribeira FS por un axustado 3-4 nun encontro cheo de intensidade. As barreirenses mantiveron o pulso durante todo o partido e conseguiron decantar o marcador nos minutos finais, desatando a euforia entre o público local. O triunfo supón un novo éxito para un club que leva anos traballando pola consolidación do fútbol sala feminino na Mariña e que, segundo destacaron desde a organización,

“é un exemplo de compromiso, constancia e ilusión”. No apartado masculino, o Meigallos B logrou o título tras vencer ao Trabada Futsal por 5-6, nun duelo que tamén mantivo a incerteza ata o último instante. Os sarriaos chegaron a contar cunha vantaxe de tres goles, pero o conxunto trabadense protagonizou unha gran remontada que mantivo en tensión ás bancadas ata o final. O deputado de Mocidade, Daniel García, amosou o seu orgullo polo desenvolvemento da competición e quixo felicitar “a todos os equipos pola súa gran motivación e polo esforzo demostrado ao longo do torneo”. Tamén destacou “o ambiente exemplar vivido no pavillón e a elección de Barreiros como sede das finais, un recoñecemento á súa tradición no fútbol sala, especialmente no feminino”.

A emoción de voar na Mariña: a experiencia do parapente

O Club Parapente Ferrol celebra dúas décadas de voo, unindo formación e paixón por sobrevoar A Mariña desde Monte Comado ata Mondoñedo

Por Ana Somoza.

Cando fala de voo, Xulio Villarino semella trasladarse mentalmente a unha das ladeiras da Mariña. O presidente do Club Parapente Ferrol, natural de Fazouro, explica que o club “naceu no 2007 en Ferrol, grazas a un grupo de afeccionados que por paixón decidiron montalo”. Non foi só unha asociación para xuntarse a practicar, pois desde o principio contaron cunha escola deportiva. El mesmo formouse nesa escola en 2011 e, apenas tres anos despois, en 2014, pasou a presidir a entidade.

A súa historia é, en boa parte, a historia do club. Villarino subliña que non se trataba dun grupo improvisado, senón dunha iniciativa con seriedade e continuidade: “creouse co obxectivo de formar, de ter un espazo federado e de traballar en común”. Esa seriedade foi a que consolidou unha estrutura que hoxe suma arredor de sesenta socios.

O CLUB. O presidente insiste en que, ao contrario do que acontece noutros deportes, como o fútbol, non existen socios que só acheguen unha cota sen practicar. “Os nosos socios son deportistas federados, estatutariamente teñen que estalo”, resume. Iso significa que todos os que forman parte do colectivo teñen unha práctica activa. A maioría son homes, mais tamén hai seis mulleres en activo, algo do que presume con satisfacción: “somos o club de toda Galicia con máis mulleres, con seis pilotos que voan con nós”. A idade media dos parapentistas sitúase nos 44 anos, e entre os socios destaca un veterano que segue voando con setenta anos.

O VENTO COMO GUÍA. O parapente é unha disciplina absolutamente dependente da meteoroloxía. Villarino explícase con claridade: “as zonas de voo escóllense sempre en función de onde vén o vento e como está orientada a ladeira”. En Ferrol teñen o chamado “voo nai”, no Monte das Lagoas, en Ponzos, unha ladeira orientada ao noroeste. “Cando o vento está de noroeste, vas atoparnos no Monte das Lagoas, porque o vento ten que chocar perpendicularmente coa montaña para subir cara arriba”, di. Lembra que o parapente, en condicións normais, baixa, “salvo que atopas unha masa de aire que sube, e nese caso sobes con ela”. As referencias multiplícanse: Monte Ventoso para os ventos do norte-noroeste, Ponzos para o noroeste, Cariño para os do nordeste. Pero cando fala de A Mariña, a voz éncheselle de entusiasmo. “Na Mariña lu-

cense voamos moitísimo no Monte Comado, que é un nor-nordeste. Ten máis ángulos de aceptación, pero en xeral é un nor-nordeste, o que permite que sexa unha das zonas máis voables de toda a comarca”. Afirma que é “a mellor zona de toda A Mariña e, quizais, unha das mellores de Galicia”. O presidente menciona tamén Mondoñedo, “un sitio moi peculiar porque está moi encaixado no val”. Non oculta que hai anos se utilizaban outros enclaves como a Curuxeira ou o Cadramón, pero hoxe esas zonas foron substituídas. “Un día de nordeste non te vas á Curuxeira, porque alí só tes cinco minutos de descenso. Para iso vas ao Monte Comado, que é mellor, porque se o día está bo podes estar voando tres horas seguidas”, explica.

UN DEPORTE ESIXENTE. A permanencia no parapente é baixa. Villarino

que é un deporte moi perigoso, e iso tamén deixa pegada”. Esa suma de factores fai que moitos abandonen, aínda que a paixón se manteña en quen supera esas barreiras.

MODALIDADES. O parapente ten tres modalidades principais. A de distancia consiste en saír dun punto e pasar por outros marcados en GPS ata chegar a unha meta que pode estar entre 50 e 300 quilómetros. Existe tamén a competición de precisión, cunha diana no chan na que hai que aterrar no centro. E, por último, están as probas de acrobacia, que requiren facer figuras no aire. En Galicia non se dan condicións para as acrobacias, que adoitan celebrarse en zonas do interior da Península con máis altura. Aquí celébranse o campionato de distancia XC no Larouco, no verán, e tamén probas de precisión. Villarino recalca que “estas

“A Mariña ofrece condicións únicas: a combinación de costa e montaña permite voos moi distintos e paisaxes espectaculares. O Monte Comado ten unha orientación privilexiada”



no recalca que de cen persoas que entran nunha escola, só un vinte por cento segue dez anos despois. “Non porque sexa perigoso, senón porque é moi esixente a nivel mental e meteorolóxico”, aclara. Para voar hai que esperar condicións moi precisas. O día que traballas, non podes voar; cando libras, pode que tampouco, e se tes tempo libre na fin de semana, pode chover. “É moi frustrante a nivel mental, e moita xente acaba deixándoo”. Hai tamén un peso social: “na casa enseguida che din

son as dúas modalidades que facemos, porque en Galicia non hai condicións boas para facer acrobacia”.

A ESCOLA. O Club Parapente Ferrol non é só un espazo para pilotos experimentados. Tamén ofrece un programa para seguidores que, pagando unha cota anual, poden probar un voo en bipraza cun dos técnicos. “Así podes ver como é o deporte e, se che gusta, xa podes meterte na nosa escola”, conta o presidente. Unha vez dentro, a progresión con-



tinúa coa formación e a práctica, ás veces participando en competicións. Villarino advirte que o importante é facelo con seriedade: “o meu consello é que se busque un club, sexa o noso ou outro, pero que sexa un club serio, con xente responsable, que fan as cousas con cabeza. Non ir a unha empresa que che vai formar dez ou quince días e xa está”. O proceso de aprendizaxe é rápido a nivel técnico inicial: “en quince días estás

cia”. A orografía, os ventos e as ladeiras configuran un espazo privilexiado. Fala da sensación de sobrevoar a comarca, de como o vento se converte en aliado e de como se pode permanecer horas flotando no ceo. Para el, a beleza está en que cada voo é distinto, porque depende das condicións e do momento. “Os parapentes sempre voan cara abaixo, salvo que atopen unha masa de aire que sube, e nese caso ti sobes”. É esa loita constante coa física a que fai do parapente unha experiencia tan intensa.

UN DEPORTE DE PAIXÓN. A pesar da súa esixencia, quen queda atrapado polo parapente non o solta. Villarino é exemplo diso. Non oculta que é un deporte que pide tempo e paciencia, mais tamén ofrece unha recompensa que poucos outros deportes dan: a posibilidade de ver o mundo desde unha perspectiva diferente. Describe como “cada encontro co vento, cada ascenso inesperado, cada planeo sobre unha ladeira” é unha experiencia irrepetible. E lembra que a Mariña é un escenario que non ten nada que envexar a outros territorios. “Voar é unha experiencia que engancha. É esixente, é complexa, pero é tamén unha das cousas máis bonitas que se poden facer”, conclúe o presidente do club.

CONCLUSIÓN. O Club Parapente Ferrol cumpre case dúas décadas de vida, con sesenta socios, unha escola activa e un presidente que insiste en que a clave é a seriedade e a formación. Villarino, nado en Fazouro, repite que “o importante é facelo con responsabilidade e gozalo”. O ceo da Mariña segue a ser un dos mellores lugares para comprobar que a sensación de voar non é só un soño, senón unha realidade que cada día experimentan os parapentistas que soben ao Monte Comado, ao val de Mondoñedo ou ás ladeiras de Ferrol. “Voar é unha experiencia que engancha. É esixente, é complexa, pero é tamén unha das cousas máis bonitas que se poden facer”, conclúe o presidente do club.

“O parapente é un deporte moi esixente mentalmente: require tempo, concentración e constancia. De cada cen persoas que comezan, só un 20 % continúa despois dun par de anos”

voando só cos instructores guiándote por radio”. Pero voar de verdade é outra cousa: require máis tempo, un proceso intelectual. “Necesitas entender cousas de meteoroloxía ou de aerodinámica, por exemplo”.

O CEO DA MARIÑA. Unha parte esencial da conversa con Villarino ten que ver co territorio. A Mariña é un dos mellores lugares para practicar parapente, e o presidente non dubida en repetilo: “Monte Comado é unha das mellores zonas de Gali-

COLABORACIÓN

Gañar unha viaxe

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Ficar ergueita diante do taboleiro das necrolóxicas é tamén unha forma de vida. E podería ser a miña. Aparco coma de costume e ando a correr, indistintamente do momento que describa, sempre corro, ou no seu defecto, levo moitísima présa. Se cadra vén da taberna ese costume, eran moitas as voces que chamaban para preguntar quen era o defunto polo que tocaban aquela tarde as campás da igrexa. “Calquera día tocan por min” levaba a avoa a dicir décadas, ata que perdeu a cabeza e comezou a vivir nunha xuventude efémera pero perenne. Morrer imos morrer todos, a miña nai desde ben pequena comezou a explicarme que estamos aquí de paso e eu axiña entendín que había batallas que era parvada librar. Ser con moita diferenza a

pequena da aldea deume esa lección moi rápido e malia que duro, acostumeime a que os favoritos fosen faltando. Esa era a miña sensación e segue a ser, porque os que queres son os que doen. “Parece que llos vou escollendo a Deus” pensei logo dunha ausencia moi dorida moitísimos anos despois. Se cadra fai ben pouquiño, pero Deus tamén precisa anxos. B. sempre atina co refrán, ou cando menos, inténtao. Teño dúas amigas o suficientemente intelixentes pero demasiado espirituais que sosteñen que o universo nos pon diante as leccións que debemos aprender. Pero o meu alumnado non comunga moito con isto último. E a unha delas, a lección *atrágantóuselle* máis do que a min me gustaría. Así e todo, non estou de todo segura da mensaxe que a Noelia miúda sacou no claro. Quizais agora, pasados os anos, tam pouco o saíba. O caso é que eu paro diante das necrolóxicas e como xa morreron todos os meus vellos e agora onde

vivo non coñezo, detéñome a ler ou a pensar, mesmo a estar co teléfono, ata que nunha destas escoitei berrar por min: “Nena! Aínda non saio eu aí?” Amablemente



pregunteille o nome e en efecto, aínda non saían os seus apelidos. Como ía saír? Aquelo non tiña sentido ningún. “Marcho logo tranquilo.” Como metáfora, semelloume sublime. O vello sabía que polo de agora non sufrira o caos propio das labores logo dunha gran via-

xe. Non aprendera aínda todas as leccións que o universo lle tiña preparadas. Sen hábitos, sen costumes, sen rituais de paso. Para min semella moi doado porque

ción de vida que abrangue tres días e imos xa polo segundo, nin tampouco dos que din que todo queda aquí. Porque a maneira na que tratamos aos demais e como os fixemos sentir, iso permanece para sempre. Porque é certo que un non morre namentres permanece no recordo, non lembro do mesmo xeito a Milicroque que a Perteganzos, Deus os teña na gloria aos dous, dicía L. E se non descansan que se poñan de lado, que eu non os quero ofender, pero ao César o que é do César. E a iso me refiro, que se nos da unha vida de vantaxe, será mellor empregala con sentidiño. Pouco, pero que dure. Pedir perdón e perdoar, co corazón na man, porque a todos vai haber quen nos lea na páxina dos que gañan unha viaxe. Pero non a todos nos van lembrar do mesmo xeito. Fagamos o posible porque sexan maioría as boas palabras, un xesto doce, un aloumiño a un can cativo. Xa chorarei mañá este día que hoxe non souben habitar.

O idioma galego é estranxeiro na nosa terra

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



O noso idioma tivo os seus momentos de gloria cando o castelán antigo aínda estaba en cueiros e só se utilizaba para temas épicos, como o “Cantar de mio Cid”, pero os nosos trobadores para cantar o amor e as cousas bonitas utilizaban o galego, como ben dicía Uxío Novoneyra, e o único Rei Sabio español escribiu en galego. Despois, ao morrer o rei de Galiza, Alfonso VII, e tras a renuncia de Teresa de Portugal aos dereitos das súas fillas, as infantas Sancha e Dulce, en 1230 desapareceu este reino ao pasar a mans do rei de Castela, Fernando III “O Santo”, e foi cando empezou o seu calvario, que chega ao día de hoxe e seguirán intentando facelo desaparecer, pois saben ben que tiña razón Castela ao dicir que si aínda somos galegos é grazas ao idioma, sen embargo a Xunta de Galiza, que

ten o deber de defendelo, negou a súa oficialidade no Parlamento Europeo, como tamén o negou no Parlamento Español, onde non conseguiu o seu obxectivo; prohibe a súa utilización en varias materias escolares e nega a subvención á prensa en galego mentres agasalla con grandes cantidades de diñeiro público ós xornais que non o utilizan nin o Día das Letras Galegas, ignorándoo e depreciándoo. Primeiro Feijóo e logo Rueda converteron en papel mollado o tímido Decreto de Manuel Fraga (247/1995, do 14 de setembro), para a normalización lingüística e a súa aplicación no ensino en lingua galega no réxime xeral ensinanzas. A nós fixéronnos crer que todo o noso é malo e o do colonizador é todo bo, como nos explica o escritor Albert Memmi no seu libro “Retrato do colonizado” e, debido ao auto-odio do colonizado, preferimos sempre o alleo, aínda que o noso sexa moito mellor ou máis bonito. Por sorte, non hai regra sen excepción e tamén hai persoas que despois de ver outras culturas e outros idiomas, que non son mellores nin



peores, senón diferentes, votan en falta o seu e danlle o valor que lle corresponde non renunciando a el. É o caso de Xosé Fernández Vázquez que naceu na posguerra en Lobios, cando había carteis franquistas repudiando o galego. En 1963 emigrou a Barcelona, que o marcou moito, onde deixou grandes amigos aos que visita de vez en cando; alí aprendeu o catalán, espertou a súa condición de galego e converteuse nun gran lector e amante da nosa cultura. Despois, en 1971, pasou a Oviedo, sen esquecer nunca a súa querida Galiza, á que viña sempre que podía; pasou uns días no balneario de Guitiriz e gustou das actividades culturais que organizaba Xermolos, fixo amigos nesta vila e mercou un piso, no que agora pasa varias tempadas para participar

nessas actividades culturais. Namorouse da Terra Cha e hoxe podemos dicir que é un chairego mais. A súa afección á lectura fixo que xuntara, a día de hoxe, cerca de 2.000 libros, a maioría en español e unha cuarta parte no seu querido idioma galego, idioma que esixe en todos os documentos e no que oficializou o seu nome. Son libros de clásicos galegos, de Curros, Rosalía, Pondal, ou Castela, pero tamén de escritores como Manuel María, Novoneyra, Suso de Toro, Manuel Rivas, Alfonso Eiré e do seu ídolo, o vilalbés Agustín Fernández Paz. En español están tamén clásicos, algúns premios Nobel de Literatura e incluso exemplares de literatura infantil e xuvenil. Afirma que a lectura deses libros fixérono mellor persoa e cóstalle desfacerse dese “tesouro”, pero é consciente de que aquí estamos de paso e, sempre solidario, acordou doarllos ao seu concello de nacemento para achegar unha mellor calidade intelectual aos veciños e veciñas da comarca e a todas as persoas amantes da lectura que lle poidan dar unha nova vida a todos eses libros. Hoxe, despois de varias

mudanzas, temos depositados nunhas sesenta caixas na casa familiar, agardando a contestación da alcaldesa de Lobios, Mari Carmen Yáñez, que lle amosou o seu interese polo asunto cando se entrevistou con ela en abril de 2024, pero que non debe ser moito, pois xa pasou ano e medio e aínda non lle contestou. Un xornal de gran tirada na provincia interesouse por esa doazón e mandou unha periodista facerlle unha entrevista ao doador, pero ao dicirlle Xosé que tiña que publicala en galego ou non publicala, a periodista comentoulle que era norma da editorial facelo en español, pero que ela ía intentalo. Aínda que lle debeu costar, o seu intento deu froito e tres meses mais tarde saíu no noso idioma un bonito artigo, ocupando unha páxina enteira. Estes medios de comunicación, a pesar do inmerecido diñeiro público que reciben da Xunta de Galicia, son contrarios a informar no idioma do noso pobo, que é o da inmensa maioría dos seus lectores, porque para Xunta de Galicia e estes grandes medios o idioma galego é estranxeiro na nosa terra.

Cando o alumno é máis educado co profesor?

O PUPITRE



Julio Díaz

Normalmente non acostumo a responder aos continuos ataques a nosa profesión, pois xa levo tempo pensando que o noso país está totalmente instaurado na idea de que todo o mundo é experto en fútbol e nos temas que atañen a educación, aínda así e en resposta á carta publicada na sección Cartas o Director no xornal “La Voz de Galicia” do domingo 12 de outubro co título “Cuando el alumno es más educado que el profesor”, na que se dá unha imaxe inadecuada do noso colectivo e máis aínda do noso compromiso e do noso traballo, a min como docente gustárame trasladar á persoa que a escribiu e á sociedade en xeral as seguintes puntualizacións: Desde o respecto a todas as opinións sobre educación, un dos piares fundamentais da nosa sociedade, quero manifestar o meu total desacordo coas afirmacións recollidas no artigo citado. O profesorado galego

demuestra cada día unha implicación e profesionalidade inquestionables, mesmo ante as dificultades derivadas das inxerencias políticas, os cambios legais e os recortes orzamentarios.

gar de forma inxusta o labor dos docentes contribúe a perpetuar prexuízos e discursos carentes de obxectividade. A esixencia dunha perfección absoluta no desempeño profesional está afastada da realidade.

cos da nosa sociedade, a pesar da polarización e das dificultades do contexto actual. Teño que denunciar tamén o abandono político e administrativo que sofre o noso colectivo, non só pola falta de atención

Quero tamén resaltar a importancia do labor que tan dignamente desempeñamos. O profesorado é a base fundamental dun sistema que permite ás persoas acceder a unha formación de calidade. Sen embargo, moitas veces percibimos- como reflicten unha e outra vez as enquisas que se fan ao respecto- que non contamos con apoio suficiente, que se xeneralizan os prexuízos contra a profesión, o que fai é desautorizarnos no noso traballo diario. Nos países cos sistemas educativos máis exitosos do mundo, o ensino é unha das profesións con maior prestixio e existen políticas activas de apoio e incentivos ao profesorado que fan que a nosa profesión teña o recoñecemento que realmente se merece. Como docentes, debemos manternos firmes na defensa do noso colectivo, baseándonos na realidade, nos feitos e na traxectoria profesional de cada un de nos. Do mesmo xeito, rexeitaremos calquera forma de maltrato, especialmente os comentarios falsos, os xuízos parciais e a falta de reflexión e respecto cara a todas as persoas que traballamos pola educación. Ninguén nos debe desviar deste compromiso.



Os nosos centros educativos, en todos os seus niveis, son e seguirán sendo espazos nos que valores como o respecto, a igualdade, a tolerancia e a solidariedade están presentes tanto nos principios como nas accións diarias. Etiquetar e xul-

de. Non obstante, a dedicación e o compromiso do profesorado galego están fóra de toda dúbida. A inmensa maioría dos docentes cumpren con rigor os proxectos educativos dos seus centros, contribuíndo cada día á consolidación dos valores bási-

ante casos de violencia verbal e física, senón tamén polos recorres que sobrecargan o noso traballo diario e agravan carencias que serían moito máis acusadas de non ser polo esforzo constante de todos os profesionais do ensino.

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ	
Concello:	982 55 80 01
Garda Civil:	982 57 40 30
Centro de Saúde:	982 55 86 97
BARREIROS	
Concello:	982 12 40 02
Garda Civil:	982 12 41 94
Centro de Saúde (cita previa):	982 12 41 05
BURELA	
Concello:	982 58 60 00
Policia Local:	982 58 62 11
Garda Civil:	982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 58 51 29
Hospital da Costa (centraliña):	982 58 99 00
Capitanía Marítima:	982 57 51 53
CERVO	
Concello:	982 55 77 77
Policia Local:	615 52 10 52
Garda Civil:	982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 55 75 25

FOZ	
Concello:	982 14 00 27
Policia Local:	982 13 36 40
Garda Civil:	982 14 04 44
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 23 85
Agencia Tributaria:	982 13 35 12
LOURENZÁ	
Concello:	982 12 10 06
Garda Civil:	982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 12 20 29
MONDOÑEDO	
Concello:	982 52 40 03
Policia Local:	982 50 70 40
Garda Civil :	982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 50 74 52

OUROL	
Concello:	982 55 91 09
Garda Civil:	982 56 10 39
Centro de Saúde (cita previa):	982 55 90 62
PONTENOVA, A	
Concello:	982 34 22 77
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 24 00
RIBADEO	
Concello:	982 12 86 50
Policia Local:	982 12 86 50
Garda Civil:	982 12 80 48
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 01 43
RIORTORTO	
Concello:	982 34 62 22
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 66 63

TRABADA	
Concello:	982 13 50 11
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 53 00
VALADOURO, O	
Concello:	982 57 40 00
Garda Civil:	982 57 40 30
Centro de Saúde (cita previa):	982 57 43 12
VICEDO, O	
Concello:	982 59 00 02
Garda Civil:	982 59 01 81
Centro de Saúde (cita previa):	982 59 03 51
VIVEIRO	
Concello:	982 56 01 28
Policia Local:	982 56 29 22
Policia Nacional	982 56 17 11
Policia Nacional cita DNI	060/ 982 57 06 62
Centro de Saúde (cita previa):	982 56 12 01
XOVE	
Concello:	982 59 20 01
Centro de Saúde (cita previa):	982 59 24 24

TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias:	112	Incendios Forestais:	085
Urxencias Sanitarias:	061	Garda Civil:	062

www.amariñaxa.com

DE RUTA EN RUTA

Paseo por Cospeito: entre lendas, lagoas e aves

Un sendeiro lineal que permite descubrir a Lagoa de Cospeito, a de Carballosa e observar centos de aves

Conta a tradición que baixo as augas da Lagoa de Cospeito repousa un antigo pobo chamado Valcárcel, que foi engulido por un mandato divino. Algúns sosteñen que aínda se escoita o son das campás da súa igrexa, mentres que outros aseguran ver os tellados das casas cando o nivel da auga baixa.

Sexa certo ou lenda, as auténticas protagonistas deste sendeiro son as lagoas que se distribúen neste territorio chan, declarado Reserva da Biosfera Terras do Miño. A primeira parada é a Lagoa de Cospeito, na que o itinerario penetra para descubrir a fascinante vida que alberga. A continuación, ao alcanzar a metade do percorrido, atópase a Lagoa de Carballosa.

Trátase dun sendeiro lineal que, ao comezo, rodea a lagoa a través dun camiño habilitado para a observación de aves. Dende as torres de observación, camiñando con suavidade, é posible escoitar e contemplar centos de aves acuáticas que utilizan estas

augas como refuxio seguro.

A senda continúa penetrando no bosque, seguindo as antigas vereas que circundan a Feira do Monte. Tras cruzar a estrada, o itinerario adéntrase na verdadeira Terra Chá, un espazo de horizontes amplos, longas rectas e chan plano que transmite a sensación de estar nunha Galicia diferente. Alternando paisaxes agrícolas con áreas forestais, o camiño pasa pola Lagoa de Carballosa e avanza sen dificultade ata o final, grazas a un terreo sen

desníveis importantes. O percorrido remata na igrexa de San Martiño de Lamas, onde se pode contemplar un cruceiro adornado con motivos da Paixón labrados no fuste.

LAGOA DE COSPEITO. A Lagoa de Cospeito abrangue máis de cinco hectáreas e é considerada unha das zonas húmidas máis destacados de Galicia. As súas augas proceden do río Guisande, afluente do Miño, e forma parte da Rede Natura 2000, así como

do LIC Parga-Ladra-Támoga, o que evidencia o seu elevado valor ecolóxico.

Trátase dun espazo de especial protección onde se refuxian numerosas especies de aves, entre elas anátidas, ardidas, coraciformes, limícolas e rapaces. Por iso, os paneis informativos insisten en manter o silencio para non perturbar a fauna. Para facilitar a observación das aves, o entorno conta con cinco observatorios ornitolóxicos, aínda que algunha das instalacións non

está adaptada para persoas con mobilidade reducida.

En resumo, este sendeiro ofrece un paseo sinxelo e moi atractivo, apto para bicicletas e para realizar en familia con nenos. Ao longo do percorrido, pódese desfrutar dunha grande diversidade de especies autóctonas, como carballos, amieiros, salgueiros, bidueiros e freixos. Sen dúbida, é unha escapada perfecta para os amantes da natureza e para quen quere mergullarse na paisaxe única da Terra Chá.

DATOS



4 horas



14,5 quilómetros



Dificultade media



**GRUPO
FORMA-T**

formación integral de empresas

**PREPARATE HOY ! TRABAJA SEGURO,
PRÓTEGETE, CERTIFICATE**

ACADEMIA grupo FORMA-T
Rúa do Acivro 59 Vilalba - Lugo
982513605 info@grupoforma-t.es

CENTRO DE ENTRENAMIENTO DE MOTOSERRISTAS CENTRO DE CAPACITACIÓN A MOTOSERRISTAS

CURSOS DE USO SEGURO DE MOTOSIERRA

Aprenda de forma PRÁCTICA Y PROFESIONAL el manejo correcto de la motosierra con instructores especializados

ence
ENERGÍA & CELULOSA

